



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Igualdade

galicia

Informe anual de seguimiento da
Lei 11/2007, do 27 de xullo,
galega para a prevención e o
tratamento integral da violencia de
Xénero

2014



Informe anual de violencia de género 2014

Informe elaborado por:

Secretaría Xeral da Igualdade.

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Xunta de Galicia.

Marzo de 2015

ÍNDICE

01	PRÓLOGO:	6
02	ANÁLISE E MAGNITUDE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2014.	9
02.1	Introdución	9
02.2	Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas.	19
02.3	Mulleres mortas por violencia de xénero. Galicia 2014	22
02.4	Violencia de xénero: Casos 2014	25
02.5	Acreditación da situación de violencia de xénero	28
02.6	Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2014. Comparativa cos datos globais do territorio español	28
02.7	Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2014. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español	30
03	MEDIDAS E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2014, NO MARCO DA LEI 11/2007, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.	32
03.1	Introdución	32
03.2	Título 1: Prevención da violencia de xénero	33
	Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero.	33
	Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.	64
	Capítulo III: Medidas no ámbito educativo	87
03.3	Título II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero	93
	Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico	93
	Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial	103
	Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección	109

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego	117
Capítulo V: Medidas de carácter económico	122
03.4 Título III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.	141
04 DISPOSICIÓN ADICIONAIS	207

01 PRÓLOGO:

O presente informe dá cumprimento ao disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que obriga ao Goberno da Xunta de Galicia a remitirlle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, contando coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento desta problemática que constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Esta Lei constitúe un fito histórico no ordenamento xurídico xa que é a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, que conta co precedente da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, onde se dedicaron a este problema os artigos 19 e 20, que conteñen previsións xerais sobre as medidas precisas para a erradicación da violencia contra as mulleres, así coma algunhas actuacións xudiciais.

É importante resaltar que esta Lei se aprobou co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia do fenómeno da violencia de xénero na nosa sociedade.

Así mesmo, esta lei segue o camiño iniciado no marco do Estado español, grazas a sucesivos adiantos lexislativos en materia de loita contra a violencia de xénero; así, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal; ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, reconece un feito diferencial de xénero; recolle no artigo 19, co título «Dereito á asistencia

social integral», que «as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións multidisciplinaria e profesional».

Outras Comunidades Autónomas que tamén aprobaron leis especificamente dirixidas a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero son:

- A Rioxa: Lei 3/2001, do 1 de marzo, de prevención e coordinacións institucional en materia de violencia.
- Castela- A Mancha: Lei 5/2001, de 17 de maio, de prevención de malos tratos e de protección ás mulleres maltratadas.
- Canarias: Lei 16/2003, de 8 de abril, de prevención e protección integral das mulleres contra a violencia de xénero.
- Comunidade Foral de Navarra: Lei Foral 12/2003, de 7 de marzo, de modificación da Lei Foral 22/2002, de 2 de xullo, para a adopción de medidas integrais contra a violencia sexista.
- Cantabria: Lei de Cantabria 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia Contra as Mulleres e a Protección ás súas Víctimas.
- Castela e León: Lei 1/2003, do 3 de marzo, de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes de Castela e León.
- Madrid: Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid.
- Aragón: Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Víctimas de Violencia en Aragón.

- Murcia: Lei 7/2007, de 4 de abril, para a igualdade entre mulleres e homes, e de protección contra a violencia de xénero na Rexión de Murcia.
- Andalucía: Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero.
- Cataluña: Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista.
- Extremadura: Lei 8/2011, do 23 de marzo, de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero en Extremadura
- Asturias: Lei do Principado de Asturias 2/2011, do 11 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e a erradicación da violencia de xénero.
- Comunidade Valenciana: Lei 7/2012, do 23 de novembro, da Generalitat, integral contra a violencia sobre a muller no ámbito da Comunitat Valenciana.


É este sétimo ano consecutivo en que se fai balance das políticas públicas implementadas polo Goberno Galego en materia de violencia de xénero, proporcionado información detallada sobre as actuacións e medidas desenvolvidas dende a Xunta de Galicia en materia de violencia de xénero.

Este informe está organizado seguindo a estrutura da propia lei galega para facilitar o seu obxectivo principal, que é verificar o seguimento de todos os compromisos e medidas nela establecidos, e incorporando unha breve introdución con datos estatísticos relativos á poboación feminina galega relativos ao ano obxecto de referencia.

02 ANÁLISE E MAGNITUDE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2014.

02.1 Introdución

A poboación en Galicia, a 1 de xaneiro do 2014, ascende a **2.748.695** persoas, das cales 1.325.657 son homes (48,23%) e 1.423.038 (51,77%) son mulleres, que constitúen no seu conxunto o 5,88% da poboación estatal, 46.771.341 persoas.




Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

▪ Cifras oficiais da poboación segundo provincia e sexo. Ano 2014

Provincia	Homes		Mulleres		Total	
A Coruña	544.075	41,04%	588.660	41,37%	1.132.735	41,21%
Lugo	166.325	12,55%	176.423	12,40%	342.748	12,47%
Ourense	155.090	11,70%	167.203	11,75%	322.293	11,73%
Pontevedra	460.167	34,71%	490.752	34,49%	950.919	34,60%
Total	1.325.657	48,23%	1.423.038	51,77%	2.748.695	100,00%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes


Informe anual 2014 de violencia de xénero



▪ Evolución da poboación. Galicia 1998-2014:

Ano	Total	Homes	Mulleres
1998	2.724.544	1.310.415	1.414.129
1999	2.730.337	1.312.881	1.417.456
2000	2.731.900	1.312.391	1.419.509
2001	2.732.926	1.314.078	1.418.848
2002	2.737.370	1.316.721	1.420.649
2003	2.751.094	1.324.385	1.426.709
2004	2.750.985	1.324.987	1.425.998
2005	2.762.198	1.330.703	1.431.495
2006	2.767.524	1.333.797	1.433.727
2007	2.772.533	1.337.159	1.435.374
2008	2.784.169	1.344.268	1.439.901
2009	2.796.089	1.349.603	1.446.486
2010	2.797.653	1.350.547	1.447.106
2011	2.795.422	1.349.591	1.445.831
2012	2.781.495	1.343.328	1.438.170
2013	2.765.940	1.335.122	1.430.818
2014	2.748.695	1.325.657	1.423.038

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




▪ Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2014.


Idade	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
0-4	106.842	55.178	51.664	3,63%
5-9	113.601	58.360	55.241	3,88%
10-14	106.728	54.889	51.839	3,64%
15-19	104.449	53.665	50.784	3,57%
20-24	124.527	63.596	60.931	4,28%
25-29	147.488	74.296	73.192	5,14%
30-34	193.864	97.827	96.037	6,75%
35-39	228.450	114.809	113.641	7,99%
40-44	216.920	108.252	108.668	7,64%
45-49	208.769	103.407	105.362	7,40%
50-54	198.164	97.721	100.443	7,06%
55-59	182.604	89.198	93.406	6,56%
60-64	168.244	81.457	86.787	6,10%
65-69	166.170	78.687	87.483	6,15%
70-74	133.526	60.836	72.690	5,11%
75-79	130.984	55.808	75.176	5,28%
80-84	113.480	44.469	69.011	4,85%
85 e máis	103.885	33.202	70.683	4,97%
Total	2.748.695	1.325.657	1.423.038	51,77%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

Comparativa da poboación segregada por sexos e grupos quinquenais de idade



% de mulleres por grupos quinquenais de idade



▪ **Evolución da taxa de nacementos segundo sexo. Galicia 1996 - 2014**

Ano	Total	Homes	Mulleres
1996	18.597	9.529	9.068
1997	18.683	9.647	9.036
1998	18.538	9.621	8.917
1999	18.784	9.691	9.093
2000	19.418	10.052	9.366
2001	19.361	9.955	9.406
2002	19.327	9.987	9.340
2003	20.423	10.539	9.884
2004	20.621	10.652	9.969
2005	21.097	10.867	10.230
2006	21.392	11.075	10.317
2007	21.752	11.216	10.536
2008	23.175	11.981	11.194
2009	22.537	11.572	10.965
2010	22.047	11.500	10.547
2011	21.594	11.256	10.338
2012	21.089	10.990	10.099
2013	19.727	10.084	9.643
2014 (1º semestre)	9.535	4.929	4.606


Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

En Galicia, ao igual que no resto do mundo, nacen máis homes que mulleres; sen embargo, ao ter as mulleres unha esperanza de vida superior á dos homes, ao final da vida, a proporción queda equilibrada ou incluso sobreviven máis mulleres.


▪ **Poboación segundo nacionalidade e sexo. Galicia 2014**

	Nacionalidade española	Nacionalidade estranxeira	TOTAL
Homes	1.276.416	49.241	1.325.657
Mulleres	1.374.034	49.004	1.423.038
Total	2.650.450	98.245	2.748.695

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




Proporción de mulleres españolas e estranxeiras




▪ Poboación estranxeira distribuída por provincias. Galicia 2014

Provincia	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
A Coruña	35.259	17.003	18.256	18,58%
Lugo	13.604	7.004	6.600	6,72%
Ourense	14.586	7.423	7.163	7,29%
Pontevedra	34.796	17.811	16.985	17,29%
Total	98.245	49.241	49.004	49,88%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes



% de mulleres estranxeiras distribuídas por provincia




▪ Poboación estranxeira segundo sexo e lugar de nacemento. Galicia 2014


▪

	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Europa	42.113	23.591	18.522	37,80%
África	12.994	8.410	4.584	9,35%
América	38.273	14.410	23.863	48,70%
Asia	4.728	2.754	1.974	4,03%
Oceanía e apátridas	137	76	61	0,12%
Total	98.245	49.241	49.004	100%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




% de mulleres estranxeiras segundo nacionalidade




▪ Poboación estranxeira segundo idade. Galicia 2014

Idade	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
0-4	3.288	1.670	1.618	3,30%
5-9	3.563	1.831	1.732	3,53%
10-14	4.557	2.318	2.239	4,57%
15-19	5.340	2.723	2.617	5,34%
20-24	7.434	3.547	3.887	7,93%
25-29	11.211	5.026	6.185	12,62%
30-34	14.008	6.809	7.199	14,69%
35-39	13.053	6.779	6.274	12,80%
40-44	10.338	5.498	4.840	9,88%
45-49	7.913	4.272	3.641	7,43%
50-54	5.818	3.121	2.697	5,50%
55-59	4.134	2.040	2.094	4,27%
60-64	2.758	1.307	1.451	2,96%
65-69	1.822	883	939	1,92%
70-74	1.238	612	623	1,27%
75 e máis	1.773	805	968	1,98%
Total	98.245	49.241	49.004	44,56%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes



% de mulleres estranxeiras por grupos de idade




02.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas.

Dende a súa posta en marcha en setembro do 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero as 24 horas do día os 365 días do ano, ten carácter gratuíto e se caracteriza pola universalidade na prestación do servizo especializado, que se efectúa en castelán, galego, catalán e euskera; así mesmo atende en inglés e francés.

A prestación do servizo de información compete a un equipo de persoas especializadas en violencia de xénero, producíndose unha derivación automática das chamadas de emerxencia e urxencia aos centros 112 autonómicos.


A cifra total de chamadas referentes á violencia de xénero atendidas polo 016 dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2014 no conxunto de España, foi de **68.643**, das cales **2.901** foron efectuadas desde Galicia.



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero
Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portalEstadistico/home.htm>

As 2.901 chamadas efectuadas desde Galicia distribúense do seguinte xeito por provincias:

Provincia	Nº	%
A Coruña	903	31%
Lugo	412	14%
Ourense	281	10%
Pontevedra	1.305	45%
Total	2.901	100%



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero
 Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portaEstadistico/home.htm>


Das 68.643 chamadas recibidas a cifra mais elevada de chamadas correspóndese coa Comunidade de Madrid (15.776), seguida de Andalucía (13.294), da Comunidade Valenciana (8.229), e Cataluña (7.758). **Galicia, cun rexistro de 2.901 chamadas** posiciónase nun sétimo lugar.

Comunidade autónoma	Número de chamadas	%
Comunidade de Madrid	15.776	22,98%
Andalucía	13.294	19,37%
Comunidade Valenciana	8.229	11,99%
Cataluña	7.758	11,30%
Canarias	3.919	5,71%
Castela e León	3.057	4,45%
Galicia	2.901	4,23%
Castela-A Mancha	2.456	3,58%
País Vasco	1.896	2,76%

Informe anual 2014 de violencia de género

Rexión de Murcia	1.792	2,61%
Extremadura	1.423	2,07%
Illas Baleares	1.388	2,02%
Aragón	1.281	1,87%
Principado de Asturias	1.259	1,83%
Cantabria	832	1,21%
Comunidade Foral de Navarra	774	1,13%
A Rioxa	395	0,58%
Melilla	109	0,16%
Ceuta	101	0,15%
Non consta	3	0,00%
TOTAL	68.643	100%

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero
 Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portalEstadistico/home.htm>



02.3 Mulleres mortas por violencia de xénero. Galicia 2014

Galicia rexistrou ao remate do 2014 **seis mortes por violencia de xénero**, tres máis que no exercicio 2013, o 11,3% dos 53 casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2014.

Mulleres mortas por Violencia de Xénero nas provincias galegas	
TOTAL	6
A Coruña	2
Lugo	2
Ourense	0
Pontevedra	2

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

- Mulleres mortas por violencia de xénero en mans da súa parella ou exparella por CCAA.

CC.AA.	Nº casos	%
Cataluña	12	22,6%
Andalucía	10	18,9%
Madrid	7	13,2%
Com. Valenciana	6	11,3%
Galicia	6	11,3%
Castela e León	3	5,7%
Illas Baleares	3	5,7%
País Vasco	3	5,7%
Melilla	2	3,8%
Canarias	1	1,9%
A Rioxa	0	0,0%
Aragón	0	0,0%
Asturias	0	0,0%
Cantabria	0	0,0%
Castela-A Mancha	0	0,0%
Ceuta	0	0,0%
Extremadura	0	0,0%
Murcia	0	0,0%
Navarra	0	0,0%
TOTAL	53	100,00%

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero


Das dezasete CC.AA. e dúas cidades autónomas, Galicia -con 6 casos rexistrados de mulleres mortas por violencia de xénero (11.3% do total) comparte coa Comunidade Valenciana o 4º lugar. Esta cifra é superada por Madrid con 7 casos, Andalucía con 10 casos e Cataluña que cos 12 casos rexistrados de mulleres mortas por violencia de xénero, sitúase como a comunidade autónoma co maior número de mulleres mortas por violencia de xénero.

- Evolución do número de Mulleres mortas por violencia de xénero en mans da súa parella ou ex parella por CC.AA. (período:1999-2014)

CC.AA.	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Andalucía	13	10	12	10	13	19	9	20	8	9	14	18	16	8	11	10
Aragón	0	0	1	3	2	2	4	1	2	1	0	2	2	1	2	0
Asturias	1	0	2	0	2	0	1	3	2	1	0	5	2	1	1	0
Baleares	3	1	2	4	4	2	4	3	1	1	1	2	1	2	2	3
Canarias	2	5	5	7	6	2	6	4	6	5	5	7	3	2	2	1
Cantabria	1	0	0	0	1	2	0	0	2	0	0	0	0	0	2	0
Castilla la Mancha	5	3	2	0	2	4	2	4	5	3	1	3	1	4	4	0
Castilla y León	3	3	1	4	4	2	4	3	3	6	1	4	2	2	3	3
Cataluña	9	8	7	7	12	11	8	10	11	10	10	11	9	13	4	12
C. Valenciana	6	7	9	9	7	9	6	8	10	10	9	8	8	6	9	6
Extremadura	1	1	0	1	1	2	0	1	0	0	1	1	0	1	1	0
Galicia	2	4	0	3	5	2	1	0	6	7	3	2	3	4	3	6
Madrid	4	17	6	4	5	5	4	5	9	11	5	7	9	6	9	7
Murcia	1	1	2	0	3	4	2	3	2	4	2	1	2	0	0	0
Navarra	1	1	0	1	1	1	2	0	1	3	0	0	1	0	0	0
País vasco	1	2	1	1	0	4	3	3	2	3	2	2	2	2	1	3
La Rioja	1	0	0	0	2	1	0	0	0	2	1	0	0	0	0	0
Ceuta	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0
Melilla	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0	0	0	0	0	0	2
TOTAL	54	63	50	54	71	72	57	68	71	76	56	73	61	52	54	53

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

Evolución totais



02.4 Violencia de xénero: Casos 2014

Total Vítimas: 53			
	Características	Nº de casos	% do total
Denuncia	Denunciaran	17	32,1%
	Retiraron denuncia	3	5,7%
Medidas de protección	Solicitaron medidas de protección	10	18,9%
	Obtiveron medidas de protección	9	17,0%
	Renunciaron a medidas de protección	0	0,0%
	Medidas de protección cesadas	3	5,7%
	Outras causas de non vixencia MP	2	3,8%
	Tiñan medidas de protección en vigor	4	7,5%
Nacionalidade	Española	38	71,7%
	Estranxeira	15	28,3%
Idade	<16 anos	0	0,0%
	16-17 anos	0	0,0%
	18-20 anos	1	1,9%
	21-30 anos	4	7,5%
	31-40 anos	16	30,2%
	41-50 anos	17	32,1%
	51-64 anos	9	17,0%
	65-74 anos	1	1,9%
	75-84 anos	4	7,5%
	>85 anos	1	1,9%
Convivencia	Si	35	66,0%
	No	18	34,0%
Relación	Exparella ou en fase de ruptura	18	34,0%
	Parella	35	66,0%
Nacionalidade do agresor	Española	37	69,8%
	Estranxeira	16	30,2%

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Delegación del Goiberno para la Violencia de Xénero

Características dos casos de mortes por Violencia de Xénero en Galicia no ano 2014	
Caso 1	Data: 13/01/2014 Localidade: Cervo (Lugo) Idade da vítima: 45 Idade do agresor: 52 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: cónxuxes Método do crime: golpes cun obxecto contundente Denuncia previa por violencia: Non Orde de protección vixente: Non Fill@s menores de idade: Non Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Si
Caso 2	Data: 24/02/2014 Localidade: O Pino Idade da vítima: 37 Idade do agresor: 43 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: cónxuxes Método do crime: coiteladas con arma branca Denuncia previa por violencia: Si, retirada Orde de protección vixente: Non Fill@s menores de idade: Si Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Si
Caso 3	Data: 24/04/2014 (Localidade: Foz (Lugo) Idade da vítima: 71 Idade do agresor: 68 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: cónxuxes Método do crime: disparo con arma de fogo Denuncia previa por violencia: Non Orde de protección vixente: Non Fill@s menores de idade: Non Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Non procede, suicidio do agresor

Caso 4	Data: 30/04/2014 Localidade: A Coruña Idade da vítima: 43 Idade do agresor: 46 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: parella Método do crime: Arroxada dun vehículo en marcha. Denuncia previa por violencia: Si Orde de protección vixente: Non Fill@s menores de idade: Non Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Si
Caso 5	Data: 29/07/2014 Localidade: Pazos de Borbén (Pontevedra) Idade da vítima: 81 Idade do agresor: 79 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: cónxuxes Método do crime: golpes con obxecto contundente. Denuncia previa por violencia: Non Orde de protección vixente: Non Fill@s menores de idade: Non Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Non procede, suicidio do agresor
Caso 6	Data: 25/08/2014 Localidade: Barro (Pontevedra) Idade da vítima: 38 Idade do agresor: 48 Nacionalidade da vítima: española Nacionalidade do agresor: española Tipo de relación: cónxuxes Método do crime: disparos arma de fogo Denuncia previa por violencia: Non Orde de protección vixente: Non Fill@s menores de idade: Si Personación da Xunta de Galicia no caso (acción popular): Non procede, suicidio do agresor

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

02.5 Acreditación da situación de violencia de xénero

Para os efectos da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
- c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración Pública Autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

02.6 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2014. Comparativa cos datos globais do territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, dende o día 1 de xaneiro do 2014 ata o 30 de setembro, rexistráronse, no territorio español, un total de 25.100 solicitudes de ordes de protección, das cales foron adxudicadas 14.207 (o 57% dos casos). Das 25.100 solicitudes, atribúenselle a Comunidade Autónoma de Galicia 976 solicitudes, das que se resolveron favorablemente 628 ordes (o 64% do total).

Total ordes de protección solicitadas e adoptadas						
Período	Territorio	Incoadas	Resoltas adoptadas	% adoptadas	Resoltas denegadas	% denegadas
1º trimestre	Galicia	328	245	75%	83	25%
	Total España	7.865	4.614	59%	3.251	41%
2º trimestre	Galicia	313	198	63%	115	37%
	Total España	8.428	4.675	55%	3.753	45%
3º trimestre	Galicia	335	185	55%	150	45%
	Total España	8.807	4.918	56%	2.889	33%

1 xaneiro / 30 setembro	Galicia	976	628	64%	348	36%
1 xaneiro / 30 setembro	España	25.100	14.207	57%	9.893	39%

Fonte: Informes elaborados polo Consejo General del Poder Judicial

Enlace: http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica_Judicial/Informes_estadisticos/Informes_periodicos

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, dende o día 1 de xaneiro do 2014 ata o 30 de setembro foi na provincia de Pontevedra na que máis ordes de protección se incoaron (399) e se adoptaron (237), non obstante a porcentaxe de adoptadas en relación coas incoadas é menor que nas provincias da Coruña e Ourense. A maior porcentaxe de ordes de protección adoptadas foi na provincia da Coruña (76%), seguida de Ourense (65%), Pontevedra (59%) e Lugo (53%).

Total ordes de protección solicitadas e adoptadas en Galicia por provincias (Do 1/1/2014 ao 30/9/2014)					
Provincia	Incoadas	Resoltas adoptadas	% adoptadas	Resoltas denegadas	% denegadas
A Coruña	301	229	76%	72	24%
Lugo	145	77	53%	68	47%
Ourense	131	85	65%	46	35%
Pontevedra	399	237	59%	162	41%
Total	976	628	64%	348	36%

Fonte: Informes elaborados polo Consejo General del Poder Judicial

Enlace: http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica_Judicial/Informes_estadisticos/Informes_periodicos

02.7 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2014. Comparativa co total de denuncias e renuncias presentadas no territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, dende o día 1 de xaneiro do 2014 ata o 30 de setembro de 2014, rexistráronse, no conxunto do territorio español, un total de 95.311 denuncias por violencia de xénero, ao mesmo tempo que se contabilizaban 11.965 renuncias ao proceso (un 13% do total). Das 95.311 denuncias, compútanselle á Comunidade Autónoma de Galicia 3.893 (4%) das cales 328 renunciaron ao proceso (un 8% do total).

Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre A Muller					
Período	Territorio	Denuncias recibidas	Renuncias o proceso	Ratio renuncias/denuncias	Ratio ordes/denuncias
1º trimestre	Galicia	1.205	106	9%	27%
	Total España	30.411	3.801	13%	26%
2º trimestre	Galicia	1.364	109	8%	23%
	Total España	31.699	4.188	13%	27%
3º trimestre	Galicia	1.324	113	9%	25%
	Total España	33.201	3.976	12%	27%

1-01 / 30-09	Galicia	3.893	328	8%	25%
1-01 / 30-09	Total España	95.311	11.965	13%	26%

Fonte: Informes elaborados polo Consejo General del Poder Judicial

Enlace: http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica_Judicial/Informes_estadisticos/Informes_periodicos

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, dende o día 1 de xaneiro do 2014 ata o 30 de setembro foi na provincia de Pontevedra na que máis denuncias se recibiron nos xulgados de violencia sobre a muller (1.680), seguida da Coruña (1.421). Tamén é na provincia de Pontevedra na que a proporción de renuncias ao proceso é menor (6%) seguida de Lugo (7%). Non obstante é na provincia de Ourense na que a ratio entre ordes de protección incoadas e denuncias recibidas é maior (35%).

Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller de Galicia por provincias (Do 1/1/2014 ao 30/9/2014)				
Provincia	Denuncias recibidas	Renuncias ao proceso	Ratio renuncias/denuncias	Ratio ordes/denuncias
A Coruña	1.421	141	10%	21%
Lugo	418	28	7%	35%
Ourense	374	50	13%	35%
Pontevedra	1.680	109	6%	24%
Total	3.893	328	8%	25%

Fonte: Informes elaborados polo Consejo General del Poder Judicial

Enlace: http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica_Judicial/Informes_estadisticos/Informes_periodicos

03 MEDIDAS E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2014, NO MARCO DA LEI 11/2007, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

03.1 Introdución

A Lei parte de 7 principios xerais que orientan todo o seu contido:

- 1- A violencia é considerada como unha forma extrema de desigualdade entre homes e mulleres. Segundo este principio, constitúe unha das formas máis graves de discriminación cara as mulleres, e por conseguinte, atenta radicalmente contra o principio de igualdade, principio constitucional do noso Estado Democrático e de Dereito.

Este postulado leva implícito que as políticas para loitar contra a violencia dirixida ás mulleres, están intimamente vinculadas ao logro da igualdade entre as persoas e que, en definitiva, o obxectivo último de toda intervención en violencia de xénero deba ir dirixido a modificar a estrutura básica e universal de desigualdades e asimetría nas relacións entre homes e mulleres.

- 2- O carácter integral tradúcese en varios aspectos. Por un lado, a erradicación da violencia é unha cuestión pública e compete aos poderes públicos a súa abordaxe, tanto na prevención como no tratamento. Por outro lado, obriga a todas as instancias a intervir na totalidade dos danos ocasionados ás vítimas e en todas as fases do proceso (detección, denuncia, asistencia, recuperación, reinserción, etc.).
- 3- O seu tratamento é complexo, transversal e multidisciplinar e esixe incorporar un enfoque global.
- 4- Os instrumentos de intervención deben partir dunha análise diferenciada e sistemática das necesidades específicas de ambos sexos e do diferente impacto que as políticas públicas teñen sobre mulleres e homes, na formación especializada en xénero dos operadores públicos e no desenvolvemento de accións combinadas dirixidas ás mulleres e accións xerais para toda a sociedade.

- 5- Incorpora a lei o concepto de vitimación secundaria: unha persoa que resulta vitimizada pola vivencia de situacións de maltrato pode volver a ser vitimizada ao recorrer ás institucións ou a profesionais de axuda se estes non fan un axeitado manexo da intervención. Evitar a segunda vitimación ou retraumatizacións debe ser obxectivo inmediato e para iso a lei contempla medidas que garanten a especialización e a formación en xénero de todos os colectivos profesionais que interveñen no proceso e a integridade psicolóxica, autonomía social e económica das mulleres, a través da disposición dos recursos axeitados.
- 6- Así mesmo, promulga os principios de cooperación e coordinación: estes principios deben inspirar as actuacións de todos os poderes públicos para optimizar os recursos, os mecanismos e a eficiencia das políticas, así como a participación dos colectivos e asociacións de mulleres; en definitiva, a organización da sociedade civil fronte ao maltrato.
- 7- Tamén está presente o principio de equidade territorial: Con este principio a lei pretende asumir a realidade da dificultade de acceso aos recursos e á información de moitos colectivos de mulleres, especialmente ás que viven no medio rural. Así, o desenvolvemento da rede de recursos e mecanismos de protección deberá ter en conta sistemas de compensación destes desequilibrios territoriais.

03.2 Título 1: Prevención da violencia de xénero

Neste apartado faise referencia ás disposicións adoptadas e enfocadas a abordar diferentes medidas de prevención da violencia de xénero, como son as dirixidas a unha axeitada sensibilización social, resaltando o papel que deben cumprir os medios de comunicación, as medidas de investigación e formación e por último as medidas no ámbito educativo.

Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero.

Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas.

Artigo 7. Fomento do movemento asociativo.

Artigo 8. Actividades culturais e artísticas.

Artigo 9. Tratamento da información.

Artigo 10. Convenios de autorregulación.

Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

Ao longo do ano 2014 e coa finalidade de favorecer que todos os colectivos, ámbitos públicos e privados, así como toda a sociedade en xeral, acaden unha sensibilidade cara este grave problema social e sobre o que urxe dar unha resposta eficaz, leváronse a cabo dende diversos departamentos da Xunta de Galicia importantes actuacións neste sentido:

Artigo 6:Deseño, elaboración e difusión de campañas

- ❑ Campaña do 18 de outubro de 2014. Día europeo contra a trata de persoas.



A trata de seres humanos xa foi recoñecida como delito na Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional en decembro do ano 2000 (Protocolo de Palermo), é dende o ano 2011 aparece recollida como delito autónomo no artigo 177 bis do Código Penal. Neste artigo se define a trata como : a captación, o transporte, o traslado, a acollida, a recepción ou o aloxamento de persoas, cando se empregue violencia, intimidación, engano, ou se abuse dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade dunha vítima, xa sexa nacional ou estranxeira,e con algunha das finalidades seguintes:

- a) A imposición de traballo ou servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a mendicidade.
- b) A explotación sexual, incluída a pornografía.
- c) A extracción dos seus órganos corporais.

A Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual, especialmente de mulleres e de nenas, as súas principais vítimas, é unha manifestación máis da situación de desigualdade e de indefensión na que se atopan as mulleres en moitos lugares do mundo e constitúe unha clara expresión da violencia exercida contra a muller.

Por iso, e con motivo do Día Europeo contra a Trata de Persoas, celebrado o día 18 de outubro, a **Secretaría Xeral da Igualdade** puxo en marcha unha campaña informativa coa mensaxe "Non trates comigo. As persoas non temos prezo", coa finalidade de de seguir concienciando ao global da sociedade no combate contra este crime.

Para iso distribuíronse 3.000 carteis nos concellos galegos, CIMs, Casas de acollida, Centro de Recuperación Integral (CRI), Centro de Emerxencia de Vigo (CEMVI), Delegacións territoriais da Xunta, Xulgados de violencia de xénero, oficinas de atención ás vítimas, nas 11 entidades que teñen asinado ca Xunta os convenios de trata, e nos centros de saúde.

Ademais o Consello da Xunta aprobou unha Declaración Institucional con motivo do día 18 de outubro:

- o Declaración Institucional da Xunta de Galicia na celebración do 18 de outubro, Día Europeo contra a trata de seres humanos.

A Trata de Seres Humanos en calquera das súas formas é un fenómeno que permaneceu practicamente oculto durante anos e que, non obstante, constitúe unha das máis graves violacións dos dereitos humanos. Segundo a Oficina contra a Droga e o Crime de Nacións Unidas (UNODC), afecta a mais de 2,4 millóns de persoas en todo o mundo, fundamentalmente a mulleres e nenas, e é, xunto co tráfico de drogas e de armas, o terceiro negocio máis lucrativo do planeta. Trátase dunha realidade que priva as persoas dos seus dereitos de cidadanía mais elementais

As súas causas hai que buscalas na crecente desigualdade entre os países, na pobreza, na persistencia da discriminación e na imposibilidade de acceder aos recursos nos mesmos termos que o resto da poboación. As vítimas de trata viven diferentes formas de engano, abuso, sufrimento e explotación, e vense reducidas á condición de simple mercadoría, propiedade de outros, enfrontando o inferno dunha vida de traballo forzado, explotación sexual e prostitución.

A violencia machista non esgota as súas manifestacións na violencia nas relacións de parella, nin nas agresións sexuais; presenta múltiples formas e modalidades, como a explotación sexual que implica a trata de mulleres e nenas. Así, en Galicia, a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle que a trata de mulleres e nenas con fins de explotación é un tamén unha forma de violencia de xénero.

Seguindo a senda trazada dende o ámbito internacional, o VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes: Estratexia 2013-2015, contempla como un obxectivo específico o de outorgar unha atención integral e específica ás mulleres vítimas de trata de seres humanos, fundamentalmente ás que o son con fins de explotación sexual.

O Plan recolle unha batería de accións que poñen o acento na colaboración coas organizacións non gobernamentais e asociacións, co fin de achegar información sobre a trata de seres humanos á poboación residente en Galicia e de apoiar a estas entidades para unha mellor disposición das súas estruturas e mecanismos de acollemento e atención ás vítimas deste delito, abordando o seu tratamento dende a óptica de persoas que viron os seus dereitos vulnerados, e colocando as súas necesidades no centro de todas as intervencións.

"NON TRATES COMINGO. AS PERSOAS NON TEMOS PREZO", é a mensaxe da campaña de sensibilización que a Xunta de Galicia pon en marcha neste ano 2014, co obxectivo de seguir concienciado ao global da sociedade no combate contra este crime.

Queda aínda un longo camiño por percorrer para conseguir mudar estereotipos, actitudes e comportamentos que xustifican a explotación sexual e a trata de mulleres e nenas, pero os poderes públicos temos a obriga legal e moral de actuar contra elo, e debemos ser capaces de facelo en colaboración con todas as instancias implicadas, e dende unha abordaxe institucional clara e contundente, que apoie a persecución deste delito e sobre todo, axude no tratamento integral e na protección das súas vítimas.

Agardamos que entre todas as institucións sexamos capaces de garantir o apoio que precisan para recuperar a liberade e dignidade perdidas

❑ Campaña do 25 de novembro 2014: Día Internacional contra a violencia de xénero

No marco das campañas institucionais que se realizan anualmente con motivo da conmemoración do día internacional contra a violencia de xénero, o 25 de novembro, a Secretaría Xeral da Igualdade puxo en marcha en 2014 a campaña “SE A MALTRATAS A ELA, MALTRÁTASME A MIN. HAI SAÍDA”, que recupera o lema do ano anterior, e está protagonizada por dous populares rostros galegos, o presentador Xosé Ramón Gayoso e o humorista David Amor, que ofreceron a súa imaxe de xeito totalmente desinteresado para esta campaña, recollendo o testigo do actor Federico Pérez e o triatleta Javier Gómez Noya, imaxe ambos da campaña no ano 2013.



O obxectivo desta campaña é sensibilizar á sociedade da necesidade de erradicar “a violencia machista e facer especial fincapé na poboación menor de 30 anos e maior de 65, dous dos sectores máis afectados por este problema, dado que os últimos datos apuntan a que a poboación máis nova está reproducindo de maneira preocupante actitudes sexistas e estereotipos de xénero que parecían erradicados. No caso das mulleres maiores de 65 anos, a convivencia prolongada co agresor levan a cronificar e normalizar estas situacións.

A campaña distribuíuse por vilas e cidades de Galicia en locais comerciais, de hostalería, edificios públicos, concellos, centros de saúde, comisaría, xulgados etc.

Difusión da campaña:

- ❖ Elaboración e difusión masiva por toda Galicia de **40.000** carteis co lema da campaña
- ❖ Emisión de 130 cuñas nas principais emisoras de radio en Galicia.
- ❖ Anuncios en 10 xornais de tirada nacional
- ❖ Presenza nas redes sociais, a través de [twitter](#) e [facebook](#).

Doutra banda, no marco do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, o domingo, 23 de novembro, desenvolveuse por segundo ano unha andaina contra a violencia de xénero: **“Camiño ao respecto”**, organizada pola Xunta de Galicia, e na que 200 persoas percorreron o camiño que separa o Monte do Gozo da Praza do Obradoiro, onde rematou a andaina coa lectura por parte de dúas persoas mozas, dun manifesto de repulsa e rexeitamento da violencia de xénero.

Esta andaina simbólica persegue dous obxectivos principais: promover a participación cidadá a prol do rexeitamento público e formal contra a violencia de xénero e sensibilizar sobre a importancia de valores como o respecto e a igualdade entre homes e mulleres, único camiño posible para erradicar a violencia machista.

Ademais, e como en aos anos anteriores, o Consello da Xunta aprobou unha Declaración Institucional con motivo do día 25 de novembro:

o Declaración Institucional da Xunta de Galicia na celebración do 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

O martes, 25 de novembro de 2004, conmemórase o Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller.

A violencia machista é un problema público e social de primeira magnitude, constitúe o máis cruel expoñente da falta de igualdade da nosa sociedade e un dos ataques máis flagrantes aos dereitos fundamentais das persoas, como son a liberdade, a igualdade, a

vida, a seguridade e a non discriminación, tal como xa proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

Todos os poderes públicos temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos estes dereitos.

A violencia de xénero maniféstase de moi diversas formas, en todas as culturas e países, en todas as clases sociais e en todas as idades. Así o reflicten as estatísticas, que mostran unha pequena parte, pero grave, da magnitude total da violencia exercida contra as mulleres, polo mero feito de selo.

O Goberno galego, con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero, quere facer especial fincapé , por un lado na poboación máis nova, que parece estar reproducindo de maneira preocupante un sexismo e uns estereotipos de xénero que criamos erradicados, e por outro lado, nas mulleres de máis de 65 anos que están a sufrir violencia de xénero, e nas que as situacións de convivencia prolongadas co agresor levan a cronificar e normalizar esas situacións.

Dende a Xunta de Galicia estamos convencidos e convencidas de que a familia e a escola son os dous ámbitos de socialización que máis influen na aprendizaxe das persoas, e polo tanto é nestes ámbitos onde se debe traballar a prevención de actitudes sexistas e discriminatorias, así como fomentar a reflexión sobre os roles e os valores que rexen na sociedade.

O compromiso da Administración é articular unha resposta global fronte á violencia de xénero, en calquera das súas modalidades e consecuencias, a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas, aos seus fillos e fillas e a outras persoas que estean ao seu cargo, así como fortalecer a prevención para avanzar na paulatina redución desta miserable lacra social ata a súa completa erradicación.

As medidas serán insuficientes mentres unha muller viva baixo o medo e a falta de liberdade que iso supón e, calquera balance será negativo mentres haxa unha soa muller asasinada por esta causa, xa que iso significa que non viviremos nin gozaremos dunha sociedade verdadeiramente democrática, que poida vivir libre e en igualdade.

Rematar coa violencia de xénero é para o Goberno galego unha prioridade e un deber de xustiza coas vítimas e con toda a sociedade

- o Tamén no entorno do Día Internacional Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, e e tentando visibilizar a gravidade e o impacto que a violencia de xénero ten sobre os menores, desenvolveuse en novembro a Xornada “A incidencia nos menores da violencia no contorno familiar”.



A dita xornada foi organizada polo Valedor do Pobo en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade e o Parlamento de Galicia, e dirixíuse principalmente a persoas que traballan con menores e en contacto directo coas mulleres que sofren violencia de xénero, pero tamén estaba aberta a equipos de orientación educativa, sanidade, responsables de políticas públicas de menores, muller e familia, ONGs, deputados e deputadas e calquera persoa interesada na temática.

A finalidade da xornada foi:

- Recoñecer as nenas e os nenos como vítimas da violencia de xénero. A exposición a esta violencia ten un evidente impacto negativo na súa vida, benestar e desenvolvemento. Vivir nunha familia onde un dos proxenitores é maltratado polo outro significa a exposición a situacións de opresión e control e a un modelo de relación aseado no abuso de poder e a desigualdade.
- Coñecer as consecuencias que a exposición á violencia de xénero ten sobre os e as menores na súa maduración persoal, no seu desenvolvemento físico, na detección de trastornos psicolóxicos, de conduta ou cognitivos, no seu rendemento e adaptación escolar, para identificar canto antes os posibles casos e garantir a súa atención. O traballo cos nenos e nenas que conviven coas agresións e os abusos no seu fogar esixe o coñecemento das posibles implicacións psicolóxicas e a coordinación de todas as persoas e organismos comprometidos na loita contra a violencia de xénero.

A xornada desenvolveuse o día 21 de novembro no Parlamento de Galicia, cunha conferencia e unha mesa redonda.

A conferencia, co título “Instantes que duran toda unha vida: trauma e repetición nos nenos/as que viven na violencia de xénero”, estivo a cargo de Manuel Fernández Blanco,

psicanalista, psicólogo clínico da Unidade de saúde mental infanto-xuvenil do Hospital materno-infantil Teresa Herrera (CHAC).

Na mesa redonda, centrada na “Implicación dos e das menores nos procesos xudiciais de familia” participaron: Pilar Fernández Pérez, fiscal de violencia de xénero en Santiago de Compostela e representante da Fiscalía nos grupos de traballo constituídos no Observatorio Galego da Violencia de Xénero, Ignacio Picatostes Sueiras, maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña e representante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Observatorio Galego da Violencia de Xénero, e Yudit González Núñez, responsable de coordinación da Fundación Meniños en Ourense e técnico de intervención do programa *Intervención con nenos/as vítimas de violencia de xénero*.

- ❑ Campaña informativa sobre os perigos do sexting: “10 razóns para non practicar sexting”



A campaña sobre os perigos do sexting titulada '10 razóns para non practicar sexting' ten como finalidade concienciar, tanto a mocidade coma as persoas adultas, dos riscos que ten difundir determinadas fotografías ou vídeos a través de internet e das redes sociais.

España ocupa o terceiro lugar do mundo, detrás de Brasil e Italia no uso de redes sociais, e o primeiro en Europa en facelo dende dispositivos móbiles, o que conleva un aumento importante dos delitos relacionados con elas, e así, no ano 2014, máis de 200 persoas foron detidas por delitos sexuais ou de acoso en España. As cifras reflicten que, nos casos de sexting, as mulleres son vítimas de delitos relacionados con esta práctica en maior medida que os homes.

Segundo os datos do Ministerio do Interior, dous de cada tres menores en España teñen perfil nas redes sociais, e o 60% deles se conecta diariamente a internet; Case un 30 por cento de nenas e nenos menores de 10 anos posúen un teléfono móbil intelixente, porcentaxe que sube ata o 83 por cento en rapaces e rapazas menores de 14 anos.

A través desta campaña a Xunta de Galicia pretende incidir na importancia dun uso responsable e seguro das novas tecnoloxías, tanto coa fin de evitar os posibles riscos por razón de xénero, como na busca da prevención da violencia sexual en adolescentes e dos comportamentos machistas e sexistas nos novos medios de socialización e convivencia dixital.

Esta campaña difundíuse desde as páxinas de <http://igualdade.xunta.es> , <http://xuventude.xunta.es> e de www.voluntariadogalego.org, así como das redes sociais vinculadas.

❖ **Outras actuacións no ámbito da prevención e da sensibilización fronte á violencia de xénero.**

❑ **Obradoiros “Violencia de xénero e o novo contexto dixital”**

Dende a **Secretaría Xeral da Igualdade** entre as actuacións ofertadas ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP (véxase páxina209) , incluíuse o obradoiro 'Violencia de xénero e o novo contexto dixital'; Trátase de obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sextorsión. Un total de 20 entidades locais foron seleccionadas para o desenvolvemento do citado obradoiro:


Provincia	Concello
A Coruña	FERROL
	SAN SADURNIÑO
	CAMBRE
	MUROS
	CABANAS
	MAZARICOS
	CORCUBIÓN
	OUTES

	MUGARDOS
	A LARACHA
	CERCEDA
Lugo	CHANTADA
	MONFORTE
	PALAS DE REI
Ourense	O CARBALLIÑO
Pontevedra	CALDAS DE REIS
	SALCEDA DE CASELAS
	SANXENXO
	NIGRÁN
	BAIONA

Tamén se ofertou esteo obradoiro sobre a violencia de xénero e o novo contexto dixital aos 10 centros educativos participantes no programa “Por 365 de respecto e igualdade”, programa de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo desenvolvido pola Secretaría Xeral da Igualdade dentro do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (véxase páxina 72).

Igualmente, e dando cumprimento aos obxectivos fixados no ‘VI Plan Galego para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes: Estratexia 2013-2015’ desenvolveuse unha formación específica para o persoal de todos os Centros de Información ás Mulleres e das casas de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero de Galicia, sobre ‘Violencia de xénero e sexual en internet, redes sociais e smartphones: coñecer, previr e actuar’.

❑ Proxecto europeo “Mocidade contra a violencia de xénero”



O proxecto europeo Mocidade contra a violencia de xénero (Proxecto de cooperación DCI-NSAED/2012/304-689), no que participa a Xunta de Galicia, a través da **Secretaría Xeral da Igualdade**, ten unha duración de 36 meses, rematando en marzo de 2016.

Son socios do proxecto

- Città di Torino (Italia)
- Città di Collegno (Italia)
- Comune di Genova (Italia)
- ISCOS Piemonte Ong (Italia)
- Municipiul Baia Mare (Rumania)
- Municipiul Bucuresti -Directia Generala de Asistentia Sociala (Rumania)
- Asociatia Caritas Bucuresti (Rumania)
- Xunta de Galicia (España)
- FAMSÍ -Fondo Andaluz de Municipios para la Solidaridad Internacional (España)
- Câmara Municipal da Praia (Cabo Verde)
- Conselho Municipal de Maputo (Mozambique)
- PRODES Ong (Mozambique)
- Prefeitura Municipal de Fortaleza (Brasil)
- Prefeitura Municipal de Várzea Paulista (Brasil)

O proxecto Mocidade contra a violencia de xénero propónse contribuír á redución da violencia de xénero a través da mellora dos coñecementos e competencias de grupos de mozos e mozas pertencentes a centros xuvenís, escolas de ensino medio e grupos xuvenís activos no seu territorio, sobre asuntos relacionados coa defensa dos dereitos humanos e o desenvolvemento.

O obxectivo xeral do proxecto é o de incrementar a conciencia sobre a violencia de xénero da sociedade civil empezando polos mozos e mozas, a fin de non limitar o debate sobre os medios para combater a violencia só a pequenos grupos, co risco de auto-referencialidade. Evitar a hexemonía, xeral ou parcial, e ampliar a discusión e as achegas sobre as mellores accións de sensibilización contra a violencia de xénero, é unha das premisas principais desta proposta. Outro elemento cruce é mellorar as habilidades dos mozos e mozas para contribuír a fortalecer o protagonismo e as posibilidades deles e delas de influír na comunidade.

En particular o proxecto propónse lograr dous obxectivos específicos a fin de apoiar a prevención da violencia:

1. Sensibilizar as/os mozos das escolas e de grupos informais, a través dun método de **Peer Education** (educación entre iguais) sobre:

Modelos de masculinidade e discriminación de xénero (ano 2013-2014)

Violencia contra as mulleres (ano 2014-2015)

Violencia contra a persoas LGBT (ano 2015-2016).

A iniciativa consta de tres niveles sucesivos: sensibilización, educación, formación.

O proceso consistirá nunha primeira fase de formación deseñada pola Xunta de Galicia para **8-10 persoas seleccionadas a través das asociacións xuvenís. Esas persoas formaranse como educadores/as contra a violencia de xénero** e serán posteriormente os multiplicadores e difusores da campaña de sensibilización a través da formación que eles mesmos impartirán a outros mozos e mozas no ámbito educativo.

2. Desenvolver campañas de sensibilización da opinión pública: actividades prácticas de co-planificación participativa dos socios e dos mozos e mozas.

Accións desenvolvidas

As principais actuacións desenvolvidas durante o primeiro ano do proxecto (2013-2014), dedicado á temática da “masculinidade positiva”, foron as seguintes:

1. Divulgación do proxecto.

A divulgación do Proxecto para realizar a selección levouse a cabo a través dos Centros de Información ás Mulleres de Galicia (80), a través da páxina web e redes sociais da Secretaría xeral da Igualdade e da páxina web e redes sociais da Dirección xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. Selección das mozas e mozos participantes (peer educators)

Os criterios de selección incluían, ademais da idade (entre os 20 e os 29 anos), os seguintes:

- Participar en actividades sociais e de voluntariado dentro de asociacións e grupos xuvenís en Galicia.
- Curriculum vitae.
- Interés específico sobre o tema.
- Competencias linguísticas: Inglés
- Habilidades sociais.

Recibíronse 35 solicitudes, e foron seleccionadas 10 personas, dos cales 9 remataron o proceso formativo.

3. Formación das mozas e mozos seleccionadas/os sobre a temática do primeiro ano do proxecto: “a masculinidade positiva”

Os obxectivos do proceso formativo foron:

- Proporcionar un acercamiento dos e das mozas á temática da igualdade de oportunidades.
 - Análisis dos proceso de socialización como factor determinante da creación das identidades masculinas e femininas, e as relacións que se establecen entre elas.
 - Visibilizar a diversidade de masculinidades presentes na sociedade así como os movementos a favor da igualdade promovidos por homes.
 - Reflexionar sobre a construción da identidade masculina a través dos mass media.
 - Sensibilizar sobre o movemento asociativo masculino.
4. Desenvolvemento de obradoiros de sensibilización nas escolas sobre a “masculinidade positiva”.

Unha vez rematada a formación os mozos e mozas formadas desenvolveron 10 obradoiros de sensibilización en 8 centros educativos.

CENTRO PARTICIPANTE	CONCELLO	PROVINCIA
IES Ricardo Carballo Calero	Ferrol	A Coruña
CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	A Coruña
Colexio Fingoi	Lugo	Lugo
IES Nosa Señora dos Ollos Grandes	Lugo	Lugo
IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	Ourense
IES Carlos Casares	Vigo	Pontevedra
IES Pedra da Auga	Ponteareas	Pontevedra
IES Pazo da Mercé	As Neves	Pontevedra



- ❑ Programa ‘Conéctate’. Dende a **Dirección Xeral de Xuventude**, o uso seguro das TICs e das aplicacións das contornas virtuais é unha das principais liñas de actuación do persoal técnico do servizo ‘Quérote máis’. Neste sentido, o persoal técnico do ‘Quérote máis’ están a desenvolver o programa ‘Conéctate’, no que se realizan diferentes accións como son a información e asesoramento aos mozos e mozas, tanto presencial como telefónica, en liña, e por mensaxería instantánea; accións formativas para a prevención do cyberbullying, que se desenvolven en centros de ensino, concellos e asociacións, ou campañas de sensibilización e participación na rúa, centros de ensino e a través das propias redes sociais.

- ❑ Xornada técnica “O tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación e a publicidade non sexista”



O 15 de decembro de 2014 a **Secretaría xeral da Igualdade e a Secretaría xeral de Medios** da Xunta de Galicia organizaron conxuntamente unha xornada sobre o Tratamento da Violencia de Xénero nos Medios de Comunicación e a Publicidade non Sexista, encadrada nos compromisos adquiridos dende a Xunta de Galicia no

marco do VI Plan Galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes: Estratexia 2013-2015.

Desterrar mitos e estereotipos, ademais de incorporar técnicas xornalísticas para un correcto tratamento informativo eran os principais obxectivos desta Xornada que se desenvolveu no Museo Pedagóxico de Galicia, MUPEGA.

A violencia de xénero forma parte da axenda mediática dende non hai moitos anos, polo que segue a ser unha materia pendente a análise que da representación desta violencia se fai dende os medios, así como a incorporación de boas prácticas xornalísticas que permitan, tanto reflexionar sobre un problema social que pon en cuestión a calidade democrática do noso país, como contribuír á erradicación dunha realidade que custa a vida a máis de medio cento de mulleres cada ano en España.

Os medios de comunicación supoñen unha ferramenta de cambio social fundamental, forman parte da sociedade na que traballan e ao mesmo tempo a configuran diariamente. Nos medios de comunicación se deciden gran parte das cuestións que máis afectan á cidadanía, e son decisivos nos cambios sociais. Tamén deberan selo, na erradicación da cultura machista, e por ende, da violencia de xénero. Con esta perspectiva se desenvolveu a xornada, que contou con importantes relatores do mundo da comunicación, a universidade e a administración.

Se celebraron dúas mesas redondas co seu correspondente coloquio final para recoller as conclusións dos distintos relatorios e invitar á participación dos asistentes para enriquecer o debate: A primeira centrada no tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación estivo formada polo profesor de socioloxía da Educación da USC, Jorge García, a xornalista da TVG, Maite Teijido e a experta en comunicación e xénero, Pilar López Díez, que abordaron a violencia de xénero a través dos mass media, o papel dos/das xornalistas e os 10 anos despois da Lei: cómo os medios tratan a violencia de xénero, respectivamente.

E a segunda mesa, destinada a analizar a publicidade non sexista estivo formada pola subdirectora xeral para o tratamento da violencia de xénero e presidenta da Comisión asesora da publicidade non sexista, Belén Liste Lázara, o presidente de Creatividade galega, Jesús Pérez Seoane e a profesora de Periodismo da UAB, Elvira Altés, que falaram sobre as funcións e o papel da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, o uso perverso dos estereotipos publicitarios e o imaxinario oculto da violencia.



Ademais a Secretaría Xeral de Medios elaborou e difundiu unha **Guía de boas prácticas** co obxectivo de dotar aos/ás profesionais dos medios de comunicación dunha ferramenta de axuda e orientación á hora de enfrontar o tratamento informativo sobre a violencia de xénero. Nesta guía ofrécense tamén unhas recomendacións ou pautas a seguir para abordar a igualdade de xénero na publicidade, identificando e evitando, no posible, a publicidade sexista.

☐ II Xornadas Estatais da Muller Xorda



A Secretaria xeral da Igualdade colaborou coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, no desenvolvemento das II Xornadas Estatais da Muller Xorda, que tiveron lugar en Santiago, no mes de outubro de 2014.

A violencia de xénero constitúe para as persoas con discapacidade unha lacra máis acuciante e invisible se cabe, que a para o resto das mulleres, polo que é indispensable poñer á súa disposición todas as ferramentas necesarias para promover e coordinar a defensa dos dereitos destas mulleres, cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

Co lema “Por unha saúde sen barreiras”, a xornada abordou o tema da **saúde nas mulleres xordas desde un enfoque integral**, a través de diferentes ponencias sobre *Perspectiva de xénero*, *Conciliación da vida laboral e familiar*, e *Saúde e Violencia de xénero*. Ademais,

para **fomentar a participación**, realizáronse mesas redondas sobre as ponencias, nas que diferentes grupos de mulleres tiveron a oportunidade de debater e traballar os temas propostos.

Esta II Xornada permitiu ademais, observar e analizar as realidades sociais nas que viven as mulleres xordas no noso país; afianzar o compromiso da Confederación Nacional de Persoas Xordas e a súa rede asociativa coa igualdade de xénero e cos temas que máis preocupan a estas mulleres; fomentar a igualdade na rede asociativa, reivindicando o empoderamento e participación das mulleres na vida pública deste colectivo.

- ❑ Reserva de praza en campamentos de verán 2014, para fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia de xénero.

Dende a **Secretaría Xeral da Igualdade**, en colaboración coa **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar**, ofertóuselles un ano máis, ás e aos menores dependentes de mulleres vítimas de violencia de xénero que residen ou residiron nos últimos anos nalgún centro de acollida, a posibilidade preferentemente de participar nos campamentos xuvenís organizados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar dentro do programa Campaña-Verán 2014, a través dunha reserva específica de prazas.

A través da oferta da devandita campaña ofrécese a posibilidade de que as/os rapaces empreguen o seu tempo libre vacacional participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

Nº prazas reservadas: 32

Solicitudes recibidas para a participación nos campamentos:

Provincia	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	7	7	14
Lugo	2	1	3
Ourense	0	0	0
Pontevedra	10	5	15
Total	19	13	32

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Artigo 7:Fomento do movemento asociativo

❑ Convocatoria de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes. (Inclúe axudas aos programas de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.)

Estas axudas, convocadas a través da Resolución da **Secretaría Xeral da Igualdade** do 23 de maio de 2014 (DOG nº 99, do 26 de maio), teñen como obxectivo colaborar economicamente coas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscritas na área de igualdade no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, coa finalidade de contribuír ao mantemento de centros que acollen mulleres sen recursos con dificultades especiais e apoiar o desenvolvemento de recursos especializados para as mulleres que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade e para o desenvolvemento de programas específicos de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos/as menores de tres anos, todo iso co obxectivo prioritario da promoción da igualdade entre mulleres e homes

Ás subvencións obxecto desta convocatoria dedicouse un **orçamento total de 968.541 euros**, que conta cun cofinanciamento do 80% polo Fondo Social Europeo do Programa Operativo FSE-Galicia 2007-2013.

As axudas tiñan como finalidade a realización dos seguintes programas

Liña 1: programas de recursos integrais para mulleres e programa de mantemento de centros: Esta liña poderá financiar os gastos correntes e de persoal e a contratación de profesionais de acción social, sempre que se trate de gastos imputables aos referidos programas.

Liña 2: programa de investimento: Esta liña poderá financiar os gastos que precisen realizar para investimento en equipamento e en execución de obras de mellora e acondicionamento das súas sedes ou locais de traballo.

Dentro da citada liña 1, os programas obxecto de subvención desta convocatoria foron:

a) Programas de mantemento de centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día) nos cales se ofrece asistencia básica (aloxamento, manutención) e

que poderá incluír programas ou actuacións de apoio ás mulleres en situación de exclusión especial.

b) Programas de recursos integrais específicos para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos e/ou fillas menores de tres anos que conteñan actuacións dos tipos que se indican e semellantes:

- De información sobre recursos existentes para elas e os seus fillos e fillas.
- De acompañamento social con medidas de apoio psicolóxico para superación de cargas emocionais provocadas pola situación de embarazo ou maternidade.
- De orientación, asesoramento e busca de emprego.
- De adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal.
- De medidas de apoio urxente.

c) Programas de recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social (reclusas, ex-reclusas, drogodependentes).

d) Programas de recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección (anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, pertencentes a minorías étnicas).

e) Programas de recursos integrais de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

f) Aqueloutros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no ámbito desta resolución.

No ano 2014 foron beneficiarias desta axuda tres entidades para o desenvolvemento de **programas dirixidos a vítimas de violencia de xénero**, por un importe total de 43.857,98 euros.

- ☐ Convocatoria de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres.

No DOG nº 145, do 1 de agosto de 2014, publicouse a Resolución da **Secretaría Xeral da Igualdade** do 23 de xullo de 2014, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a

participación das mulleres, cofinanciadas polo FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

A finalidade desta axudas é a de fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e a calidade de vida das mulleres galegas, a través das seguintes liñas:

Liña 1. Consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixine o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e as súas federacións.

Liña 2. promoción de accións de sensibilización, información ou formación en materia de igualdade.

Liña 3. Promoción de accións de prevención da violencia de xénero así como de atención (protección, asistencia e/ou acompañamento) a mulleres que a sofren, destinadas a compensar gastos correntes e/ou de persoal producidos polo desenvolvemento de programas dirixidos a calquera destas finalidades.

Foron beneficiarias destas axudas as asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas, domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, na área de actuación de igualdade.

O importe total máximo destinado a estas axudas foi de douscentos mil euros (200.000 euros), cofinanciadas ao 80% con fondos FSE do Programa operativo de Galicia 2007-2013 de acordo coa seguinte distribución:

Liña 1. Consolidación do movemento asociativo: ata 75.000 euros

Liña 2. promoción de accións de sensibilización, información ou formación en materia de igualdade: ata 50.000 euros

Liña 4. Prevención da violencia de xénero e atención ás vítimas: ata 75.000 euros. Dentro desta liña se incluíron acción de:

a) Formación, sensibilización e información en materia de prevención e tratamento da violencia de xénero (xornadas, charlas, cursos, obradoiros, campañas e outras actividades análogas), incluída a elaboración e difusión de materiais para a dita finalidade.

b) Formación, información, asesoramento, orientación e/ou acompañamento das vítimas de violencia de xénero.

c) Promoción de actividades culturais e/ou artísticas que promovan a sensibilización social contra a violencia de xénero (exposicións, debates, teatro, cine, libroforum ...), incluída a elaboración e difusión de materiais para a dita finalidade.

No ano 2014 foron beneficiarias desta liña 4, para a prevención da violencia de xénero e a atención ás vítimas, sete asociacións, por un importe total de 17.608,77 euros.

Artigo 8: Actividades culturais e artísticas

No ano 2014, os departamentos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e O.U. con competencias en materia de cultura promoveron, a través de diversas medidas e actuacións referidas a ámbitos como o patrimonio documental, o libro e a lectura, o patrimonio cultural etc. a sensibilización da sociedade na prevención e no tratamento da violencia de xénero.

Co obxectivo de promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida persoal, social, laboral e familiar, a Subdirección Xeral de Arquivos impulsou en 2014 a realización de actuacións que, de forma directa ou indirecta, incidiron nun mellor coñecemento dos múltiples aspectos relacionados coas cuestións de xénero.

A Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia inclúe unha mención expresa ás condicións para poder consultar documentos con datos relacionados coa violencia de xénero. Así, no seu artigo 26, dedicado aos dereitos de acceso, establécese que “os documentos que conteñan datos persoais que poidan afectar á seguridade, honra, saúde, intimidade ou imaxe das persoas e, en todo caso, aos supostos de violencia de xénero, poderán ser obxecto de consulta pública se media consentimento das persoas afectadas, ou cando transcorresen 25 anos desde a súa morte ou, se non se coñece a data do pasamento, 50 anos desde a produción do documento”.

No que respecta ás liñas de actuación dos arquivos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estas céntranse nos programas descritivos e de difusión. No primeiro caso, a inclusión de datos indicativos da variable de xénero naquelas descrições arquivísticas nas que sexa pertinente supón unha medida de fomento para a realización de estudos por parte doutros profesionais que utilizan os documentos de arquivo como fonte de información.

No segundo caso, a organización de actividades propias de difusión, tales como conferencias ou exposicións, constitúe unha vía para contribuír á toma de conciencia social sobre as

causas e consecuencias da violencia de xénero ou á sensibilización respecto da igualdade. Nesta liña, co obxectivo de poñer de manifesto a participación social da muller entre os anos 30 e 80, a Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra acolleu a exposición itinerante "Mulleres Século XXI. Luces e sombras". A mostra, organizada polo Arquivo Histórico Provincial de Lugo, está conformada por 65 fotografías ilustrativas da pegada deixada polas mulleres nos documentos públicos conservados no arquivo lucense. Tamén se inclúe textos escritos por mulleres como Concepción Arenal, Pilar Primo de Rivera, Olga Gallego Domínguez, Ofelia Rey Castelao ou Serrana Rial García, expresións de opinións diversas para reflectir realidades tamén diversas.

Ademais, o Arquivo de Galicia, con motivo da descrición do fondo documental da Factoría Massó, publicou na páxina web de Arquivos de Galicia, no mes de novembro, novas para chamar a atención sobre as diferenzas salariais segundo o xénero reflectidas nos documentos da conserveira da década dos 70.

No ámbito do libro e da lectura, no que respecta á adquisición de novidades editoriais á concesión da orde de subvencións relativa á tradución de obras en galego para outras linguas e de obras redactas orixinariamente noutras linguas que teñen como destino a tradución para o galego, aínda que non se especifican todos os aspectos que inciden na valoración, a Subdirección Xeral de Bibliotecas procurou ter en conta todo aquilo que resulta de maior interese para a sociedade galega actual, como o fomento da igualdade, a comprensión entre as persoas e o desenvolvemento dun sistema solidario de entendemento humano.

Neste marco, no que podemos entender que as obras beneficiarias de axuda económica, como elementos de cultura, contribúen en por si a acadarmos unha convivencia axeitada ao grao de desenvolvemento da comunidade, apoiáronse publicacións cunha temática especificamente dirixida ao obxecto da citada lei.

Estas actuacións desenvolvidas en materia cultural compléméntase con iniciativas promovidas por outros departamentos como a Fundación Cidade da Cultura ou o Centro de Arte Contemporánea de Galicia (CGAC), que, malia non contaren con liñas de traballo específicas, levan a cabo unha programación de exposicións, xornadas, obradoiros, conferencias, visitas guiadas etc. Que contempla a posta en valor da muller e a igualdade de xénero como unha temática transversal.

❑ Exposición “*Cartas de Amor*”



Cartas de Amor é unha mostra do cómic galego sobre violencia de xénero, xa convertida nunha ferramenta de uso continuado dende a Secretaría xeral da Igualdade, que ten como finalidade sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas relacións de parella, nos seus modos de relacionarse. Axudarlles a decatarse de que formas e modos de comportamento habituais como as demostracións de celos, o control sobre a vestimenta da parella, as súas chamadas telefónicas, mensaxes e correos electrónicos, a limitación dos seus movementos en relación ás súas amizades, son en realidade demostracións dun comportamento violento, e polo tanto a eliminalo.

A mostra foi inaugurada no ano 2010, e está composta por traballos de, Miguel Calatayud (premio nacional de ilustración), Paco Roca (premio nacional de cómic), así como outras figuras galegas, como Patricia Castelao, Pirusca, David Pintor e Óscar Villán. Tamén participaron autoras e autores que están acadando grande éxito entre a xente máis nova, como Eva Vázquez, Javier Olivares, Primitivo, Sonia Pulido, Jack Mircala ou Sergi San Julián. Ademais o escultor Méndez, a escritora Anxos Sumai e o deseñador Fausto, uníronse a esta mostra con tres achegas diferentes.



No último trimestre do ano 2014, foi ofertada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de

Informe anual 2014 de violencia de xénero

Xénero , ao abeiro do convenio de colaboración asinado en 2012 entre esta Secretaría Xeral e a FEGAMP, e desenvolveuse nun total de 15 entidades locais.

Provincia	Concello
A Coruña	Abegondo
	Coirós
	Negreira
	Malpica de Bergantiños
Lugo	O Páramo
	Ourol
	Rábade
	Sarria
	Vilalba
Pontevedra	Barro
	Crecente
	Cuntis
	Marín
	Meis
	Moaña

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia







A exposición acompáñase dun Obradoiro Práctico, explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición, guiándose dos paneis expositivos, como un xeito máis de traballar na prevención da violencia de xénero coa xente máis nova.

Tanto a mostra “Cartas de amor” como o obradoiro práctico tamén forman parte dos recursos ofertados pola Secretaría Xeral da Igualdade aos centros educativos participantes no programa “Por 365 de respecto e igualdade”, programa de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo desenvolvido dentro do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (véxase páxina 72).

Artigos 9 e 10 Tratamento da información e Convenios de autorregulación

En 2014 continuaron aplicándose as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres propostas polo Consello de Administración da CRTVG. O documento propón como criterio xeral que as informacións relacionadas coa violencia de xénero deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso que prime ante todo o respecto extremo ás vítimas. Entre outros criterios, destácase a conveniencia de extremar o celo no manexo das fontes de información e das declaracións, incidindo tamén na idea de que os medios públicos galegos non se limitan ao tratamento dos feitos dramáticos senón que tamén divulgan os casos de éxito en que as mulleres conseguen liberarse dos malos tratos para que sirvan de exemplos a outras vítimas. Sempre se inclúe nas información o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista.

A Vicepresidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e a CRTVG asinaron o 16 de xullo de 2014 un **convenio** para realizar accións conxuntas nesta materia. Segundo o acordo, os medios públicos galegos potenciarán a visibilidade das mulleres na súa programación, empregarán unha linguaxe non sexista e prestaranlles especial atención ás noticias relativas a delitos de violencia de xénero.

Actuacións na TVG

Como ven sendo habitual, na sinalada data do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia Machista, os Servizos Informativos da TVG ofreceron en todos os seus espazos, deste o “Bos días” ata “Foro Aberto”, amplas referencias sobre os actos desenvolvidos neste día e sobre distintos aspectos relacionados con este grave problema social.

O obxectivo deste tratamento informativo, tanto nese día en concreto coma no resto do ano, é seguir concienciando os distintos sectores da poboación do alcance real desta auténtica doenza social.

Deste xeito, o espazo “Bos Días” incluíu vídeos con material sobre a campaña contra a violencia machista difundida polo Corpo Nacional de Policía, o 091. Nestas informacións ofrecéronse os preocupantes datos de vítimas mortais rexistradas ata ese momento no ámbito de Galicia e no conxunto de España, nun ano que acabou por considerarse negro neste eido. Recolléronse tamén testemuñas de mulleres maltratadas e as declaracións realizadas na Radio Galega pola secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, nas que se refería ao problema co que se encontran as persoas maiores para enfrontar a violencia machista, xa que por razóns educacionais ou por prexuizos tenden a agochar o problema e mesmo pretenden que non saia do ámbito estritamente familiar.

O equipo do programa “A Revista” desenvolveu un dos seus directos da xornada desde o CEIP A Solaina en Narón, onde conversou co seu director sobre unha marcha ciclista reivindicativa en que participaba este centro. Rapaces e rapazas tamén falaram dos estereotipos sexistas que están na orixe de moitos comportamentos machistas.

No “Telexornal Mediodía” déuselle cobertura aos principais actos institucionais e cívicos convocados en Galicia e no resto de España. Achegouse amais a campaña Conecta os sentidos: non todo é amor, iniciativa da Cruz Vermella, e convidouse aos espectadores a asistir á exposición Cicatrices, cuxa mostra denuncia a existencia de violencia na vida cotiá das persoas.

O “Telexornal Serán” recolleu a efeméride desta xornada dándolle un tratamento especial aos alarmantes datos sobre vítimas mortais da violencia machista nos últimos meses. Tamén se lembraron algúns dos actos desenvolvidos por todo o país.

Na tvG2, en horario de noite, o programa de análise e debate “Foro Aberto” dedicou o espazo á violencia machista. No seu tempo, ofreceuse información sobre a vertente legal ou xurídica e debateuse sobre o tratamento informativo dos casos sobre violencia de xénero nos medios de comunicación, entre outras cuestións.

Actuacións na Radio Galega.

Especialmente sensible con esta cuestión, por parte do equipo directivo da Radio Galega extrémase o coidado coa información que se emite todos os días.

Como cada ano, en novembro de 2014 dedicouse toda unha semana da programación a difundir contidos relacionados coa celebración do Día Internacional contra a Violencia Machista. Así, o “Galicia por Diante” iniciou este período conversando no estudio con Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade (24 de nov.); deu a coñecer o programa Mocidade contra a violencia de xénero, un proxecto europeo de voluntariado en que participa Galicia (25 nov.); falouse da campaña contra a violencia de xénero desenvolvida polo Concello de Pontevedra (26 nov.), e desmiuzouse o programa Abramos o círculo (28 nov.).

O magazine “A Tarde” achegouse as vinte imaxes que compoñen a exposición fotográfica aberta no Museo Pedagógico de Galicia, impulsada por Humana Fundación Pueblo, que denuncia as causas e consecuencias da violencia machista (24 nov.); abraguéronse estereotipos sobre as mulleres ao volante (25 nov.); presentouse o terceiro informe Violencia de xénero e emprego da Fundación Adecco (26 nov.); asistiu á RG o único intérprete español que ten un repertorio específico contra a violencia de xénero, Francisco Damas (27 nov.), e lanzouse a campaña da Cruz Vermella Conecta os sentidos: non todo é amor (28 nov.).

Na fin de semana, o magazine “Somos Quen” conversouse cunha especialista sobre saúde mental e toda unha veterana no activismo feminista contra a violencia de xénero, a doutora Dolores Ferreiro.

Pola súa parte, o programa “Convivir en Igualdade” iniciou a semana ofrecendo de novo a entrevista realizada á secretaria xeral de Igualdade (24 de novembro); ofreceu senllas

reportaxes sobre xuventude e violencia machista (25 de novembro) e outra sobre a campaña de prevención do sexting (26 de novembro), e ofreceu unha entrevista coa Compañía Redrum, teatro implicado coa educación en igualdade, entre outros temas.

O espazo “Aquí Galicia” ofreceu diversas entrevistas con expertos en violencia machista, tamén en ámbitos como o das redes sociais; vertéronse datos dunha enquisa elaborada pola Universidade de Santiago de Compostela sobre o comportamento dos mozos e mozas ante esta lacra; falouse sobre a celebración en Compostela do Congreso Internacional sobre Prevención de Violencia Machista e de actividades que se desenvolveron tamén en Lugo sobre esta temática.

Amais, en todos os informativos da Radio Galega reflectíronse os actos e o posicionamento de institucións e partidos políticos arredor do 25 de novembro.

Outras accións

O 5 de maio de 2014 constituíuse o Observatorio Galego de Violencia de Xénero, que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación coma a CRTVG para traballar coordinadamente para atallar o machismo e as mortes e agresións. A CRTVG designou unha representante na comisión específica creada para detectar e retirar os contidos e mensaxes publicitarios sexistas que promovan a discriminación sexual.

A web da CRTVG dispón desde 2014 dunha canle temática sobre temas de igualdade. Dentro da súa función de servizo público e en consonancia coas súas liñas de acción de responsabilidade social corporativa, o ente público creou unha sección específica denominada “CRTVG coa Igualdade”, onde se recollen reportaxes, informacións ou entrevistas sobre igualdade, emitidas nos distintos espazos da TVG: <http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/igualdade>.

Persoal directivo da CRTVG participou na xornada “O tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación e a publicidade non sexista”, organizada pola Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia (véxase pág.47)

Xosé R. Gayoso, presentador da TVG, interveu na campaña institucional da Xunta de Galicia contra a violencia de xénero, co obxectivo de sensibilizar sobre a necesidade de erradicar a

lacra da violencia machista. O lema desta iniciativa foi “Se a maltratas a ela, maltrátasme a min”.

O 8 de marzo, Día Internacional da Muller, en aplicación do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, a TVG emitiu publicidade de balde desta mesma campaña.

Artigo 11: Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

❑ A Comisión asesora de publicidade non sexista

Na sección 2ª do capítulo III, do Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, e dependendo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e con carácter permanente, créase a Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, que terá como obxecto asesorar e orientar as entidades, asociacións, axentes publicitarios que o requiran, ofrecendo criterios alternativos para eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e incorporar accións positivas que cooperen á erradicación de todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas

A constitución da **Comisión Asesora da Publicidade Non Sexista, no seo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero**, tivo lugar o 20 de novembro de 2014.

O seu obxecto fundamentalmente é velar pola erradicación do sexismo nas mensaxes publicitarias e pola implantación de accións que favorezan a eliminación da discriminación por razón de sexo entre as persoas; atender as peticións de asesoramento que se remitan, facilitando criterios e alternativas co fin de evitar o sexismo na publicidade; servir de vía para canalizar e orientar as queixas que se reciban sobre publicidade sexista, de acordo co

establecido na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e difundir a información obtida co fin de fomentar o rexeitamento social ao tratamento discriminatorio ás mulleres a través da comunicación mediática.

Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.

Artigo 12.Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.

Artigo 13.Rexistros administrativos.

Artigo 14.Formación nas universidades.

Artigo 15.Formación da totalidade das e dos profesionais.

Este capítulo da lei fai fincapé na necesidade de coñecer con maior profundidade o fenómeno da violencia de xénero, as súas causas e consecuencias, os aspectos xurídicos e sociais, pero tamén as repercusións de carácter psicolóxico sobre as vítimas, así como os perfís dos maltratadores, entendendo que o maior coñecemento provocará unha resposta máis eficaz en todos os ámbitos: prevención, intervención, recuperación e castigo e reeducación dos maltratadores.

Artigo 12:Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero

Neste apartado cómpre mencionar a posta en marcha do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, como órgano colexiado e institucional de Galicia **encargado do estudo, da avaliación e do seguimento** das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No apartado correspondente, recóllese toda a información sobre este órgano, e as liñas de traballo establecidas en 2014, con continuidade en 2015 (véxase páx.225).

Artigo 13: Rexistros administrativos.

- ☐ Seguimento do Plan Galego de Estatística: 2012-2016: Área de violencia de xénero:
Ano 2014

O Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2014, aprobado polo Decreto 188/2013, do 19 de decembro, establece como unha das operacións estatísticas a realizar pola Secretaría Xeral da Igualdade, a estatística de violencia de xénero, na que se recollen os datos correspondentes aos expedientes tramitados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

Unidades estatísticas

☐ Prestacións económicas directas.

- Axuda de pagamento periódico a vítimas da violencia de xénero.(véxase páx.122)

No ano 2014, réxese pola Resolución do 27 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DOG nº 61 do 28 de marzo).

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda establécense no artigo 1 das súas bases reguladoras: ser muller, maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero, ter cesado a convivencia co agresor nos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, estar empadroada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia, carecer de recursos económicos e/ou dispoñer dunha rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, excluída a parte proporcional da pagas extraordinarias, e non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda de pago único establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

A situación de violencia de xénero derivada de convivencia acreditarase, segundo o disposto no artigo 3 das bases reguladoras recollidas na antedita Resolución do 27 de marzo, con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe dos servizos de acollida ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concede.

- Axuda de pagamento único ás vítimas de violencia de xénero. (véxase páx. 129)

No ano 2014 réxese pola Resolución do 16 de abril de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DO nº 77 do 23 de abril).

Os requisitos esixidos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 2.1 das bases reguladoras establecidas da antedita Resolución; son ser muller, maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero; non convivir co agresor; estar empadroada e residir na Comunidade autónoma de Galicia; carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego; ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial, e non ter percibido esta axuda ou a axuda periódica para vítimas de violencia de xénero con anterioridade.

A axuda é exclusivamente compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. En consecuencia, é incompatible coa percepción de calquera outra axuda establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinada ao mesmo fin.

Segundo se establece no artigo 4º das bases reguladoras recollidas na citada Resolución do 16 de abril de 2014, a situación de violencia acredítase pola orde de protección a favor da vítima, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto non se dite a orde de protección, así como a sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección que acrediten a actualidade da situación de violencia

- Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (véxase páx.137)

No ano 2014 réxese pola Resolución do 16 de abril de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (DO nº 77 do 23 de abril).

Esta liña de axudas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Poden ser beneficiarias destas axudas: as mulleres que sufran violencia de xénero, as persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero, as persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero e as persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 2.2 das bases reguladoras da citada Resolución do 16 de abril: estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento e que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria

❑ Prestacións de servizos.

- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección. (véxase páx.199)

Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Estes expedientes ábreanse pola entrada no PCOP, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade, da comunicación dos xulgados competentes da adopción dunha resolución xudicial (auto ou sentenza) que implica pronunciamento sobre medidas ou ordes de protección. A información (sentenzas/autos/medidas/ordes de protección) remítese desde os xulgados. O funcionamento xeral é de apertura dun expediente por vítima; o que supón que en certo número de casos dentro dun mesmo expediente, faise un seguimento a sucesivas medidas ou ordes de protección.

- Acreditacións da Condición de Violencia de Xénero.

Solicitudes e expedición de certificacións/acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero.

- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

O artigo 2º.b da orde do Orde do 2 de maio de 2006 establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa, a Certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade.

- Informe técnico da Secretaría Xeral da Igualdade.

Debe incluír referencias á situación persoal e familiar da solicitante, á intervención social acordada e a súa situación de vivenda, aos efectos da adxudicación directa de vivendas de aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero (Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade

Autónoma de Galicia e Orde do 12 de xullo de 2007 pola que se regulan medidas de acción positiva para a adxudicación de vivendas no programa de vivenda de aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero).

Datos Estadísticos 2014.

1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único.

Nº resolucións favorables			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	4	24	28
Lugo	1	4	5
Ourense	2	4	6
Pontevedra	5	21	26
Total	12	53	65

2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico.

Nº resolucións favorables			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	38	84	122
Lugo	12	24	36
Ourense	18	32	50
Pontevedra	38	90	128
Total	106	230	336

3.- Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da lei galega 11/2007.

Nº resolucíons favorables			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	1	5	6
Lugo	0	0	0
Ourense	0	0	0
Pontevedra	0	1	1
Total	1	6	7

4.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Novos expedientes seguidos			
	Nº expedientes		
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	137	195	332
Lugo	48	54	102
Ourense	28	34	62
Pontevedra	108	155	263
Total	321	438	759

Novos expedientes seguidos			
	Nº ordes de protección		
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	161	184	345
Lugo	79	60	139
Ourense	26	38	64
Pontevedra	136	132	268
Total	402	414	816

5.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

Nº certificacións emitidas			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	29	45	74
Lugo	8	13	21
Ourense	10	10	20
Pontevedra	47	39	86
Total	94	107	201

Artigos 14 e 15: Formación nas universidades e formación da totalidade das e dos profesionais

☐ Plan anual de formación do profesorado.

Ademais das accións particulares en cada un dos centros que poidan abordar estas temáticas, (formación en centros, grupos de traballo e seminarios permanentes), os servizos de formación do profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria organizaron, durante o ano 2014, diversas actividades relacionadas coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero, entre as que destacamos:

- Curso “*Abordaxe da violencia de xénero dende o ámbito educativo*” ” (30h).

O curso, desenvolvido en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, está deseñado para darlles consecución aos seguintes obxectivos:

- Propor marcos explicativos adecuados para a comprensión e valoración da violencia de xénero como unha violencia especificamente dirixida ás mulleres.
- Facilitar consellos útiles e orientacións de actuación desde as aulas, e permitirlle ao alumnado coñecer a terminoloxía básica que se utiliza ao falar da violencia de xénero.

- Ofrecerlle ao profesorado ferramentas útiles para traballar na prevención da violencia de xénero, dando a coñecer as estratexias coeducativas como principal medida de prevención contra a desigualdade e a violencia de xénero.

- Curso “*Consumo e xénero*” (30h).
- Curso “*Estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo*” (30h). Desenvolvido en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade.
- Curso “*Orientación, tutoría e construción da identidade libre de estereotipos de xénero*” (30h). Desenvolvido en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade.
- XV Foro Galego de Educación en igualdade “O papel da escola na construción das identidades masculinas” (12h). Desenvolvido pola Secretaría Xeral da Igualdade.

❑ Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos

Continuando na liña de anos anteriores pero incorporando novas dimensións, desde o curso 2013-2014, o Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos ofrece aos centros educativos a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas impartidas por expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre diferentes temáticas que favorezan a mellora da convivencia e o achegamento destes profesionais á cidadanía, ao mesmo tempo que facilita actuacións moi en consonancia coa Acción Titorial e as propostas do Plan de Convivencia desenvolvidas nos centros educativos. Entre estas actuacións que se aboradan atópase a violencia de xénero.

❑ Plan PROXECTA

O Plan Proxecta é unha iniciativa da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** en colaboración con diferentes organismos dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa favorecendo a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo e cooperativo do alumnado e do profesorado

implicado. Para iso, o obxectivo central deste plan é construír modelos de mellora mediante proxectos interdisciplinares integrados na programación xeral anual e nas programacións do profesorado participante que teñan un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro no que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega mediante a súa difusión desde os canles dixitais da Consellería.

No curso 2014-2015 mativéronse dous programas educativos **en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade** no marco do Plan Proxecta, “Por 365 días de respecto e igualdade” e Donas de sí”, e incorporouse un programa novo “Rapazas emprendedoras nas TIC”.

- **“Por 365 días de respecto e igualdade”**, destinado a 10 centros públicos, para alumnado de ESO, Bacharelato e FP.

O seu obxectivo é proporcionarlle ás mozas e mozos galegos, dende a escola, formación e ferramentas que lles permitan coñecer e recoñecer a violencia contra as mulleres, e actuar na súa prevención, fomentando a autoestima, a autonomía, o coñecemento da construción social das súas identidades sexuais e a asignación de roles, o que permitirá traballar na eliminación de estereotipos sexistas e de falsas crenzas.

O Programa é un dobre convite ao profesorado: por un lado para reflexionar en primeira persoa sobre a violencia de xénero, e en segundo lugar, a compartilo co seu alumnado a través das actividades propostas. As actividades teñen como primeiro obxectivo proporcionar ao profesorado recursos que dun xeito sinxelo lles facilite coñecer de primeira man que pensan e senten as súas alumnas e alumnos e como o expresan. Abordar a violencia cara ás mulleres pode facerse dende diferentes perspectivas, pero se o que queremos é previr esta violencia, é fundamental indagar nas súas causas e facer ver que a violencia de xénero está profundamente ligada a un xeito de entender as relacións baseado en mitos, falsas crenzas, malas maneiras de entender o que é un home ou o que é unha muller e o que é unha relación amorosa. Por isto nalgunhas actividades propostas nas unidades didácticas de apoio que se poñen a disposición do profesorado suxírese invitalos a pensar acerca das infinitas

maneiras de ser home e de ser muller, de relacionarse preguntando e contestando ao propio desexo, indagando no que significa ser libres.

Entre as actividades do programa recóllense as seguintes:

- Formación: Formación en igualdade e contra a violencia de xénero
- Apoio ao profesorado: Asesoramento a cargo de persoal especialista pluridisciplinar para un óptimo aproveitamento dos recursos:

Recursos:

- Unidade didáctica "Cartas de Amor"
- Exposición "Cartas de Amor". Xunto coa exposición ofértase un obradoiro práctico que desenvolve unha persoa experta en igualdade e xénero.
- Apoio ás familias: Sesións de de información e sensibilización no ámbito da violencia de xénero

Os recursos que o programa pon a disposición de alumnado e profesorado son tanto unidades didácticas como materiais de apoio (exposicións, cartelería....),

Actividades complementarias:

- Obradoiros sobre "Violencia de xénero e o novo contexto dixital", centrados no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sextorsión.
- Charlas informativas a cargo de persoal da Policía Autonómica sobre a violencia de xénero e as súas manifestacións.
- Charlas informativas a cargo de persoal dun Centro de Acollida a vítimas da violencia de xénero ou dun Centro de Información ás Mulleres sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas.
- Participación no proxecto europeo "*Mocidade contra a violencia de xénero*", no que participa a Xunta de Galicia con socios de Italia, Romanía, Brasil, Cabo Verde e Mozambique, e elaboración dun vídeo sobre violencia de xénero previa formación/información impartida por mozos e mozas integrantes do proxecto.

Centros seleccionados no curso 2014-2015 para desenvolver o programa "Por 365 días de respecto e igualdade": Prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo.

Centro	Concello	Provincia
CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	A Coruña
CPI As Revoltas	Cabana de Bergantiños	A Coruña
IES Laxeiro	Lalín	Pontevedra
IES de Arzúa	Arzúa	A Coruña
IES Do Camiño	Palas de Rei	Lugo
IES Moncho Valcarce	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña
IES Salvaterra de Miño	Salvaterra de miño	Pontevedra
IES Mestre Landín	Marín	Pontevedra
IES Plurilingüe Fontexería	Muros	A Coruña
IES Perdouro	Burela	Lugo

- **“Donas de si”**, destinado a 14 centros educativos, para alumnado de ESO e Bacharelato.

O obxectivo deste programa é a visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e desenvolvemento da sociedade galega contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico e cultural e se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas e/ou secundarias. Para elo propón realizar unha aproximación de conxunto, que contemple a variable xénero, a figuras relevantes da nosa historia para construír e divulgar a memoria histórica feminina de Galicia.

No curso 2014-2015 os proxectos que se presenten xirarán en torno a como se articulan, dende metade do século XIX ata a época actual, as bases para a

emancipación das mulleres e tomarán como punto de partida a unidade didáctica "Unha voz rompedora: Concepción Arenal. A visitadora de cárceres".

Centros seleccionados no curso 2014-2015 para desenvolver o programa "Donas de si"

Centro	Concello	Provincia
IES Ramón Menéndez Pidal	A Coruña	A Coruña
IES Chano Piñeiro	Forcarei	Pontevedra
IES Carlos Casares	Viana do Bolo	Ourense
IES de Quiroga	Quiroga	Lugo
IES Saturnino Montojo	Ferrol	A Coruña
IES Ramón Otero Pedraio	Ourense	Ourense
IES Plurilingüe Fontexería	Muros	A Coruña
IES A Cachada	Boiro	A Coruña
IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago	A Coruña
IES Pazo da Mercé	As Neves	Pontevedra

- **“Rapazas emprendedoras nas TIC”**, destinado a 15 centros educativos, para alumnado de 1º e 2º de ESO

O obxectivo deste programa é fomentar o emprendemento das rapazas de secundaria a través das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). O programa está relacionado con varias iniciativas a nivel europeo, como o proxecto europeo “ICT-Go-Girls! Promoting Entrepreneurship Among Secondary School Girls through ICT”, no que participa a Secretaría Xeral de Igualdade, e o “Girls in ICT Day”, promovido pola International Telecommunication Union (ITU) a nivel internacional.

**Centros seleccionados no curso 2014-2015 para desenvolver o programa
“Rapazas emprendedoras nas TIC”**

Centro	Concello	Provincia
IES A Cachada	Boiro	A Coruña
CPI Plurilingüe O Cruce	Cerceda	A Coruña
IES Campo de San Alberto	Noia	A Coruña
IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	Castro de Rei	Lugo
IES Francisca Daviña Rey	Monforte de Lemos	Lugo
IES Carlos Casares	Vigo	Pontevedra

- Tamén, dentro do Plan Proxecta 2014-2015 o Programa “**Quérote+**”, da **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**, proponlles aos centros participantes o desenvolvemento do proxecto “Ciclo de Vida Adolescente”, que levan a cabo conxuntamente alumnado e profesorado de 3º da ESO, co fin de traballar a educación afectivo-sexual. A través dunha colaboración entre os centros de ensino e os centros Quérote+ búscase que mozos e mozas desenvolvan, dentro dos obxectivos e das liñas estratéxicas do Plan Proxecta, a educación en valores e as súas competencias mediante un proxecto interdisciplinario. Un proxecto que, integrado nas programacións específicas do profesorado e na programación xeral anual do centro, logre aprendizaxes activas e cooperativas centradas en cuestións de interese e motivantes para o alumnado e relacionadas co seu contorno máis próximo.

O centro de ensino selecciona unha das modalidades propostas por Quérote+, poñéndoo en relación coas temáticas recollidas na modalidade elixida. O persoal do centro inscrito como participante realiza un proxecto no que se reflectirán as iniciativas/actividades que implantarán ao longo do curso nas súas clases e/ou titorías, para acadar o desenvolvemento das competencias e dos valores abordados. Un dos elementos que ten que recoller o proxecto é o desenvolvemento de actividades que incidan na contorna das persoas participantes.

❑ Proxecto Relaciona: A responsabilidade na igualdade, unha cuestión de cambio de actitude”

Relaciona é un proxecto para o fomento da igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero desde o ámbito escolar, dirixido ao profesorado, mediante a súa sensibilización e formación. Na actualidade, está dedicado á educación e á actividade como medio para previr a violencia de xénero, como elementos determinantes na construción da personalidade e as relacións entre os sexos.

En Galicia lévase a cabo mediante o financiamento do Fondo Social Europeo e o Instituto da Muller do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a convocatoria e coordinación da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e a colaboración da Dirección xeral de Educación, F.Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Persoal destinatario da acción: profesorado de educación infantil, primaria e secundaria

Modalidade: grupo de traballo

Persoas destinatarias: profesorado de educación infantil, primaria e secundaria

Duración: total: 12 horas (distribuídas en varias xornadas)

Obxectivos:

- Promover o debate entre o profesorado sobre as situacións de violencia que se producen nos centros educativos.
- Reflexionar sobre a importancia da práctica docente nos cambios dos modelos e os valores que se asocian á masculinidade e a feminidade.
- Prestar atención ás relacións e a comunicación na educación como medio imprescindible para eliminar a violencia.

Metodoloxía:

- Partir da situación de cada centro educativo e das experiencias que as persoas participantes poñan en común.
- Aclarar conceptos e analizar conflitos concretos que xurdiran no centro.
- Propor solucións, dando especial relevancia ao valor das relacións e da comunicacións nos procesos educativos.

En 2014, a formación do Proxecto Relaciona tivo lugar nos seguinte centros:

Provincia	Centro	Localidade
A Coruña	IES Agra De Raíces	Cee
Lugo	IES Do Camiño	Palas de Rei
Pontevedra	CEIP Isadora Riestra	Poio
Pontevedra	IES Sanxenxo	Sanxenxo

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

❑ Formación no ámbito da Administración pública:

Ao longo de 2014, a **Escola Galega de Administración Pública** desenvolveu diversas actividades formativas en materias relacionadas coa igualdade e a prevención da violencia de xénero, incluíndo a continuación tanto as actividades financiadas pola EGAP cos fondos de formación para o emprego nas administración públicas, como as actividades formativas desenvoltas ao abeiro de convenios de colaboración con outras entidades.

As actividades preséntanse atendendo tanto ás persoas destinatarias da formación coma á especificidade ou non dos contidos.

- *Actividades específicas en materia de Xénero para persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*

Esta formación, organizada pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en colaboración coa **Secretaría Xeral de Igualdade** diríxese ao persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade é a de achegar os conceptos básicos en materia de igualdade de oportunidades e as ferramentas necesarias para a integración da perspectiva de xénero no traballo cotián do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

No ano 2014 desenvolvéronse 5 actividades específicas nesta materia, na modalidade de formación presencial nas que se impartiron un total de 114 horas de formación a 113 persoas:

- a) *Formación básica en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes*
 - b) *Violencia de xénero.*
 - c) *Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública*
 - d) *Elaboración de normativa con perspectiva de xénero*
 - e) *Igualdade e xénero: perspectiva xurídica*
- *Actividades específicas en materia de xénero para o persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia.*

No marco da formación desenvolvida pola EGAP en colaboración coa **Dirección Xeral de Xustiza**, no ano 2014 realizáronse dúas edicións do curso de *Violencia de xénero e familiar (tramitación)*, cuxo obxectivo xeral é coñecer os principais instrumentos institucionais e legislativos adoptados no marco autonómico e nacional como resposta á violencia familiar. Asemade, este obxectivo xeral concrétese cos seguintes obxectivos específicos:

1. Estudar os tipos penais máis característicos da violencia de xénero.
2. Distinguir en que asuntos é competente un Xulgado de Violencia sobre a Muller
3. Coñecer cales son os procedementos ante este Xulgado e como se tramitan.
4. Saber que medidas xudiciais de protección e seguridade poden ser adoptadas a favor das vítimas.

80 persoas participaron deste curso, que consta, en cada unha das edicións, dun total de 30 horas de formación na modalidade *on line*.

- *Actividades non específicas en materia de xénero que inclúen contidos sobre xénero dirixidas ao persoal da Administración autonómica, das entidades locais e da Administración de xustiza.*

Ademais da formación especificamente centrada en materia de igualdade, a EGAP incorpora este tipo de contidos nos programas doutras actividades formativas. É o caso dos cursos de *Perfeccionamento de xefatura de sección* e *Perfeccionamento de xefatura de negociado*, que se imparten tanto para o persoal da Administración da Comunidade Autónoma como para o persoal de administración e servizos (PAS) das tres Universidades de Galicia, e que inclúen un módulo formativo sobre xénero e igualdade nas administracións públicas (de 15 horas de duración).

Outras actividades, como a de *Xestión sostible e responsabilidade social na Administración pública*, inclúe contidos acerca de igualdade, non discriminación e conciliación da vida familiar e laboral.

O curso Xulgados de garda e xulgados de instrución, *Xestión do servizo de garda*, dirixido ao persoal da Administración de Xustiza, pretende proporcionar coñecementos específicos de xestión procesual, atendendo aos procedementos especiais relativos a menores, persoas estranxeiras e vítimas de violencia doméstica.

Por outra parte, impártense contidos sobre linguaxe non sexista no curso sobre o Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais, orientados a que o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma coñeza alternativas para evitar os estereotipos de xénero na linguaxe e empregue unha linguaxe igualitaria.

Inclúese así mesmo neste apartado a *Xornada sobre a Avaliación psicolóxico-forense da credibilidade do testemuño no abuso sexual infantil*, dirixida a psicólogos/as e médicos/as forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Así, no ano 2014 impartíronse módulos formativos relativos aos contidos de xénero nun total de 13 cursos, o que supuxo que 510 alumnos e alumnas puideron formarse en contidos xenéricos respecto do xénero e a igualdade, así como en materia de linguaxe non discriminatoria.

- *Actividades formativas organizadas en virtude dos convenios de colaboración asinados con outras entidades.*

Tamén se impartiron contidos en materia de xénero e igualdade en distintas actividades desenvoltas ao abeiro dos convenios de colaboración asinados con outras entidades.

Así, nos cursos realizados ao amparo do convenio entre o **Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral** e a EGAP, asinado o 3 de xaneiro de 2014, inclúense contidos de prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero. En concreto, no marco deste convenio, organizáronse 9 cursos de *Prevención de Riscos Laborais, nivel básico*, así como un curso de *Prevención de Riscos Laborais en actividades de tempo libre*; o que representa un total de 600 horas de formación e 490 prazas.

☐ Formación de profesionais do ámbito sanitario

A **Consellería de Sanidade**, a través do **Servizo Galego de Saúde**, continuando coa formación en violencia de xénero dos e das profesionais do ámbito sanitario de Galicia, realizou os seguintes cursos no ano 2014 :

- Curso básico dirixido a distintos profesionais dentro do ámbito sanitario
- Curso básico práctico para o alumnado que xa realizara o curso anterior

Curso	Data	Alumnas	Alumnos	Total alumnado
Curso básico de prevención e atención sociosanitaria da violencia cara ás mulleres	5-24 maio	47	3	50
Curso básico práctico de atención sociosanitaria da violencia cara ás mulleres	6-26 outubro	48	2	50

Fonte: Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde

☐ Formación de profesionais dos Centros de Información ás Mulleres de Galicia

A Secretaría Xeral da Igualdade organizou e desenvolveu durante o mes de decembro de 2014, nas catro provincias galegas, e dirixido á totalidade de persoal dos CIMs, o

curso “*Violencia de Xénero e Sexual en Internet, Redes Sociais e Smartphones: Coñecer, Previr e Actuar*”.

O curso encádrase dentro das actividades de formación que celebra a Secretaría Xeral da Igualdade periodicamente e que dá cumprimento a un **dos obxectivos do VI Plan Galego para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes**.

Os días 1 e 2 de decembro realizouse en Lugo, en Ourense fíxose o propio o 3 e 4, na cidade de Vigo o 9 e 10, rematando en Santiago os días 11 e 12 de decembro. Asistiron profesionais dos Centros de Información ás Mulleres, dos centros de acollida para vítimas de violencia de xénero e dos servizos de familia e menores.

O obxectivo era seguir achegando coñecementos para a mellora na atención e a intervención por parte dos e das profesionais que en Galicia traballan con mulleres e menores que sofren violencia de xénero.

A actividade cunha duración de 20 horas lectivas -10 presenciais e 10 online- foi impartida por profesionais de ‘PantallasAmigas’, unha entidade amplamente recoñecida polo seu traballo no eido dixital e que desde 2010 se centra en combater a Ciberviolencia de xénero.

O curso tratou temas como o ciberacoso, sexting, sextorsion e cyberbullying, ademais de afondar nas características da rede o uso seguro de internet, as redes sociais de uso máis común entre as mozas e mozos galegos, seguridade e privacidade nos smartphones, aspectos legais e ciberdelitos, etc.

Número de persoas que realizaron a formación:

	Lugo	Ourense	Vigo	Santiago	TOTAL
Mulleres	21	24	52	40	137
Homes	2	4	3	5	14
TOTAL	23	28	55	45	151

❑ Formación para Profesionais da psicoloxía

O convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de

Galicia para para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e tamén para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, recolle no seu clausulado que as psicólogas e psicólogos de ambos programas, deberán de cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan, elaborándose para este fin e de xeito conxunto, programas formativos mínimos.

Tamén se establece que, de estimarse oportuno, se incorporarán a esta formación as e os profesionais dos centros, oficinas e puntos de información ás mulleres que se determine, así como outros/as profesionais que estean colaborando coa Secretaría Xeral da Igualdade no tratamento da violencia contra as mulleres.

No ano 2014 leváronse a cabo dous obradoiros formativos dirixidos ás e aos profesionais destes programas, dos Centros de información ás mulleres e do Centro de recuperación integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero:

- *Obradoiro de formación: “As/os menores vítimas da violencia de xénero”*

Este obradoiro desenvolveuse os días 26 e 27 de setembro de 2014 en Santiago de Compostela e o seu obxectivo era proporcionarlle ás/aos profesionais ferramentas teórico-prácticas para atender ás/aos menores vítimas de violencia de xénero de xeito eficaz.

O desenvolvemento do programa foi eminentemente práctico e vivencial. O enfoque metodolóxico e a construción activa do aprendizaxe, na que os contidos de cada unidade temática se constrúen dense unha dinámica vivencial e de traballo en grupo.

O obradoiro foi impartido por Pepa Horno Goicoechea, psicóloga e consultora en infancia, afectividade e protección en espirales consultoría e infancia.

Os contidos do obradoiro foron os seguintes:

1. Afectividade e violencia

- Introducción

- Amor, poder e violencia

- . A vivencia da vítima

- . Consecuencias no desenvolvemento emocional, social e cognitivo das/os menores.

- 2. Mirar, acompañar, intervenir
 - Procesos de acompañamento afectivo
 - . Límites e potencialidade do proceso de acompañamento
 - . Estratexias que fomentan un acompañamento afectivo eficaz
 - Mirando as/os menores vítimas de violencia de xénero
 - . Características diferenciais das/os menores vítimas da violencia de xénero
- 3. Fomentar a participación da/o menor no proceso de intervención
 - Claves para á intervención
 - Recursos necesarios e recursos dispoñibles
 - Técnicas corporais dentro da intervención
- *Obradoiro de formación: “Estilos de apego e a súa relación coa conduta violenta”*

O seu obxectivo era proporcionarlle ás/aos profesionais ferramentas teórico-prácticas para poder entender e traballar os diversos tipos de apegos e a súa relación coa conduta violenta.

Tivo lugar en Santiago de Compostela os días 21 e 22 de novembro de 2014 e o seu desenvolvemento foi teórico-práctico, cun enfoque metodolóxico na que os contidos de cada unidade temática se vai construíndo dende unha explicación teórica apoiada en casos prácticos.

Este obradoiro foi impartido por Anabel González Vázquez, psiquiatra e psicoterapeuta, formada en EMDR, terapia grupal e psicodrama, terapia cognitivo-neurofeedback.

Os contidos do obradoiro foron os seguintes:

1. Os tipos de apego
2. Relación entre apego e violencia
3. Apego e disociación
4. Apego e regulación emocional
5. Regulación emocional interpersonal
6. Apego, violencia e familia
7. Apego, violencia e parella
8. Intervencións terapéuticas específicas

❑ Formación de voluntariado en materia de violencia de xénero

A finais do ano 2012 , a Secretaría xeral da Igualdade e a Dirección xeral de Xuventude puxeron en marcha un programa de voluntariado específico para apoiar e acompañar ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas, ata a actualidade, realizáronse catro edicións do curso básico en liña nas que participaron 3.137 alumnas e alumnos.

En 2013 levouse a cabo a segunda fase da formación, ofrecendo un curso máis especializado no Centro de Emerxencia para Vítimas de Violencia de Xénero de Vigo, CEMVI. O obxectivo desta actividade era poñer a disposición do CEMVI unha bolsa de voluntarios e voluntarias que puidesen colaborar cos e cas profesionais da institución para darlle unha atención máis integral e máis individualizada ás usuarias do Centro.

Nese mesmo ano a Xunta editou a “Guía para o voluntariado de violencia de xénero” que se distribúe entre os voluntarios e voluntarias co obxectivo de apoiar a súa acción voluntaria e reforzar a súa implicación en contra da lacra social que supón a violencia contra as mulleres

Seguindo na liña marcada en exercicios anteriores, en 2014 a Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección xeral de Xuventude e Voluntariado volveron colaborar na organizaron **dun novo curso de Voluntariado e Violencia de Xénero**, que se desenvolveu no Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero (CRI), e contou coa participación de 15 voluntarias e voluntarios e tivo unha duración de 25 horas.

Os primeiros módulos deste curso abordaron o concepto de violencia de xénero, as consecuencias psicolóxicas das vítimas; o recoñecemento de sinais de impacto persoal en menores, técnicas de habilidades comunicativas e sociais e estratexias de motivación e control das emocións.

Ademais, tamén se incluíron módulos destinados a coñecer os dereitos das mulleres que sofren violencia de xénero -con especial atención aos recursos á súa disposición-, pautas de actuación do persoal voluntario, técnicas de autocoidado, e cómo colaborar como persoal voluntario do CRI.

Capítulo III: Medidas no ámbito educativo

Artigo 16. Actitudes.

Artigo 17. Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero.

Artigo 18. Edición e adaptación de materiais.

Artigo 19. Revisión e adaptación do currículo educativo.

Artigo 20. Plans de acción tutorial.

Artigo 21. Proxectos educativos e curriculares de centro.

Artigo 22. Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia.

Artigo 23. Inspección educativa.

Para a prevención da violencia de xénero, a educación e a formación en igualdade da comunidade educativa é unha cuestión fundamental. A desaparición dos prexuízos e estereotipos de xénero desde a escola é absolutamente imprescindible para lograr xeracións futuras corresponsables, igualitarias e tamén máis felices. É por iso que se presta unha especial atención a todas as actuacións desenvolvidas no eido educativo, ao marxe da formación dos e das profesionais, xa mencionadas. En particular, desde este capítulo se presta atención ás estruturas escolares e como a igualdade entre nenos e nenas e a prevención da violencia de xénero impregnan o ámbito escolar.

Artigo 16: Actitudes

As actividades dirixidas á comunidade escolar, incluíron, ademais daquelas que integran o Plan Proxecta e o Plan Director, e das que se programen nas distintas áreas dentro da abordaxe curricular como tema transversal prevista na norma, aquelas que se planifiquen dentro da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, establecido o 25 de Novembro de 2014 mediante a ORDE do 13 de xuño de 2014 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/15 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 17: Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

No 2011 promulgouse o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. E no seu artigo 28, dentro do capítulo dedicado á

“promoción da escolarización e da Formación”, recóllese a atención ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar, da seguinte forma:

1. A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.
2. Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantírase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

No ano 2012 aprobouse o Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de decembro de 2012).

O capítulo II, Sección 3ª do citado Decreto dedica o seu articulado ao Procedemento extraordinario de admisión, establecendo no artigo 13 que “A administración educativa asegurará a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de actos de violencia de xénero ou acoso escolar, e adoptará as medidas necesarias para que os centros educativos lles presten especial atención”.

No ano 2013, en desenvolvemento do dito decreto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aprobou a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.

No seu artigo 46 regula a escolarización de alumnado derivada da situación de violencia de xénero, establecendo que “unha vez iniciado o curso escolar, cando a alumna ou a nai ou titora do alumnado, por razón de violencia de xénero, se vexan obrigadas a abandonar a localidade de residencia onde radica o posto escolar,

poderán solicitar o cambio de centro por este motivo, de acordo co previsto no artigo 13 do Decreto 254/2012, do 13 de decembro”.

A **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** escolarizou de xeito inmediato as nenas e nenos afectados por cambio de centro derivados de situacións de violencia de xénero, facilitando unha atención especial a este alumnado no centro educativo. O número de casos (mulleres vítimas de violencia de xénero que solicitaron a escolarización de fillos/as por violencia de xénero) ata o 30 de xaneiro de 2015, por provincia é o seguinte:

Curso	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
2013-2014	6	4	2	11	23
2014-2015	4	1	1	15	21

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Artigo 18: Edición e adaptación de materiais

A aprobación dos materiais curriculares e libros de texto por parte da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, require e garante que todos os materiais deben adaptarse ao establecido nos currículos oficiais; De aí que o principio de igualdade está presente nos manuais de utilización nas aulas.

Artigo 19: Revisión e adaptación do currículo educativo.

No ano 2014, mediante o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia publicouse o currículo de educación primaria. Logo da publicación do RD 1105/2014, do 26 de decembro, atópase en fase de elaboración o currículo de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato. En concreto, no citado Decreto 105/2014, o tratamento da igualdade a da violencia de xénero figura nos seguintes artigos:

Artigo 3. Obxectivos da educación primaria

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia,

aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

Artigo 11. Elementos transversais

3. Así mesmo, a consellería competente en materia educativa promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A programación docente debe comprender, en todo, caso a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Artigo 20: Plans de acción tutorial

Todos os centros educativos contan cun **Plan de Acción Tutorial (PAT)**, elaborado polo Departamento de Orientación, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), e ofrecendo apoio e soporte técnico ás actividades de tutoría que o profesorado realiza no centro.

O PAT é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción de tutoría nos centros, e inclúe tarefas tutoriais e orientadoras, como un conxunto de actividades educativas insertas no currículo e que teñen unha dimensión técnica e unha dimensión humana. Trátase dun proceso que forma parte da concreción curricular do centro.

Entre as áreas ou bloques de contidos a traballar en xeral no PAT e referidas ao alumnado destácase: ser persoa, convivir e pensar (valores, decidir, convivir...), diversificar e adaptar (aprendizaxes específicas e medidas de atención á diversidade), orientar (autocoñecemento, toma de decisións..) e temas transversais adecuados a cada etapa; **entre estes destácase a educación para a igualdade de oportunidades**, poñendo especial esforzo en favorecer o interese e motivación cara ao estudo e adquisición de hábitos de estudo e de técnicas e estratexias de traballo intelectual dende as diferentes áreas.

Os aspectos relativos á orientación académico-profesional, aínda que se desenvolvan a través da acción tutorial, están incluídos nun plan propio, e sempre tendo en conta a igualdade de oportunidades do alumnado á hora de continuar estudos ou adquirir a formación axeitada para a súa incorporación ao mundo laboral, con independencia do sexo do alumnado.

Polo tanto, os aspectos referidos á eliminación de estereotipos sexistas non son tratados en apartados específicos, senón que deben traballarse a través de todas as áreas e nos diferentes plans ou programas que se establezan en cada centro ao respecto, destacando o Plan de Acción Tutorial.

Artigo 21: Proxectos educativos e curriculares de centro

Seguindo a senda do curso 2013-2014, no curso 2014-2015 incorporáronse dous programas educativos en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade no marco do Plan Proxecta (véxase páxina 72) da da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o fomento da innovación educativa nos centros mediante o desenvolvemento de proxectos interdisciplinarios integrados na programación do profesorado participante.

Sinalar tamén que os centros educativos dispoñen de autonomía para definir o seu modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que se concreta no Proxecto Educativo de Centro (PEC), nas súas concrecións curriculares e normas de funcionamento (Regulamento de Réxime Interno, Programación Xeral Anual ...); así o recollen os Regulamentos Orgánicos dos Centros .

Partindo da análise das necesidades educativas específicas do alumnado, das características do contorno do centro (social e cultural), o PEC fixará os seus obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, sendo elaborado polo equipo directivo, cos criterios, aprobación e avaliación do Consello Escolar e coas propostas do Claustro do profesorado.

O PEC recolle valores, obxectivos e prioridades de actuación e incorpora a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, coa finalidade de que o alumnado adquiera e desenvolva as competencias básicas establecidas. Tamén recollen o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e

outras ensinanzas, respectando o principio de non discriminación e inclusión educativa como fundamentais, recollendo a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial.

As concrecións curriculares para cada unha das etapas que se impartan no centro serán redactadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), quen supervisará a súa elaboración, seguindo o currículo oficial e os criterios establecidos polo Claustro. Estas concrecións incluírán unhas directrices xerais de decisión, ademais do Plan de Orientación Académica-Profesional, o Plan de Acción Tutorial e as Programacións Didácticas.

As medidas de coeducación son tidas en conta de forma xeral na elaboración e redacción tanto dos obxectivos como dos contidos e mesmo das competencias básicas, e, como non, nas metodoloxías a empregar no desenvolvemento das actividades propostas, aínda que non de forma diferenciada, xa que cada centro os adecúa ás súas características.

Artigo 22: Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia

En relación á representación e participación no consello Escolar de Galicia do órgano da Administración autonómica que ostente a competencia en materia de igualdade, debe levarse a cabo una modificación na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia", de cara a recoller a incorporación ao Consello da representación e participación do órgano que exerza a competencia en materia de igualdade na administración autonómica.

Artigo 23: Inspección educativa

Os servizos de inspección educativa do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de educación velan polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos no capítulo III da Lei, destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.

Corresponden ao ámbito da autonomía dos centros e ao control específico da Inspección educativa.

03.3 Titulo II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico.

Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial.

Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección.

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e emprego.

Capítulo V: Medidas de carácter económico.

Neste apartado compréndense as medidas enfocadas a regular as actuacións tanto dos poderes públicos como do persoal profesional co fin de garantir unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral á mulleres vítimas de violencia de xénero. Medidas de protección tales como dispositivos de alarma (Atenpro), programas de reeducación, etc. Así mesmo, faise referencia ás distintas prestacións e axudas económicas para as mulleres en situación de violencia, como a prestación periódica establecida pola Xunta de Galicia, dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica.

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico

Artigo 24. Dereito á atención sanitaria.

Artigo 25. Atención psicolóxica.

Artigo 26. Protocolo de actuación.

Artigo 27. Rexistro de casos.

Artigo 24: Dereito á atención sanitaria

Dende o Servizo Galego de Saúde realizáronse cursos e formacións específica para a utilización da Guía técnica do proceso de atención á mulleres en situación de violencia de xénero así como instrucións para cubrir os partes de lesións no aplicativo informático lanus. Dentro desa formación, se inclúe a explicacións do fluxograma de toma de decisións para os distintos casos de sospeita de violencia cara á muller en cada consulta. Tamén ao longo do ano 2014 leváronse a cabo accións formativas en relación á atención sanitaria das mulleres inmigrantes.

Artigo 25: Atención psicolóxica

Recoñécese na lei o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta para as e os menores e para outras persoas dependentes que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, que comprenderá medidas de apoio psicosocial específicas e adaptadas ás súas características e necesidades.

Toda a asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde é gratuíta e no protocolo de actuación contéplase a derivación ao servizo de saúde mental para ser atendidas por persoal facultativo da psicoloxía ou psiquiatra cando se considere necesario.

- ❑ Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores, así como outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

Este programa está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

O programa xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía**, e conta cunha psicóloga coordinadora e unha rede de 124 profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada.

Inclúese ademais no convenio, a cobertura da asistencia domiciliaria en caso de morte por violencia de xénero con carácter de urxencia e en días non laborables, de ser preciso, así como a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias, e a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

O orzamento destinado no ano 2014 a este programa foi de 120.000 euros.

No ano 2014 beneficiáronse deste programa **355** persoas e participaron na intervención **124** profesionais da psicoloxía.

Persoas usuarias:



Total			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
192	52	16	95
Total: 355			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

A Coruña	Mulleres	144
	Menores	43
	Persoas dependentes	5
Lugo	Mulleres	31
	Menores	20
	Persoas dependentes	1
Ourense	Mulleres	15
	Menores	1
	Persoas dependentes	0
Pontevedra	Mulleres	62
	Menores	29
	Persoas dependentes	4

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia


Informe anual 2014 de violencia de xénero



Terapeutas:

Participación psicólogas/os do programa			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
53	11	12	48
Total: 124			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Ademais, no ano 2014 elaborouse e difundíronse, a través dos centros de información ás mulleres, centros de acollida, xulgados, centros de saúde, etc., 10.000 exemplares dun folleto informativo sobre o Programa de atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero, coa finalidade de achegar información sobre o mesmo tanto aos/ás profesionais que traballan na atención a vítimas de violencia de xénero como á sociedade en xeral.

☐ Programa Abramos o Círculo

O programa Abramos o Círculo é un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: información e atención, e intervención psicolóxica personalizada. Xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**.

O programa conta cun/cunha psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional e inclúe a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.


O orzamento destinado no ano 2014 a este programa foi de 34.600 euros.

No ano 2014 beneficiáronse deste programa un total de **93 homes** e participaron na intervención **76 profesionais da psicoloxía**.

Homes usuarios:

Beneficiarios			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
45	1	3	44
Total: 93			


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Terapeutas:

Participación psicólogas/os do programa			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
34	2	7	33
Total: 76			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



❑ Programa Desconexión

Este programa foi ofertado pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, no último trimestre do ano 2014, ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero , ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP

O obxectivo deste programa é o de reforzar os vínculos materno-filiais e socio-afectivos e darlle peso ao ocio e tempo libre conxunto destas nais e as súas fillas e fillos menores a través dunha serie de actividades formativas e terapéuticas, sempre cun enfoque lúdico e participativo.

O programa tamén inclúe accións con menores no eido da terapia ocupacional a través das artes plásticas para traballar a igualdade e a prevención da violencia de xénero.

Concedeuse a actuación a 15 entidades locais:

PROVINCIA	CONCELLOS
A Coruña	Betanzos
	Cariño
	Cee
	Ordes
	Santiago de compostela
	Teo
Lugo	Barreiros
	Burela
	Láncara
	Paradela
	Samos
Pontevedra	A Guarda
	O porriño
	Poio
	Redondela

❑ Programa de intervención con nenos e nenas vítimas de violencia de xénero

As situacións de violencia contra as mulleres afectan tamén as e os menores que se encontran no medio familiar, vítimas directas ou indirectas desa violencia, que necesitan de atención e medidas específicas que non teñen porque coincidir coas necesidades das nais; e ambas as dúas partes consideran prioritario potenciar unha intervención específica e especializada con menores expostos a situacións de violencia de xénero que tenten paliar, os efectos desa violencia.

Por isto a Secretaría Xeral da Igualdade considera de especial interese o desenvolvemento de programas específicos e especializados dirixidos a estes/as menores dado que se trata dun colectivo especialmente vulnerable.

No ano 2014 a Secretaría Xeral da Igualdade desenvolveu este programa dirixido a atención especializada a menores expostos a violencia de xénero, en colaboración coa **Fundación Meniños** que conta cun **Centro de asesoramento e terapia familiar** dirixido a familias que precisan solucionar problemas relacionados cos seus fillos e fillas e resolver dúbidas sobre o proceso educativo. Este centro conta cunha experiencia de intervención con familias e infancia, cunha traxectoria de máis de 15

anos e está integrado por psicólogos/as e terapeutas familiares especialistas en intervención familiar con infancia en dificultade social

O programa de intervención está formulado coa finalidade de actuar sobre as necesidades fundamentais dos nenos e nenas e adolescentes que sufriron de maneira directa ou indirecta a violencia de xénero promovendo a súa recuperación e benestar psicosocial.

Obxectivos xerais do Programa:

- Identificar o dano producido no neno ou na nena.
- Coñecer a historia de violencia.
- Informarse sobre a situación actual (Psicolóxica, educativa, social...).
- Establecer contexto de seguridade e alianza cos nenos e nenas e coas súas familias.
- Identificar os factores de risco e protección.
- Explorar as vivencias do neno/a.
- Decidir obxectivos de cambio e indicadores.
- Xerar cambios.
- Proporcionar estratexias de afrontamento.
- Restaurar vínculos.
- Consolidar cambios.

Temas específicos que se traballan coas familias:

Cos nenos e nenas:

- Problemas de comportamento.
- Dificultades de atención.
- Problemas de sono, ansiedade.
- Problemas coa alimentación.
- Baixa autoestima.

Coas nais:

- Promoción das súas habilidades parentais.
- Fortalecemento de vínculos saudables cos seus fillos e fillas.
- Ansiedade e depresión.

O programa de intervención consta de cinco fases:

- Admisión: Recepción e avaliación da información e apertura do expediente.
- Avaliación e deseño do plan de intervención. Inclúe entrevistas co/coa menor, coa persoa/organismo derivante e, de ser o caso, con outras persoas de referencia, e o deseño do plan de intervención.
- Intervención: Entrevistas co/coa menor, coas persoas de referencia (se hai posibilidades) en función das necesidades do/da menor, e aplicación de técnicas terapéuticas.
- Seguemento de actuacións: entrevistas co/coa menor e con persoas/organismos derivantes.
- Entrega: elaboración de informe final e entrevista coa persoa derivante.

O programa desenvolveuse en 2014 en Lugo, Ourense e Vigo, en colaboración cos centros de información ás mulleres e de acollida de ditas localidades e nel participaron 37 familias e un total de 43 menores (26 nenos e 17 nenas)

Artigo 26: Protocolo de actuación.

- ❑ Guía técnica de Atención á Muller en Situación de Violencia de Xénero



A Guía técnica de atención á muller en situación de violencia de xénero está implantada en todo o **ámbito sanitario galego**. Ademais, o Servizo Galego de Saúde desenvolve actuacións no ámbito sanitario propostas dentro do VI Plan galego para a Igualdade entre Homes e Mulleres.

Artigo 27: Rexistro de casos

Cada caso de violencia cara ás mulleres detectado no Servizo Galego de Saúde rexístrase mediante un parte de lesións cuberto polo/a facultativo/a correspondente. Desde hai dous anos, a aplicación informática lanus contén o formulario do parte de lesións para estes casos.

Para facilitar o uso dese formulario, marcáronse campos de obrigado cumprimento, para o rexistro do informe, e incorporáronse imaxes para indicar a localización das lesións. Este parte de lesións está dispoñible para o seu uso nos hospitais en episodios de hospitalización, urxencias e en consultas externas, nos centros de saúde e nos puntos de atención continuada.

Para a mellora da cumprimentación do parte de lesións e para evitar partes non específicos de violencia de xénero, incluíuse unha nota aclaratoria para cubrir só neses casos, evitándose, por exemplo, os partes realizados a homes.

Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial

Artigo 28. Atención xurídica.

Artigo 29. Asistencia letrada.

Artigo 30. Exercicio da acción popular.

Artigo 31. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.

Artigo 32. Intervención da administración.

Artigos 28 e 29: Atención xurídica e asistencia letrada

Un dos trazos máis salientables da regulación galega en materia de asistencia xurídica gratuíta establecida polo Decreto 269/2008, do 6 de novembro, que aproba o seu regulamento, atópase na incorporación de quendas de oficio específicas para a asistencia xurídica de mulleres maltratadas, pois requiren unha atención especializada.

Deste xeito dáse cumprimento ao establecido nos artigos 28 e 29 da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, os cales prevén que os servizos de orientación xurídica dos colexios

profesionais da avogacía de Galicia garantan a atención xurídica especializada en materia de violencia de xénero a través de profesionais con formación específica (art. 28.2), así como a dispoñibilidade na totalidade dos colexios profesionais da avogacía de Galicia dunha quenda de oficio en materia de violencia de xénero (art. 29.3).

Consonte isto, o citado Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, expresamente estableceu a constitución dunha queda de garda permanente durante as 24 horas do día, atendida por letrados especializados, para a prestación do servizo de asistencia letrada ás mulleres vítimas de delitos de violencia de xénero (art. 29.2 do Decreto 269/2008), así como o requisito complementario de formación para os avogados especializados que realicen a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero (art.30.2).

Cómpre salientar, así mesmo, a modificación operada na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro de asistencia xurídica gratuíta, a través do Real Decreto-Lei 3/2013, do 22 de febreiro, para recoñecer na súa letra g) o dereito de asistencia xurídica gratuíta ás vítimas de violencia de xénero, con independencia da existencia de recursos para litigar.

Neste ámbito, o total de actuacións certificadas polos Colexios de Avogados nos tres primeiros trimestres do ano 2014 en aplicación do módulo establecido (defensa xurídica da muller en dilixencias policiais, orde de protección e procedementos administrativos relacionados coa violencia de xénero e doméstica) elevouse a un total de 430 asuntos cun custo total para a Comunidade Autónoma de 44.173,90 €, segundo a seguinte táboa:

Colexios avogados	1º trimestre/2014		2º trimestre/2014		3º trimestre/2014		TOTAL	
	nº asuntos	importe	nº asuntos	Importe	nº asuntos	importe	nº asuntos	importe
A Coruña	37	3.801,01 €	27	2.773,71 €	42	4.314,66 €	106	10.889,38 €
Lugo	18	1.849,14 €	6	616,38 €	8	821,84 €	32	3.287,36 €
Ourense	16	1.643,68 €	14	1.438,22 €	8	821,84 €	38	3.903,74 €
Pontevedra	53	5.444,69 €	39	4.006,47 €	31	3.184,63 €	123	12.635,79 €
Santiago	10	1.027,30 €	11	1.130,03 €	12	1.232,76 €	33	3.390,09 €
Vigo	34	3.492,82 €	37	3.801,01 €	27	2.773,71 €	98	10.067,54 €
Ferrol	0		0		0		0	
Total	168	17.258,64€	134	13.765,82€	128	13.149,44€	430	44.173,90 €

Fonte: Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza.

Artigos 30 e 31: Exercicio da acción popular e Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados

En xullo de 2013, a Xunta de Galicia aprobou o Acordo polo que se aproba o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

Segundo dito protocolo cada vez que a Secretaría Xeral da Igualdade teña constancia dunha morte por violencia de xénero dará traslado inmediato de toda a información, á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, para que prepare a comparecencia.

Ademais, a Secretaría Xeral da Igualdade será a encargada de recadar toda a información posible sobre os casos deste tipo de violencia, tamén de xeito inmediato e protocolizado, para activar, se fose necesario, os recursos de carácter social que se puideran precisar: apoio a menores, atención psicolóxica, axudas económicas, etc.

Por parte da **Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia** leváronse a cabo durante o ano 2014 diversas ao abeiro do antedito acordo do Consello da Xunta, sobre o personamento en exercicio da acusación popular en todos os procesos penais por violencia de xénero con resultado de morte no territorio da Comunidade Autónoma Galega, consistentes na personación e/ou na intervención na práctica de dilixencias e formulación de escritos procesuais nas dilixencias previas seguintes:

-Dilixencias Previas 936/13 do Xulgado de Instrución Núm. 1 de Verín: Personación o 17.09.2013 estando inda en fase instrutora.

-Dilixencias Previas 1465/13 do Xulgado Xulgado de Instrución Núm. 2 de Marín: Personación en 2013. No 2014 formulouse escrito de acusación o 11.11.2014, pendente de sinalamento de acto de xuízo.

- Dilixencias Previas 31/2014 do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución núm. 2 de Viveiro Actualmente Tribunal do Xurado 31/2014:Escrito de personación presentado na data 27.01.2014, estando inda en fase instrutora.

-Dilixencias Previas 648/2014 do Xulgado de Instrución Núm. 3 de Lugo: Personación por medio de escrito de 07.03.2014. Por medio de Auto do 19.05.2014 remitíronse

actuacións ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución núm. 2 de Cangas do Morrazo no que se tramitan actualmente como DPPA 697/2014.

-Dilixencias Previas 395/14, ante o Xulgado de Violencia sobre a Muller da Coruña: Escrito de personamento presentado na data 05.05.2014, estando inda en fase instrutora.

Artigo 32: Intervención da Administración

Dende a Dirección Xeral de Familia e Inclusión, durante o ano 2014, e en cumprimento do disposto no artigo 32 da Lei 11/2007, abriuse 1 expediente cuxo motivo de intervención foi a violencia de xénero.

Por outra banda, o Servizo de xustiza penal xuvenil, da Dirección xeral de Familia e Inclusión, é o órgano encargado da execución das medidas xudiciais impostas aos menores en aplicación da L.O. 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. As actuacións desenvolvidas nos centros de execución de medidas xudiciais durante o ano 2014 en relación coa prevención e tratamento da violencia de xénero foron as seguintes:

- Centro Concepción Arenal .- A Coruña
 - . Realización de actividades para a conmemoración do Día internacional da Muller (08/03/2014).
 - . Obradoiro do Programa educativo de Igualdade de Xénero (Programa Aprender en Coruña) -Concello da Coruña- : “Somos dous eu tamén conto”: actividades destinadas á sensibilización para a prevención da violencia de xénero. Tres sesións dunha hora de duración (1 e 8 de abril, e 6 de maio).
 - . Taller sobre “Intolerancia e Violencia” (impartido durante todo o mes de xullo -catro semanas-. Contou cunha parte práctica consistente na preparación e representación dunha obra teatral por parte dos menores asistentes referida aos temas tratados).
 - . Realización de actividades para a conmemoración do Día internacional contra a Violencia de Xénero (25/11/2014).
 - . Vídeo-fórum: visionado e análise de distintas películas ao longo do ano relacionadas con distintas temáticas, entre eles a Violencia de Xénero: “Cadena de favores”, “El bola”, “Te doy mis ojos”...

- . Intervención psicolóxica individual específica.
- . Taller impartido pola entidade “Insergal”: “Módulo de orientación laboral non sexista” impartido por INSERGAL, meses de xuño e xullo de 2014, menores participantes: 25.

- Centro Monteledo.- Ourense

Actuacións e intervencións co eixe principal centrado no desenvolvemento da igualdade de xénero e prevención da violencia contra a muller baseado na integración e coeducación dende a igualdade, o respecto e a corresponsabilidade, con especial fincapé na conduta relacional entre mozos e cuestionando o aprendizaxe social na relación de parella.

Implementación dende o Programa IGUAIS e o Programa 12 valores 12 causas (integrado nos talleres de competencia psicosocial desenvolto no centro)

Temporización: xaneiro-decembro de 2014.

Participantes: un total de 63 menores/mozos (57 homes/6 mulleres)

Actividades:

- . Mención-homenaxe ás mulleres relevantes na historia.
- . Traballo-investigación e murais sobre a orixe e evolución do Día da Muller.
- . Comparativa dos carteis reivindicativos da igualdade laboral.
- . Análise da situación actual da muller
- *Foro-noticiario "comenta a noticia": noticias de prensa relacionadas coa temática.
- *Historias con nome propio: análise de experiencias persoais.
- Libro de Manuel Rivas "Vicente Ferrer rumbo a las estrellas con dificultades..."
- . Video-Foro
- *Quiero ser como Beckam.
- * Pago Justo.
- . Noticiario violeta (análise crítico de noticias de prensa/campañas de sensibilización contra a violencia de xénero).
- . Mural pro-igualdade (traballo grupal dirixido).

- . Traballo de investigación sobre o Sexting.
- . Educación afectivo-sexual.
- . Actividades levadas a cabo en pro da concienciación/sensibilización na igualdade interxénero e violencia de xénero implementadas dende o programa IGUAIS:

Actividade	Moz@s	Total
Día Internacional da muller (7-31 marzo)	30 mozos 3 mozas	33
Programa Sexualidade e Saúde (8-29 de novembro)	23 mozos 1 mozas	24
Día Internacional Eliminación da Violencia de Xénero (25 novembro)	21 mozos 1 moza	22
		Total: 60 56 homes/ 4 mulleres

- . Actividades levadas a cabo en pro da concienciación/sensibilización na igualdade interxénero e violencia de xénero implementadas dende os Talleres de competencia psicosocial (todo o ano):

Actividade	Moz@s	Total
Calendario Violeta (todo o ano)	57 mozos 6 mozas	63
Corre la Voz- Noticario (todo o ano)	57 mozos 6 mozas	63
Día mundial da Nena (11 outubro)	22 mozos 1 moza	23
Mes Violeta (mes de novembro)	24 mozos 1 moza	25
		Total: 63 57 homes / 6 mulleres

- . Así mesmo, a entidade E.I.L INSERGAL S.L.U., no programa “Organización do traballo remunerado e a formación ocupacional dos menores infractores internados en centros de reeducación”, impartiu un taller dentro do módulo “Orientación laboral non sexista”.

Temporización: agosto de 2014.

Participantes: 21 menores.

- Centro Montefiz.- Ourense
 - . Taller "CONVIVINDO", en horario de tardes, xuño-decembro de 2014. Participaron todos os menores do centro e foi impartido por personal do CAE Montefiz.
 - . Taller impartido pola entidade "Insergal": "Módulo de orientación laboral non sexista" impartido por INSERGAL, mes de agosto de 2014, menores participantes: 11.
- Centro Avelino Montero.- Pontevedra
 - . Programa "Irene" do Concello de Pontevedra, impartido por técnicos deste:
 - "Ciber delitos I", día 13 de xuño de 2014, menores participantes: 17.
 - "Ciber delitos II", día 27 de agosto de 2014, menores participantes: 16.
 - . Talleres impartidos pola Asociación "Érguete":
 - "Curso transversal de saúde e drogas", días 17 ao 31.03.2014 e do 3 ao 25.04.2014. Menores participantes: 12.
 - "Taller de sexualidade", días 1 ao 15.07.2014 e do 22.07.2014 al 12.08.2014
 - . Taller impartido pola entidade "Insergal":
 - "Módulo de orientación laboral non sexista", días 29.10.2014 e 27.11.2014, menores participantes: 18.
 - . Cursos impartidos por "Cruz Vermella Pontevedra":
 - "Prevención da Violencia", mes de xullo de 2014, menores participantes: 15.
 - "Curso de HH.SS.", mes de agosto de 2014, menores participantes: 14.

Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección

Artigo 33. Deseño e implantación de dispositivos de alarma.

Artigo 34. Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.

Artigo 33: Deseño e implantación de dispositivos de alarma

❑ Dispositivos de alarma

En xullo de 2009, os Ministerios de Igualdade e de Interior puxeron a disposición da xudicatura un sistema de dispositivos de alarma que permite o control das medidas de afastamento en materia de violencia de xénero.

Este procedemento regúlase a través da *Resolución de 17 de xullo de 2009, da Secretaría de Estado de Seguridad, pola que se acorda a publicación do “Protocolo de actuación para a implantación do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas de afastamento en materia de Violencia de Xénero” e ordénase a elaboración das normas técnicas de Desenvolvemento dos mesmos polos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.*

O referido protocolo, aprobado polo **Comité Técnico da Comisión Nacional de Coordinación da Policía Xudicial**, na reunión do 6 de xullo de 2009, ten como finalidade garantir e homoxeneizar a plena operatividade do sistema, establecendo pautas xerais de actuación e comunicación das persoas que interveñen nestas actuacións, así como o coñecemento por estas do seu funcionamento e virtualidade, que facilite a adecuada intervención en cada posto concreto.

O sistema permite verificar o cumprimento das medidas cautelares de afastamento da vítima impostas nos procedementos que se seguen por violencia de xénero en que se estime oportuno, acorde coas pautas e regras que, no seu caso, establece a Autoridade Xudicial e de conformidade co disposto no Protocolo. Na mesma maneira, o sistema proporciona información actualizada e permanente das incidencias que afecten ao cumprimento das medidas impostas, así como das posibles incidencias, tanto accidentais como provocadas, no funcionamento dos elementos de vixilancia empregados. Os avisos que xera o sistema son de dous tipos: alarma e alerta, graduados de maior a menor risco.


Existen dous tipos de compoñentes do sistema: dispositivo para o inculpado e dispositivo para a vítima.

No conxunto de España contabilizáronse, a 31 de decembro do 2014, un total de 716 medios telemáticos activos no marco das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Andalucía é a primeira comunidade autónoma con 199 dispositivos activos, seguida de Madrid con 149 e a Comunidade Valenciana con 102. **Galicia é a novena Comunidade Autónoma con dispositivos activos a finais de 2014, cun total de 23.**

Informe anual 2014 de violencia de xénero

Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2014.


Provincia	Instalacións 2014	Desinstalacións 2014	Activos a 31 de decembro de 2014
A Coruña	3	5	6
Lugo	1	4	2
Ourense	2	0	3
Pontevedra	11	7	12
Total	17	16	23



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero
Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portalEstadistico/home.htm>

Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Total Comunidades Autónomas.

Comunidade Autónoma	Activos a 31/12/2014
Andalucía	199
Comunidade de Madrid	149
Comunidade Valenciana	102
Castela-A Mancha	47
Canarias	34
País Vasco	34
Cataluña	29
Castela e León	25
Galicia	23
Cantabria	19
Rexión de Murcia	17
Extremadura	10
Aragón	9
Illas Baleares	9
Principado de Asturias	6
Comunidade Foral de Navarra	4
A Rioxa	0
Ceuta	0
Melilla	0
Total	716




Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero
 Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portalEstadistico/home.htm>

❑ Servizo Telefónico de Atención y Protección para Víctimas de Violencia de xénero (ATENPRO)

O servizo ATENPRO para vítimas de violencia de xénero, dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a través da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, é unha modalidade baseada en tecnoloxías de comunicación telefónica móbil e de telelocalización telefónica que ofrece ás vítimas da violencia de xénero que contén cunha orden de protección ou medida de afastamento, unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que poidan acontecerlles as 24 horas do día, os 365 días do ano e independentemente do lugar onde se atopen.

Evolución das cifras de usuarias do servizo telefónico e protección para vítimas de violencia de xénero en Galicia no ano 2014

	Altas 2014	Baixas 2014	Altas a 31 de decembro de 2014
A Coruña	149	162	272
Lugo	9	10	26
Ourense	9	22	23
Pontevedra	69	65	115
Total	216	259	436




Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero
Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portaEstadistico/home.htm>

No conxunto de España a finais de 2014 había 10.4502 usuarias do servizo en alta do servizo ATENPRO. A cifra mais elevada de usuarias do servizo ATENPRO en alta ao remate de 2014, correspondía a Andalucía (2.205) seguida da Comunidade Valenciana (1.886), Cataluña (1.649) e Madrid (1.315). **Galicia, cun rexistro de 436 altas** posicionábase nun sétimo lugar.

Servizo ATENPRO

Comunidade Autónoma	Altas a 31/12/2014
Andalucía	2.205
Comunidade Valenciana	1.886
Cataluña	1.649
Comunidade de Madrid	1.315
Castela -A Mancha	716
Canarias	582
Galicia	436
Principado de Asturias	412
Castela e León	278
Rexión de Murcia	245
Extremadura	183
Cantabria	169
Aragón	168
Illas Baleares	139
Comunidade Foral de Navarra	50
País Vasco	38
Ceuta	23
Melilla	6
A Rioxa	2
Total	10.502



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero
Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portaEstadistico/home.htm>

☐ Sistema de seguimento integral da violencia de xénero: VIOGEN

O Sistema de Seguimento Integral de violencia de xénero, coñecido como VIOGEN, é unha aplicación informática desenvolvida pola Secretaría de Estado de Seguridade do **Ministerio do Interior** que pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Aglutinar as diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero
- Integrar toda a información de interese que se estime necesaria
- Facer predición do risco

- Atendendo ao nivel de risco, realizar o seguimento e protección ás vítimas en todo o territorio nacional
- Efectuar un labor preventivo, emitindo avisos, alertas e alarmas, a través do “Sistema de notificacións automatizadas”, cando se detecte algunha incidencia ou acontecemento que poida por en perigo a integridade da vítima.
- Buscando establecer unha tupida rede que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e dos seus fillos e fillas, en calquera parte do territorio nacional.

Datos dos casos activos en Galicia, por provincia, no sistema VIOGEN a 31 de decembro de 2014, segundo o nivel de risco:

Nivel de Risco	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non apreciado	794	331	269	659	2053
Baixo	386	94	35	169	684
Medio	80	36	5	71	192
Alto	3	1	0	4	8
Extremo	0	0	0	0	0
Total	1263	462	309	903	2937

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero
Enlace: <http://www.msc.es/ssi/violenciaGenero/portalEstadistico/home.htm>

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego

Artigo 35. Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego.

Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas.

Artigo 37. Obriga de confidencialidade no ámbito laboral.

Artigo 35: Medidas específicas no ámbito da formación, do emprego

A Dirección xeral de xuventude e voluntariado, a través da Subdirección xeral de voluntariado e participación, desenvolveu a Orde do 3 de xuño pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de persoas colaboradoras-bolseiras para

residencias xuvenís. Os criterios de selección que se teñen en conta para estas prazas son , entre outros, as mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen, sempre que a acreditación das ditas circunstancias foran emitidas con anterioridade á data de presentación da solicitude.

Esta mesma dirección xeral incluíu no seu plan de formación para o ano 2014 un curso de voluntariado para apoio e acompañamento ás vítimas de violencia de xénero. Este curso impartíuse na modalidade en liña do 1 ao 30 de abril, e nel participaron 642 persoas e superárono 268, que obtiveron diploma.

Tamén tramitou a Orde do 13 de xuño pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. De novo entre os criterios de selección figura as mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen sempre que a acreditación das ditas circunstancias fora emitida con anteioridade á data de presentación da solicitude. Para esta orde non se presentou ningunha solicitude durante o ano 2014.

A Dirección Xeral de emprego e formación, en virtude do establecido na súa Orde do 2 de maio de 2006 (DOG nº 89, de 10 de maio) pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia, contempla en todas as medidas de emprego xestionadas, a estas mulleres como colectivo preferente. Así mesmo, as vítimas de violencia de xénero teñen acceso preferente aos programas de mellora da empregabilidade, en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos cursos de formación ocupacional, aos programas mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, e aos programas de cooperación ou experienciais, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración. Ao longo do ano 2014, foron contratadas ao abeiro dos Programas de Cooperación un total de 11 mulleres vítimas de violencia.

Informes emitidos polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección en 2014 para os efectos da incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero ao Programa de inserción laboral.

Provincia	Nº informes emitidos
A Coruña	74
Lugo	21
Ourense	20
Pontevedra	86
TOTAL	201

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Na **Dirección Xeral de Traballo e Economía Social**, a Subdirección xeral de Fomento da Contratación e do traballo Autónomo na súa Orde de 21 de maio de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo FSE, as mulleres vítimas de violencia de xénero son consideradas colectivo prioritario, tanto na contratación por conta allea de carácter indefinido como na contratación por conta allea de carácter persoal.

Esta mesma subdirección tramita a orde do 14 de maio de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo FSE, na que como no caso anterior, as mulleres vítimas de violencia de xénero son consideradas colectivo preferente.

Tamén a Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+I), cofinanciado polo FSE, na que, como nos casos anteriores, as mulleres vítimas de violencia de xénero son consideradas colectivo preferente.

Por parte da **Unidade Administrativa de Igualdade, da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar** leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- A análise, coordinadamente co persoal da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e dos Departamentos Territoriais, relativa á revisión dos convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero, coa finalidade de, no caso de detectar algunha cláusula discriminatoria, informar ao Consello Galego de Relacións Laborais, quen se pronunciará sobre a conveniencia da intervención da autoridade laboral. Durante o ano 2014 nesta UAI tiveron

entrada un total de 117 convenios colectivos que están informados na súa totalidade.

- A presentación do apoio técnico en materia de xénero aos departamentos desta consellería na área de traballo.
- O impulso na elaboración dos plans de igualdade de oportunidades e do trato entre as mulleres e os homes nas empresas galegas así como o asesoramento técnico na materia.
- O estudo dos distintos plans coa finalidade de propor a elaboración da correspondente certificación, no seu caso, dos referidos plans nas distintas empresas galegas que así o solicitaran.
- A colaboración coas distintas entidades públicas e privadas no desenvolvemento das distintas actividades relacionadas coa igualdade laboral e a eliminación de toda violencia e acoso incluído o sexual.

Artigo 36: Plans de igualdade nas empresas

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, publicou a Orde do 12 de xuño de 2014 (DOG 119, do 250 de xuño) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

No marco desta orde régúlase o Programa I da Liña II relativa a implantación de plans de igualdade nas empresas Pemes, cun orzamento inicial previsto de 125.000 €. As actividades que se subvencionan dentro desta liña son: a realización dunha diagnose da realidade da empresa desde a perspectiva de xénero, a asistencia a cursos de formación en materia de igualdade, a contratación de persoal con experiencia e/ou coñecementos en materia de igualdade para asesorar na elaboración e implantación dun plan de igualdade e os gastos derivados da contratación de empresas ou entidades externas especializadas en materia de igualdade coa finalidade anterior. Concedéronse axudas a 19 das empresas solicitantes.

No artigo 25 de dita orde faise mención expresa ao artigo 36 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establecendo como un dos criterios para a concesión destas axudas, a incorporación nos plans de igualdade de medidas de apoio á inserción, permanencia e promoción laboral das mulleres en xeral, e das que sofren violencia de xénero en particular. A baremación por este concepto pode chegar ata os 10 puntos.

O **Consello Galego de Relacións Laborais** publicou como cada ano o Informe anual sobre negociación colectiva no estudo e análise das cláusulas dos convenios colectivos que se asinan anualmente, cláusulas relativas á violencia de xénero, e que fan referencia, principalmente, aos dereitos da muller traballadora vítima deste tipo de violencia.

Igualmente, a Comisión Consultiva Autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, organizou en 2014 un curso de formación para cadros sindicais e empresariais sobre “Igualdade nas relacións laborais. Plans de igualdade”, cara a formación nesa materia e a difusión de boas prácticas, como por exemplo, a conveniencia de incluír nos convenios colectivos e nos plans de igualdade algunha medida concreta co obxecto de sensibilizar e informar para a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

Artigo 37: Obriga de confidencialidade no ámbito laboral

A obriga de confidencialidade que establece este artigo da Lei 11/2007, tanto para o empresariado, a representación sindical como as entidades formadoras, leva aparellada a necesidade de adoptar as medidas necesarias que garantan a seguridade dos datos relativos ás circunstancias persoais das mulleres que sufriron violencia de xénero, seguindo en todo caso as directrices marcadas pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Neste sentido, estarase tamén ao disposto no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999.

Capítulo V: Medidas de carácter económico

Artigo 38. Valoración de rendas.

Artigo 39. Prestacións periódicas.

Artigo 40. Outras prestacións.

Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia.

Artigo 42. Axudas escolares.

Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións.

Artigo 44. Dereito de acceso á vivenda.

Artigo 45. Acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.

Artigo 46. Equipamentos sociais especializados.

Artigo 38: Valoración de rendas

Segundo o artigo 38 da Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, co fin de favorecer a autonomía das mulleres que estean en situación de violencia de xénero, e para os efectos do dereito a percibir a renda de integración social de Galicia e as outras axudas económicas previstas nesta lei, quedan excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor. Véxase tamén as medidas previstas no artigo 42.

Artigo 39: Prestacións periódicas

☐ Axudas de de pagamento periódico

O Diario Oficial de Galicia publicou, con data 28 de marzo de 2014, a Resolución do 27 de marzo de 2014, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, pola que se convocaban as **axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero**.

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de

independencia económica respecto do agresor, condicións que lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Os requisitos para percibir esta axuda son:

- Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e acreditar a situación de violencia derivada de convivencia con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe dos servizos de acollida ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Ter cesado a convivencia co agresor dentro dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude.
- Estar empadroada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade, nin a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

A contía da axuda, destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, establécese en función dos ingresos da solicitante en relación co indicador público de renda e efectos múltiples (IPREM) para o ano 2014 e calcúlase de acordo coas seguintes especificacións:

Ingresos	Contía axuda por mes
Renda $\leq$ IPREM	600€
Renda $\leq$ IPREM e 1 fillo/a menor a cargo ou discapacidade da vítima $\geq$ 33 %	650€
Renda $\leq$ IPREM e 1 fillo/a menor a cargo e este/a ou solicitante discapacidade $\geq$ 33 %	700€
Renda $\leq$ IPREM e 2 ou máis fillos/as menores a cargo	700€
Renda $\leq$ IPREM e 2 ou máis fillos/as menores a cargo e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33 %	800€
Renda $\leq$ IPREM e 1 fillo/a menor a cargo e este/a ou a solicitante	800€


teñan unha discapacidade ≥ 65 % ou recoñecido grao de dependencia	
Renda $\geq$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM	300€
Renda $\geq$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e 1 fillo/a menor a cargo ou discapacidade da vítima ≥ 33 %	350€
Renda $\geq$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e 1 fillo/a menor a cargo e este/a ou solicitante discapacidade ≥ 33 %	400€
Renda $\geq$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e 2 ou máis fillos/as menores a cargo	400€
Renda $\geq$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e 2 ou máis fillos/as menores a cargo e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33 %	500€
Renda $\geq$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e 1 fillo/a menor a cargo e este/a ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65 % ou recoñecido grao de dependencia	500€

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2014 son os seguintes:

▪ N° DE BENEFICIARIAS DAS AXUDAS POR PROVINCIAS

Provincia	N° Benef.
A Coruña	122
Lugo	36
Ourense	50
Pontevedra	128
Total	336

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NACIONALIDADE

Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	284	84,52%
Colombiana	7	2,08%
Brasileira	5	1,49%
Cubana	5	1,49%
Marroquí	5	1,49%
Dominicana	4	1,19%
Rumana	4	1,19%
Paraguaia	3	0,89%
Portuguesa	3	0,89%
Uruguaia	3	0,89%
Venezolana	3	0,89%
Boliviana	1	0,30%
Caboverdiana	1	0,30%
Chilena	1	0,30%
Ghana	1	0,30%
Guineana	1	0,30%
Madagascar	1	0,30%
Peruana	1	0,30%
Reino unido	1	0,30%
San Tomé e Príncipe	1	0,30%
Ucraniana	1	0,30%
Total	336	100%


Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia

Informe anual 2014 de violencia de xénero



Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	284	85%
Estranxeira	52	15%
Total	336	100,00%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO IDADE

Idade	N° benef.	%
≤ 20	3	0,89%
21-25	34	10,12%
26-35	108	32,14%
36-45	115	34,23%
46-55	51	15,18%
56-65	16	4,76%
≥ 66	9	2,68%
Total	336	100%


Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NÚMERO DE FILLOS/AS

N° fillas/os	N° benef.	%
0 fillas/os	117	34,82%
1 filla/o	119	35,42%
2 fillas/os	71	21,13%
3 fillas/os	25	7,44%
4 fillas /os	3	0,89%
5 fillas /os	1	0,30%
Total	336	100%


Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



▪ Nº DE BENEFICIARIAS QUE ACREDITAN DISCAPACIDADE


Provincia	Nº benef. con discapacidade	Nº benef. con fillas/os con discapacidade
A Coruña	14	3
Lugo	1	2
Ourense	2	1
Pontevedra	9	4
Total	26	10

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO SITUACIÓN LABORAL

Provincia	Desempregadas	Traballando
A Coruña	99	23
Lugo	25	11
Ourense	36	14
Pontevedra	111	17
Total	271	65



Artigo 40: Outras prestacións

❑ Axudas de pagamento único

No Diario Oficial de Galicia do 23 de abril de 2014 publicouse a Resolución do 16 de abril de 2014, da **Secretaría Xeral da Igualdade** pola que se convocaban as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexen a concesión das axudas previstas nos devanditos textos legais. A finalidade das axudas establecidas na antedita lei orgánica é proporcionarlle apoio económico ás mulleres que sofren

violencia de xénero; a das indemnizacións previstas na lei galega é facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

Mediante esta resolución convocáronse dúas liñas de axuda. Unha delas é a axuda económica de pagamento único para mulleres vítimas de violencia de xénero, que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

Beneficiarias:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.

Requisitos:

- Ser vítima de violencia de xénero. A situación de violencia de xénero acreditarase coa orde de protección a favor da vítima, cando esta estea en vigor; coa sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección vixentes que acrediten a actualidade da situación de violencia e, excepcionalmente, co informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero, mentres non se dite a orde de protección.
- Estar empadroada e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter especiais dificultades para obter un emprego.
- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

A contía económica da axuda é a seguinte:


Tipoloxía	Importe do subsidio de desemprego
Con carácter xeral	6 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima	12 meses
Discapacidade da vítima ≥ 33 % (sen responsabilidades familiares)	12 meses
2 ou máis familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.	18 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente ≥ 33 %	18 meses
2 ou máis familiares ou menores (ou 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade ≥ 33 % da vítima ou da persoa dependente	24 meses
Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade ≥ 65 %	24 meses

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2014 son os seguintes:

▪ N° DE BENEFICIARIAS POR PROVINCIA

Provincia	Beneficiarias
A Coruña	28
Lugo	5
Ourense	6
Pontevedra	26
Total	65


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NACIONALIDADE


Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	59	91%
Estranxeira	6	9%
Total	65	100%

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	59	90,8%
Brasileira	2	3,1%
Marroquí	1	1,5%
Peruana	1	1,5%
Polaca	1	1,5%
Rumana	1	1,5%
Total	65	100%


Fonte:Secretaría xeral da Igualdade.Xunta de Galicia



DE BENEFICIARIAS SEGUNDO IDADE

Idade	Nº benef.	%
≤ 20	0	0%
21-25	1	2%
26-35	25	38%
36-45	26	40%
46-55	10	15%
56-65	1	2%
≥ 66	2	3%
Total	65	100%


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NÚMERO DE FILLOS E FILLAS

N° fillos/as	N° benef.	%
Ningún	17	26%
1	25	38%
2	15	23%
3	7	11%
4	1	2%
Total	65	100%


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE BENEFICIARIAS QUE ACREDITAN DISCAPACIDADE

Provincia	N° benef. con discap.	N° benef. con fillas/os ou p. dependentes con discap.
A Coruña	9	3
Lugo	2	0
Ourense	1	0
Pontevedra	3	2
Total	15	5

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigo 41: Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia

A Dirección Xeral de Familia e Inclusión, en aplicación da entrada en vigor Lei 10/2013, do 27 de novembro de Inclusión social de Galicia de dita lei, desenvolve unha tramitación abreviada da prestación RISGA, que se aplicará nos seguintes supostos:

- Vítimas de violencia de xénero
- Supostos de violencia doméstica
- Vítimas de explotación sexual-laboral en redes de trata de seres humanos

Os aspectos máis destacables deste procedemento son:

- Os trámites para a concesión da RISGA terán carácter de urxencia e tramitaranse con carácter prioritario ás demais solicitudes.
- O concello deberá remitir o informe de valoración social no prazo de 15 días. O proxecto de integración social é, se é o caso, o de integración socioeducativa dos e das menores poderá remitirse con posterioridade.

- A resolución de concesión deberá ditarse e notificarse no prazo dun mes desde a presentación da solicitude, sen prexuízo dos supostos de suspensión expresamente contemplados.
- Entenderanse estimadas aquelas solicitudes nas que, constando no expediente a recepción do informe de valoración social con proposta de concesión da prestación, non se ditase resolución expresa no prazo dun mes desde a súa presentación, interrompido se concorren as causas de suspensión contempladas no propio proxecto.
- Os efectos económicos prodúcense desde o día seguinte ao da data da recepción do informe de valoración social.

Resulta fundamental reforzar as medidas de control que permitan unha utilización racional e eficiente dos recursos públicos e impidan situacións de solapamento no cobramento de prestacións económicas públicas. Neste senso, artellouse un procedemento que fai posible o cruzamento periódico (de carácter mensual) de datos entre a Secretaría xeral de igualdade e a Dirección xeral de familia e inclusión coa finalidade de evitar que se produza un aboamento simultáneo das prestacións económicas da súa respectiva competencia (axudas periódicas para vítimas de violencia de xénero e RISGA)

Artigo 42: Axudas escolares

O 28 de maio de 2014 convocáronse axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario, destinadas a alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos no curso 2014/2015.

Esta convocatoria, publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de maio de 2014, **contempla os supostos derivados de situacións de violencia de xénero** no ámbito familiar, establecendo no seu artigo 6 que, segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, **quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor**, considerándose a familia como monoparental.

Por outra banda, por Orde do 6 de xuño de 2014 (DOG do 16 de xuño), convocáronse as prazas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios para o curso 2014/2015. A convocatoria determina no seu artigo 11 que non terá a consideración de membro computable da unidade familiar o agresor, nos casos de violencia de xénero constatada de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e no artigo 12 dispón que nos casos de violencia de xénero quedan excluídos do cómputo os ingresos do agresor. Ademais prevé a concesión dunha puntuación de 4 puntos no baremo para os supostos de violencia de xénero.

O artigo 11 do o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación (DOG núm. 154, do 13 de agosto de 2013), establece que serán usuarios gratuítos dos comedores escolares dependentes da consellería con competencias en educación, os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

Artigo 43: Fondo Galego de Garantía de indemnizacións

Mediante Resolución do 16 de abril de 2014, da **Secretaría Xeral da Igualdade** (DOG nº 77 do 23 de abril de 2014) convócanse dúas liñas de axuda: as establecidas no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (véxase detalle no artigo 40), e as establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Esta segunda liña de axudas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou ás e aos menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Beneficiarias:

- As mulleres que sufran violencia de xénero.
- As persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Requisitos:

- Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.
- Que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.
- A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

Os datos relativos á concesión desta indemnización no ano 2014 son os seguintes:

▪ **Nº DE BENEFICIARIAS POR PROVINCIA**


Nº mulleres beneficiarias no 2014				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
6	0	0	1	7

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

▪ N° DE BENEFICIARIAS SEGUNDO NACIONALIDADE

Nacionalidade	Nº benef.	%
Españolas	5	71%
Estranxeiras	2	29%
Total	7	100%

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigos 44 e 45: Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.

As actuacións realizadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas durante o ano 2014, son as que seguen:

❑ Actuacións en materia de adxudicación de vivendas de promoción pública.

En cumprimento do disposto no artigo 45 da Lei 11/2007, que establece o acceso prioritario ás vivendas de promoción pública, no ano 2014 tiveron acceso a este tipo de vivendas 8 mulleres vítimas de violencia de xénero (máis unha pendente de documentación a 31 de xaneiro), todas da provincia de Lugo.

❑ Concesións de axudas públicas para adquisición de vivenda e actuacións no programa ALUGA (Decreto 84/2010)

Tras a publicación do Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento de aluguer de vivendas, a rehabilitación edificadora e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, as novas actuacións en materia de

vivenda estaban á espera da sinatura do correspondente convenio de colaboración e á publicación da orde do Ministerio de Fomento pola que se determina a efectividade das liñas de axudas do Plan.

No ano 2014 concedéronse subvencións para as prórrogas dos contratos vixentes do Programa Aluga. O número de prórrogas de contrato con subvención do colectivo de vítimas de violencia de xénero foi de 196, cun importe total de **690.789,30 euros**, dos que 395.835,95 euros corresponden á anualidade 2014 e 294.853,35

PROVINCIA	Nº beneficiarias	Importe2014	Importe 2015	Importe total
A CORUÑA	84	183.591,98 €	111.559,54 €	295.151,52 €
LUGO	19	37.922,08 €	27.252,68 €	65.174,76 €
OURENSE	18	25.194,79 €	35.312,21 €	60.507,00 €
PONTEVEDRA	75	149.127,10 €	120.828,92 €	269.956,02 €
TOTAL	196	395.835,95 €	294.953,35 €	690.789,30 €

Artigo 46: Equipamentos sociais especializados.

No VI Plan Galego para a Igualdade entre mulleres e homes, Estratexia 2012-2015 e dentro de servizos e recursos para a atención integral das persoas vítimas de violencia de xénero, dende a **Secretaría Xeral de Política Social** da Consellería de Traballo e Benestar, contempláronse de xeito especial os casos de violencia de xénero na adxudicación de vivendas tuteladas, residencias, centros de día, etc. dándolle preferencia a persoas maiores e persoas con discapacidade (soas ou preferentemente mulleres ou organizacións femininas) con relación ás demais persoas potencialmente usuarias.

A Secretaría Xeral de Política Social no ano 2014 no procedemento de ingreso en equipamentos sociais destinados a mulleres, maiores ou con discapacidade atendeu dous casos de violencia de xénero, se ben unha delas acabou renunciando á praza.

03.4 Título III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.

Neste título faise referencia á organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada, mediante a coordinación establecida desde a Rede galega de acollemento, incorporando todos os servizos e programas para a información, atención e recuperación das mulleres.

Artigo 47.-Criterios básicos.

Artigo 48.-Rede galega de acollemento.

Artigo 49.-Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero.

Artigo 50.-Rede de información ás mulleres.

Artigo 51.-Servizo de Atención 24 horas.

Artigo 52.-Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Artigo 53.-Puntos de encontro familiar.

Artigo.54 Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.

Artigo 55.-Titularidade e xestión dos servizos.

Artigo 56.-Confidencialidade da información.

Artigo 47: Criterios básicos

Dentro dos criterios básicos recollidos no artigo 47 da Lei 11/2007, a Secretaria xeral da Igualdade garante que na totalidade dos centros, servizos e recursos que conforman a rede de asistencia social integral ás mulleres que sofren violencia de xénero, a intervención se realiza dende una perspectiva de xénero.

Igualmente, e que respecta as mulleres con discapacidade (apartado 3), a Secretaria xeral da Igualdade está a colaborar coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia ACADAR na mellora do seu acceso integral á información. Neste sentido, no ano 2014, desenvolveuse o Programa:

- ❑ Descubre a Nosa Realidade!: Programa para a prevención da violencia de xénero contra as mulleres en risco de exclusión social



Este Programa ‘Descubre a nosa realidade!’, púxose en marcha no ano 2011, e dende os seus comezos se sitúa ó abeiro da realidade das mulleres con discapacidade en canto ás súas características, desde unha perspectiva interseccional e das consecuencias ‘biopsicosociais’ do binomio xénero e discapacidade na súa calidade de vida.

O Programa se enmarca na promoción continuada e inequívoca do empoderamento das mulleres en situación ou risco de exclusión social, principalmente por razón de discapacidade para que pouco a pouco, o colectivo sexa quen de decidir sobre as súas vidas, sendo polo tanto o seu obxectivo principal o de promover ese empoderamento para facilitar ás mulleres con discapacidade a toma de decisións sobre cada un dos aspectos da súa vida e dar a coñecer a realidade das mulleres con discapacidade, promovendo así a igualdade de oportunidades e o sentimento de cidadanía, e a integración do conxunto das persoas con independencia das características que as definan.

‘Descubre a nosa realidade!’ vertébrase en cinco eixos temáticos que abranguen a realidade e a contorna das mulleres en risco de exclusión social:

1. O Empoderamento das mulleres en situacións previas de violencia.
2. A Violencia contra as mulleres.
3. A Imaxe Social das mulleres.

4. A Saúde das mulleres.
5. A Educación da cidadanía.

Así mesmo, está fundamentada tamén nos seguintes principios transversais:

1. A perspectiva e impacto de xénero.
2. A igualdade interseccional.
3. Os dereitos das mulleres.
4. A autonomía das mulleres.
5. A accesibilidade universal.
6. A participación social activa e dinámica.

Pódense destacar como obxectivos específicos conseguidos en 2014 coa implementación do Programa, os seguintes:

- 1.- Aumentar a participación social e activa de mulleres principalmente do ámbito rural.
2. Sensibilizar e concienciar sobre a violencia de xénero.
3. Visibilizar as capacidades e necesidades das mulleres e sensibilizar á sociedade no seu conxunto.
4. Acadar unha mellora na calidade de vida das mulleres con discapacidade.
- 5- Consolidar unha Rede de Mulleres con Capacidades o ámbito da CCAA de Galicia
- 6.- Consegir facer uso das novas tecnoloxías como ferramenta de participación social.
7. Fortalecer o sentimento de cidadanía entre as mulleres
8. Avanzar a integración das mulleres protagonistas do programa, como colectivo en exclusión social.
9. Aumentar a igualdade real entre as persoas cidadás galegas.

10. Desenvolver unha exposición itinerante por Galicia, acompañada de material audiovisual en materia de violencia contra as mulleres con discapacidade e o empoderamento das mesmas.

11.- Mudar a imaxe social das mulleres con discapacidade.

12. Fomentar a empatía e coñecemento da realidade das mulleres con discapacidade de Galicia

Artigo 48: Rede galega de acollemento

Os diferentes centros de acollida, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, son recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

Están atendidos por equipos multidisciplinares que dan cobertura integral de atención e/ou recuperación: atención psicolóxica, educativa, sociolaboral, xurídica así como o favorecemento da normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade persoal e a superación dos efectos da violencia de xénero.

As normas e requisitos específicos dos centros establécense regulamentariamente.

☐ Rede galega de de acollemento: Centros de acollida e vivendas tuteladas

Ante a situación de indefensión en que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida para mulleres maltratadas, cunha conexión entre elas, de tal xeito que as mulleres galegas que o precisen, por atoparse na referida situación de indefensión, teñan un lugar de referencia onde acudir.

En colaboración cos concellos e outras institucións vense prestando, en distintas localidades, este servizo dirixido a mulleres que sofren malos tratos e ás súas fillas e aos seus fillos, co obxecto de que dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, facilitándolles as ferramentas elementais, tanto

económicas coma psicosociais. O orzamento destinado no ano 2014 á colaboración con estes concellos foi de 232.000 euros.

Centros de acollida		
Provincia	Nº centros	Titularidade
A Coruña	3	Municipal
Lugo	1	Municipal
Ourense	1	Municipal
Pontevedra	1	Municipal /autonómica


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Os datos relativos á Rede Galega de Acollemento no ano 2014 son os seguintes:

▪ Nº TOTAL DE USUARIAS

Nº Usuarías	Total
Mulleres soas	38
Mulleres con menores	51
Total mulleres	89


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE USUARIAS POR PROVINCIAS

N° persoas usuarias no ano 2014			
Localidade	Mulleres	Menores	% media ocupación da RGA
A Coruña	29	31	69,1%
Lugo	7	2	16,7%
Ourense	25	24	87,0%
Culleredo	6	2	78,3%
Ferrol	22	23	64,5%
Total media de ocupación	89	82	63,1%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE USUARIAS POR NACIONALIDADE

Nacionalidade	N°
Españolas	46
Estranxeiras	43
Total mulleres	89


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE USUARIAS POR IDADE

Idade das mulleres	Nº
18-25	12
26-35	43
36-45	26
46-54	3
55-64	4
Máis de 65	1
Total mulleres usuarias	89


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE USUARIAS SEGUNDO PROCEDENCIA DA DERIVACIÓN

Modo de derivación	
Dende CIM	32
Dende Policía Nacional	20
Dende Servizos Sociais	14
Dende outras CCAA	8
Outro modo de derivación*	6
Dende Garda Civil	4
Dende Xulgados	3
Dende Policía Local	1
Dende Asociacións	1
Total mulleres usuarias	89


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE USUARIAS SEGUNDO O VÍNCULO CO AGRESOR

Vínculo co agresor	
Cónxuxe ou excónxuxe	25
Parella ou exparella	60
Outro vínculo*	4
Total mulleres usuarias	89


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ TEMPO MEDIO DE ESTANCIA NA REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO

Promedio de estancia no centro	
Ingresos provisorios	23
11-30 días	11
31-45 días	3
46-60 días	6
61-75 días	1
76-90 días	5
91-180 días	10
Máis de 180 días	6

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



□ Rede galega de de acollemento: Centro de Emerxencia para mulleres vítimas da violencia de xénero (CEMVI)

O Centro de Emerxencia de Vigo para mulleres vítimas da violencia de xénero é un Centro da Rede Galega de Acollemento nos termos previstos na lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, xestionado de maneira integral polo **Consortio Galego de Igualdade e Benestar** (adscrito á Consellería de Traballo e Benestar), e coa colaboración da **Secretaría Xeral da Igualdade**. Ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e as persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

▪ **Prazas**

O número de prazas do CEMVI é de 20, contando tanto mulleres como persoas dependentes delas.

Atención continuada e estancia máxima:

O Centro de Emerxencia garante unha atención continuada as usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

A estancia no CEMVI divídese nun período de ingreso provisional, de ata 10 días, e o período definitivo que é dun mes prorrogable, en función do cumprimento de obxectivos. A estancia máxima é de tres meses, agás situacións especiais a valorar de maneira individualizada

Outra prestación que o centro continua ofrecendo para mellorar a atención ás mulleres e vítimas de violencia de xénero inmigrantes, é o servizo de teletradución, que ofrece sen custo a Secretaría Xeral da Igualdade, e facilita a comunicación en 51 idiomas.

▪ **Equipa do CEMVI**

Durante o ano 2014 o CEMVI tivo a seguinte composición: 3 persoas de servizos xerais, 4 educadoras sociais, 1 psicóloga, 1 traballadora social, 1 avogada e a traballadora social, directora do CEMVI.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segue a establecer a posibilidade de dispor de xerocultoras e outro persoal especializado no caso de ingresos de persoas con discapacidade que precisen de axuda ou terceira persoa. No ano 2014 fíxose uso deste servizo para a atención a unha muller usuaria do centro.

▪ **Ingreso:**

Admítese no centro de emerxencia ás mulleres maiores de idade, vítimas de malos tratos físicos, psíquicos, económicos ou sexuais e ás persoas delas dependentes que requiran un aloxamento inmediato e urxente ou carezan de recursos propios para afrontar a situación.

Condicións especiais de acceso:

1. As mulleres con problemas de drogadicción e/ou alcoholismo só poden ingresar, logo da correspondente valoración, se están nun programa de deshabitación con seguimento terapéutico ou médico, debidamente acreditado por un informe do

seu médico/a ou terapeuta. En ningún caso se permite a estancia no centro se existe un consumo activo de substancias e/ou alcohol.

2. As mulleres con trastornos mentais graves deben acreditar a través de informe psiquiátrico, que conservan unha capacidade funcional axeitada para a súa integración no centro. Non se permite o ingreso no caso de trastornos mentais graves en fase aguda, sintomatoloxía activa ou descompensada.
3. No caso de mulleres que padezan unha enfermidade infecto-contaxiosa, poden ingresar sempre que acompañen informe médico no que se valoren os riscos que poidan existir para as outras persoas coas que convivan, así como a viabilidade das medidas e coidados que sexan necesarios poñer en práctica.
4. No caso de mulleres que exerzan a prostitución será necesario que manifesten o compromiso de abandonar o exercicio activo da mesma durante a estancia no centro.

▪ **Intervencións:**

- Intervención social: inclúe o coñecemento da realidade familiar e o entorno social que influirá na intervención que se leve a cabo, asesoramento laboral para a busca de emprego ou mellora da súa formación, información sobre prestacións económicas, de vivenda, recursos da comunidade, asociacións de mulleres, coordinación con outros servizos e recursos para completar o diagnóstico e a intervención e realización de informes sociais.

Os eidos de actuación máis concretos coas usuarias son: prestacións económicas, escolarización dos/as nenos/as, ámbito sanitario, ámbito laboral e vivenda

- Intervención psicolóxica: dirixida á recuperación psicolóxica das mulleres do Centro, ten como obxectivo a mellora das secuelas traumáticas a nivel emocional, cognitivo e condutual. Ademais promove a interiorización de comportamentos e roles igualitarios.

- Intervencións programadas das Educadoras Sociais: cada muller ten unha educadora de referencia que é a encargada de reforzar e apoiar as necesidades desa muller. Existe igualmente unha educadora para as fillas e fillos das mulleres, que traballa todo aquilo que afecta á relación materno-filial así como ao crecemento da ou do menor.

- Intervención da avogada: A avogada do CEMVI asesora ás mulleres sobre a súa situación e dereitos, e tamén serve de enlace cos diferentes profesionais que lles

correspondesen por xustiza gratuíta. A totalidade das mulleres do CEMVI utilizou o servizo de xustiza gratuíta.

O Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar mantivo os dous convenios para facilitar o traballo coas usuarias no CEMVI:

- Coa Fundación Integra, que ten por obxecto colaborar na integración laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero que residen no CEMVI
- Coa Rede de mulleres veciñal contra os malos tratos de Vigo, para os acompañamentos ás usuarias do centro.

Tamén se conta co apoio de persoas voluntarias que colaboran na alfabetización de mulleres estranxeiras e reforzo escolar de menores, entre outras actividades.

Durante o ano 2014 tiveron lugar xuntanzas de coordinación con diferentes administracións e entidades de iniciativa social co obxectivo de conseguir unha maior coordinación e evitar a vitimización secundaria das mulleres.

▪ **Datos de ocupación de 2014:**


Cifras de ocupación	
Mulleres	62
Menores	44
Total	106

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo

• **Usuarias segundo procedencia:**

Procedencia das usuarias	%
Provincia de Pontevedra	83,94%
Provincia da Coruña	7,14%
Provincia de Lugo	5,36%
Provincia de Ourense	1,78%
Resto de España	1,78%


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- Usuaris segundo nacionalidade:**

Nacionalidade	%
Española	62,5 %
Estranxeira	37,5 %


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- Mulleres e persoas dependentes**

SITUACIÓN	%
Soas	53,22 %
Con menores	46,78 %


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- **Derivacións de ingresos**

Organismo derivante	%º derivacións
C.I.M.	32,15 %
Servizos Sociais	19,64 %
Forzas e corpos de seguridade	25,00 %
Xulgados	3,57 %
Asociacións/Fundacións	19,64 %


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- **Idades das mulleres usuarias do CEMVI**

Idade	%
18-20	1,78%
21-25	1,78%
26-30	10,71%
31-35	35,72%
36-40	17,87%
41-45	8,93%
46-50	7,14%
51-55	5,36%
56-60	1,78%
61-70	3,57%
>71	5,36%


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- **Relación cos agresores**

Relación	Porcentaxe
Cónxuxes	25,00%
Parella sentimental	57,14%
Parella con rexistro de parella de feito	3,57%
Irmáns-pai	1,79%
Outros	12,50%


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- **Promedio de estancia no CEMVI**

Días de estancia	Porcentaxe
< 11 días	20,95%
11-30 Días	31,43%
31-60 Días	29,52%
61- 75 Días	12,38%
76-90 Días	3,82%
> 90 Días	1,90%

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



❑ Rede galega de de acollemento: Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Por outra banda, o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Dende a ratificación por España do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos e en relación coa expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas, prexudicadas ou testemuñas na trata de seres humanos, que poidan cooperar ou colaborar coas autoridades competentes,

recóllese a obriga de prestarlles unha atención integral, recoñecéndoselles un período de reflexión establecido en 30 días e durante o que terán garantida a subsistencia, asistencia social e xurídica.


Froito de dous convenios de colaboración asinados en 2014 entre a **Secretaría Xeral da Igualdade** e dúas entidades de iniciativa social, para os que se destinou un orzamento total de 40.000 euros. Estas entidades, que xa contaban con dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, integran nos seus dispositivos unha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas, estigmatización e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan; por iso **dende a Secretaría Xeral da Igualdade** considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación destinados a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades.

▪ N° TOTAL DE USUARIAS

Persoas beneficiarias		
Provincia	Mulleres	Menores
A Coruña	7	0
Ourense	5	3
Pontevedra	1	0
Total	13	3


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ N° DE USUARIAS POR NACIONALIDADE


Nacionalidade	Nº de mulleres	Nº de menores	Total
Brasil	2	1	3
Camerún	1	1	2
Cuba	1	0	1
España	2	0	2
Nixeria	3	0	3
República Dominicana	1	0	1
Uruguai	2	0	2
Descoñécese	1	1	2
TOTAL	13	3	16

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Intervalos de idade	
Menor de 25	2
Entre 25 e 54	11
Total	13

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



❑ Rede galega de de acollemento: Outros recursos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero

A Secretaría xeral da Igualdade convocou en 2014 axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para centros e recursos integrais para mulleres, xa mencionadas no apartado correspondente ao Fomento do movemento asociativo, (Resolución da **Secretaría Xeral da Igualdade** do 23 de maio de 2014; DOG nº 99, do 26 de maio), sendo beneficiaria das ditas axudas, entre outras, unha entidade para un Programa pluriasistencial de apoio e rehabilitación con cobertura de aloxamento para mulleres que sofren enfermidade mental vítimas de violencia de xénero

Vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental vítimas de maltrato	
Ámbito de actuación	CC.AA. de Galicia
Usuarias	4

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- ❑ Ademais, Galicia está adherida ao Protocolo Nacional de derivación entre as Comunidades Autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas (véxase páxina 220)

Artigo 49: Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero



No Diario Oficial de Galicia do 10 de xaneiro de 2014 publicouse **Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro**, polo que se regula a creación do **Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero**, que configura o Centro coma unha unidade adscrita á Secretaría Xeral da Igualdade con competencias en materia de atención integral ás vítimas de violencia de xénero e ás persoas delas dependentes, especialmente as súas fillas e fillos menores. O mesmo decreto establece a súa sede en Santiago de Compostela.

Finaldade do CRI

O centro de Recuperación integral (CRI) ten por finalidade desenvolver un modelo de atención integral para as mulleres vítimas de violencia de xénero, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico, que permita evitar duplicidades e racionalizar a xestión.

Actuará ademais como centro de referencia e coordinador da rede galega de acollemento, como centro tramitador das derivacións de vítimas de violencia de xénero a fora de Galicia e receptor das que cheguen a nosa comunidade derivadas desde outras partes do Estado, como centro de formación na loita contra a violencia de xénero, tanto para profesionais como para o voluntariado e a cidadanía en xeral, como centro colaborador co Punto de coordinación das ordes de protección de Galicia e como centro impulsor da creación de grupos de autoaxuda, intervención e

coñecemento entre mulleres que teñan sufrido, vivido e superado situacións de violencia de xénero.

Equipa do CRI

O CRI está integrado por un equipo multidisciplinar composto por:

- Unha directora
- Unha psicóloga.
- Un posto base subgrupo A1
- Unha terapeuta ocupacional.
- Unha asistente social.
- Unha titulada de grado medio.
- Unha subalterna.

O centro iniciou as súas actividades en xuño de 2014, cun horario amplo e flexible para así poder cubrir as necesidades das mulleres e das súas fillas e fillos, e para atender á conciliación da vida laboral, persoal e familiar das persoas usuarias.

Coa finalidade de dar a coñecer a apertura do Centro, a súa finalidade, o proxecto que desenvolve e os modos de derivación, realizáronse diversas actuacións, entre elas:

- Xornada de portas abertas para os medios de comunicación.
- Xornadas de portas abertas dirixidas aos Centros de Información ás Mulleres.
- Xornadas de portas abertas dirixidas aos Servizos Sociais comunitarios básicos.

Acceso

O acceso ao Centro de Recuperación Integral realizarase mediante procedementos protocolizados de derivación a través de:

- a) Centros que compoñen a rede galega de información ás mulleres
- b) Centros da rede galega de acollemento.
- c) Servizos sociais comunitarios e especializados da nosa comunidade autónoma.
- d) Centros de servizos sociais das diferentes comunidades autónomas.

O acceso poderá producirse, con carácter excepcional, por petición da muller vítima de violencia ou das súas fillas e fillos.

Intervención

Como se sinalou, a finalidade fundamental do traballo que se desenvolve dende o CRI é acadar a recuperación Integral das súas usuarias, baseándose para elo na coordinación de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

Para levar a cabo o traballo de intervención, establecéronse unha serie de áreas a abordar co cada usuaria:

- ▶ Área de XÉNERO
 - ▶ Área TERAPÉUTICA
 - Emocional
 - Competencial
 - ▶ Área PSICOEDUCATIVA
 - ▶ Área de SEGURIDADE
 - Física
 - Virtual
 - ▶ Área de REDES DE APOIO
 - ▶ Área FORMATIVA - LABORAL
 - ▶ Área XURÍDICA - SOCIAL
 - ▶ Área MATERNO-FILIAL
-
- ▶ AREA DE XÉNERO: É fundamental coñecer o que é a desigualdade, para poder desculpabilizar ás persoas que a sofren, e identificar a violencia de xénero como o aspecto máis grave da desigualdade. Esta área trabállase de maneira transversal co afán de que a muller entenda que a desigualdade procede dun contexto sociocultural onde a preeminencia do home sobre a muller segue presente; entenda o que é a violencia de xénero, as características da mesma, as súas consecuencias e as reaccións normais fronte a esas situacións, para que poida entender o que viviu e como superalo e recoñeza os machismos e micromachismos presentes na sociedade.
 - ▶ ÁREA TERAPÉUTICA: A liña terapéutica engloba dous aspectos determinantes, o emocional e o competencial, e así:
 - Dentro do eido emocional traballase, tanto de maneira individual como especialmente grupal, tódolos apartados que permitan que unha muller manexe as súas emocións, as recoñeza e poida traballar con elas, intentado acadar os seguintes obxectivos de facilitar a súa recuperación emocional, cunha mellora do seu

autoconcepto e autoestima e fomentar a independencia emocional da muller, incidindo nas súas relacións de parella.

-Dentro do eido competencial, é de destacar a necesidade de desenvolver ou restaurar habilidades para participar nas ocupacións da vida diaria dunha maneira competente, saudable e satisfactoria, tanto na figura da muller (sobrevivente da violencia de xénero) como da súa familia, tomando como alicerce o empoderamento e a participación nunha vida saudable, ata acadar unha verdadeira autonomía persoal, e unha real ocupación das actividades da vida diaria. Os obxectivos son identificar, traballar e potenciar aquelas habilidades físicas, cognitivas ou psicosociais necesarias para a realización das actividades básicas da vida diaria; adquirir hábitos e rutinas diarias e conseguir que o ocio e a participación social formen parte da vida da muller.

- ▶ ÁREA PSICOEDUCATIVA: Esta liña pretende que a muller cambie o seu papel de vítima a sobrevivente, pasando da pasividade á actividade, a ser axente de cambio de seu. Para isto será necesario adquirir e adestrar as habilidades de relación interpersoal que faciliten unha relación adaptativa co entorno social e a mellora da calidade de vida, establecer e manter relacións interpersoais gratificantes e potenciar os recursos persoais facilitadores do cambio.
- ▶ ÁREA DE SEGURIDADE: Neste apartado traballase a súa seguridade física, realizando coa muller, e en coordinación co profesional de referencia en seguridade (policía custodio), o plan de protección individualizado e a súa seguridade virtual, co afán de que a muller coñeza os perigos do uso indiscriminado das redes sociais.
- ▶ ÁREA DE REDES DE APOIO: Para refacer a vida dunha persoa que sufriu violencia de xénero, é moi importante poder contar con redes de apoio. A propia violencia remata coas existentes, xa que o que pretende o agresor é illar á muller, e o primeiro é acabar cos lazos de unión ou pertenza a unha colectividade. Por iso trabállase coa familia e co voluntariado. O traballo co voluntariado iniciouse cunha unidade familiar, estando traballando para a ampliación deste tipo de rede: o voluntariado específico, que coñece o que é a violencia de xénero, e apoia á muller en momentos cruciais para elas, (xuízos) ou simplemente acompañalas en momentos de lecer, que cubren a necesidade de “importarlle a alguén”.
- ▶ ÁREA FORMATIVA-LABORAL: Nesta liña traballase desde o comezo tendo en conta o punto de partida da muller, tanto no eido formativo laboral, apoiando o proceso de

formación da muller, tanto regrada como ocupacional, incrementando coñecemento das TICs entre as mulleres reforzando as súas habilidades, coñecementos e acceso ás tecnoloxías da información e facilitar a elaboración de itinerarios de formación personalizados; como no eido socio laboral, analizando as posibilidades reais de traballo, fomentando a busca activa de emprego.

- ▶ ÁREA XURÍDICO-SOCIAL: Desde este área analízase a situación xurídica da muller, levando a cabo unha coordinación co/a asesor/a xurídica do centro que deriva, así como co letrado ou letrada que lle correspondese.
- ▶ ÁREA MATERNO-FILIAL: Nesta área analízase a relación materno-filial, e as consecuencias da violencia de xénero que afectan a propia estabilidade da relación. Trabállase no sentido de dotar as mulleres sobreviventes dos coñecementos e as ferramentas necesarias para o fomento das súas capacidades como nais e para establecer formas de relación positiva coas súas fillas e cos seus fillos.

Establecéndose tamén, do mesmo xeito, áreas para a intervención coa e coas menores


- ▶ Área de XÉNERO
- ▶ Área TERAPEÚTICA
 - Emocional
 - Competencial
 - Área PSICOEDUCATIVA
 - Área FORMATIVA-OCUPACIONAL
 - Área de SEGURIDADE
 - Física
 - Virtual

En todas as intervencións o CRI establece unha/un profesional de referencia para cada caso, buscando evitar vitimizacións secundarias ao existir unha única persoa profesional que actúe como interlocutora sempre, tanto para a resolución de problemas, como para coñecer as necesidades da usuaria e acompañala ao longo de todo o proceso de recuperación, sendo esa persoa, a encargada de coordinar todos os recursos, independentemente de quen os preste ou xestione, así como de elaborar o plan de seguridade e autonomía da muller, que será personalizado, axustado ás necesidades de cada usuaria e recollerá todas as medidas necesarias.

Casos derivados ao CRI

PERSOAS DERIVADAS	
Mulleres soas	5
Mulleres acompañadas de fillas/os e/ou doutros membros da unidade familiar	9


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Mulleres	8	1	0	5	14
Menores	8	1	0	5	14
Persoas dependentes	0	0	0	0	0
TOTAL	16	2	0	10	28

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia


Informe anual 2014 de violencia de xénero



Nacionalidade das usuarias

NACIONALIDADE DAS PERSOAS USUARIAS	
Española	23
Estranxeira	5


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Idade das persoas usuarias

IDADE DAS PERSOAS USUARIAS	
<18 anos	14
18 -30 anos	5
30-50 anos	7
50-65 anos	2
> 65 anos	0


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Entidades derivantes

ENTIDADES DERIVANTES	
Rede galega de información ás mulleres	9
Servicios sociais comunitarios e especializados	2
Rede galega de acollemento	2
Servizos sociais de outras comunidades autónomas	0
Solicitude directa da persoa usuaria	1

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Outras accións realizadas dende o CRI

No mes de outubro tivo lugar no CRI un curso de Formación para Voluntariado, impartido polas profesionais do CRI en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e cunha duración de 25 horas. Participaron no curso 16 persoas (14 mulleres e 2 homes). (Véxase páxina 86)

Artigo 50:Rede de información ás mulleres

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e en colaboración coas entidades locais, dispón dunha rede de información ás mulleres distribuída polo territorio galego e a través da cal se desenvolven accións de carácter preventivo e de sensibilización; serven como recurso facilitador de información, orientación, derivación e seguimento as mulleres que sofren violencia de xénero.

A rede de información ás mulleres funciona en estrita colaboración cos servizos sociais, sanitarios e de orientación escolar, así como cos servizos de urxencia e seguridade cidadá.

☐ Centros de Información ás Mulleres

Mediante resolución do 30 de abril de 2014 da **Secretaría Xeral da Igualdade** convocábanse as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade (DOG nº 86, do 7 de maio).

A súa finalidade era colaborar economicamente coas entidades locais de Galicia na promoción das condicións necesarias para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes, mediante a realización de actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades e de trato, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural e á erradicación da violencia de xénero, a través dos seguintes programas:

1.- A promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.

2.- O fomento da conciliación

3.- Programa de apoio aos Centros de Información ás Mulleres (CIM).

O Programa de apoio aos Centros de Información ás Mulleres ten a finalidade de garantir a prestación dun servizo de atención ás mulleres que lles proporcione asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre os recursos específicos existentes, así como o desenvolvemento de actividades formativas vinculadas á empregabilidade feminina e calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Accións subvencionables:

- Existencia no cadro de persoal de postos de traballo vinculados ao CIM e ocupados por persoal funcionario ou laboral para o desempeño das funcións de dirección do departamento, asesoramento xurídico, asesoramento psicolóxico, animación sociocultural, fomento e dinamización da cooperación entre os CIM ou axentes de igualdade.
- Contratación eventual ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico e psicolóxico e/ou para levar a cabo as funcións de animación sociocultural fomento e dinamización da cooperación entre os CIM ou axentes de igualdade.
- Postos de traballo de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.


- Contratación laboral temporal ou mercantil para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.

As entidades locais, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, son os axentes idóneos para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, para previr e erradicar a violencia de xénero, para o establecer as condicións que posibiliten a participación das mulleres en todas as esferas da vida, e para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de todas as persoas, mulleres e homes".

O crédito destinado a estas axudas para o ano 2014 foi de 3.440.248 euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 80%.

Nº CIMs Por Provincia	
Provincia	Nº CIMs
A Coruña	28
Lugo	11
Ourense	14
Pontevedra	27
Total	80


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



****CONSULTAS 2014**

Nº de Consultas		
Provincia	Nº consultas	Nº consultantes
A Coruña	27.489	7.326
Lugo	13.123	2.188
Ourense	4.229	1.333
Pontevedra	23.235	8.716
Total	68.076	19.563

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




*No exercicio 2014 a Secretaría xeral da Igualdade facilitiou aos CIM unha nova ferramenta informática de xestión, de cara a garantir unha maior seguridade nos datos así como para facilitar a xestión dos expedientes.

Nº DE CONSULTAS POR AREA

Área	Nº de consultas
Asesoramento xurídico	22.834
Atención psicolóxica	27.078
Atención vítimas de VX	7.562
Orientación Emprego	2.269
Información de cursos, xornadas e actividades	1.480
Información de recursos	5.778
Outra información	1.075
Total consultas	68.076


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ CARACTERÍSTICAS DAS PERSOAS CONSULTANTES

Sexo das persoas consultantes	
Mulleres	12.372
Homes	1.740
Sen especificar	5.451
Total	19.563


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Informe anual 2014 de violencia de xénero


Idade	
Menos de 15	187
De 15 a 24	542
De 25 a 54	5.526
De 55 a 64	842
De 65 ou máis	481
Sen especificar	11.985
Total	19.563

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Nº de fillas / fillos	
Ningún	5.118
Un	3.439
Dous	3.732
Tres	1.352
Catro	343
Cinco ou máis	128
Sen especificar	5.451

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




HABITAT	
Rural	4.939
Urbano	7.105
Sen especificar	7.519

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



TRABALLA	
Non	6.788
Si	3.249
Sen especificar	9.526

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- ❑ Programa de atención a vítimas de trata, preferentemente inmigrantes, con fins de explotación sexual e/ou laboral.

Continuando co programa iniciado no 2010, no ano 2014 asináronse 11 convenios de colaboración entre a **Vicepresidencia e Consellería da Presidencia Administracións Públicas e Xustiza** e distintas entidades sen ánimo de lucro para levar a cabo programas de atención vítimas de trata, preferentemente inmigrantes, con fins de explotación sexual e/ou laboral.

En Galicia son escasos os servizos de atención específicos para inmigrantes, e os existentes non ofrecen unha resposta integral e específica ás mulleres inmigrantes que exercen a prostitución e son vítimas de trata e explotación sexual, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, trata de apoiar os servizos existentes que xa están a traballar con estas mulleres, de xeito que poidan abranger toda a Comunidade Autónoma galega. Foméntase así a colaboración con entidades que teñen unha acreditada experiencia no traballo coas persoas inmigrantes, concretamente con mulleres en situación de trata e explotación sexual, co obxecto de continuar levando a cabo este Programa, coa finalidade de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas a

través do financiamento dos gastos correntes e de persoal, cofinanciados ao 80% con cargo ao FSE, e dos gastos derivados da adquisición de equipamento e do mantemento e mellora das infraestruturas de carácter social das que dispoñen as entidades e nas que se desenvolven as actuacións dos programas, de atención a vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral, cofinanciados ao 80% con cargo ao FEDER.


Entre as actuacións que realizan estas ONGs están as de asesoramento, apoio e información respecto aos recursos sociais e xurídicos; acompañamento para a realización de trámites administrativos e burocráticos; creación de grupos de apoio para lograr espazos de referencia para o encontro, intercambio e apoio mutuo; capacitación de mediadoras sociais ou axentes de cambio; desenvolvemento das potencialidades e capacidades das beneficiarias, a través de actividades de socialización, educación, formación e integración, con especial incidencia na formación para facilitarlles ó acceso o emprego de novas tecnoloxías; a realización de obradoiros sobre diversos temas e o traballo na sensibilización da sociedade sobre a situación das mulleres que están a padecer esta situación.

O importe total destinado no ano 2014 pola Secretaría Xeral da Igualdade ao desenvolvemento deste programa foi de **472.000 €**.

Atencións desenvolvidas por provincias	
A Coruña	2045
Lugo	868
Ourense	770
Pontevedra	3430
Fóra de Galicia	5
TOTAL	7118

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Informe anual 2014 de violencia de xénero



Nacionalidade	Mulleres	Homes	Transexuais	Travestis	Total
Angola	10	0	0	0	10
Arxelia	3	0	0	0	3
Arxentina	52	2	6	0	60
Bolivia	13	0	0	0	13
Brasil	1124	32	45	4	1205
Bulgaria	3	0	0	0	3
Cabo Verde	3	0	0	0	3
Camerún	6	0	0	0	6
Chile	5	1	0	0	6
China	4	0	0	0	4
Colombia	551	13	6	3	573
Congo	9	0	0	0	9
Costa de Marfil	1	0	0	0	1
Costa Rica	26	0	0	0	26
Cuba	31	1	3	1	36
Ecuador	41	1	9	2	53
Eslovenia	143	4	0	0	147
España	542	24	29	2	597
Francia	1	0	0	0	1
Ghana	5	0	0	0	5
Guinea	6	0	0	0	6
Guinea Ecuatorial	7	0	0	0	7
Honduras	6	0	0	0	6
Hungría	4	0	0	0	4
Mali	13	0	0	0	13

Informe anual 2014 de violencia de xénero

Marrocos	30	7	0	0	37
México	5	0	0	0	5
Moldavia	4	0	0	0	4
Nicaragua	85	0	0	0	85
Nixeria	169	0	0	0	169
Panamá	59	0	0	0	59
Paraguay	238	0	0	0	238
Perú	14	0	0	0	14
Polonia	19	0	0	0	19
Portugal	127	2	8	1	138
Puerto Rico	0	1	0	0	1
Reino Unido	1	0	0	0	1
República Checa	311	0	1	0	312
República Dominicana	909	13	9	0	931
Rumanía	890	0	0	0	890
Rusia	18	0	0	0	18
Sahara	2	0	0	0	2
Senegal	11	2	0	0	13
Serra Leona	1	0	0	0	1
Suíza	1	0	0	0	1
Thailandia	7	0	0	0	7
Túnez	2	0	0	0	2
Ucrania	8	0	0	0	8
Uruguai	40	3	1	0	44
Venezuela	87	4	8	0	99
Outras nacionalidades	28	2	0	0	30
Descoñécese	1193	0	0	0	1193
TOTAL	6868	112	125	13	7118

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Idade	Mulleres	Homes	Transexuais	Travestis	Total
Menos de 25	1025	18	9	2	1054
Entre 25 e 54	5481	85	103	11	5680
Máis de 54	218	0	12	0	230
Indeterminado/a	144	9	1	0	154
Total	6868	112	125	13	7118

❑ Servizo de Teletradución a 51 idiomas

No ano 2011, despois de acreditar a utilidade deste servizo ao longo dun ano no Teléfono de Información á Muller, a **Secretaría Xeral da Igualdade** ofertoulles, dun xeito gratuíto, aos centros de información ás mulleres que constitúen a rede de CIMs de Galicia, as casas de acollida que asisten ás vítimas de violencia de xénero e ás ONGs que desenvolven a súa actividade solidaria neste eido, un servizo de teletradución a 51 idiomas.

Este servizo supón un avance cualitativo en resposta á diversidade poboacional motivada polo aumento da inmigración, o cal obriga á Administración autonómica a mellorar as técnicas para unha eficaz atención ás usuarias, con independencia da súa lingua. A teletradución está pensada para dar apoio a unha parte da poboación que ten dificultades engadidas para acceder aos recursos existentes, formada polas mulleres inmigrantes residentes en Galicia. A través desta plataforma de teletradución, estas mulleres terán a seguridade dun acceso axeitado á información e aos recursos dispoñibles, sobre atención psicolóxica, prestacións económicas, centros de acollida ou asesoramento xurídico.

A través desta plataforma de teletradución, as mulleres estranxeiras residentes en Galicia terán a seguridade dun acceso axeitado á información e aos recursos dispoñibles, sobre atención psicolóxica, prestacións económicas, centros de acollida ou asesoramento xurídico.

O sistema permite a atención tanto presencial, como telefónica, de xeito que as usuarias se comunican cunha intérprete mediante a nova tecnoloxía implementada, desde calquera centro no que se atopen, ben sexa un CIM, unha casa de acollida ou calquera entidade adherida. No caso de que a consulta sexa telefónica, o sistema permite o establecemento de chamada a tres, para que interactúen a usuaria, a persoa profesional da entidade e a intérprete.

En resposta a ese ofrecemento manifestaron o seu interese en adherirse ao servizo as once entidades que desenvolven, en Galicia, programas de atención a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Tamén solicitaron a incorporación ao uso do servizo 58 entidades locais, con centros de información ás mulleres e casas de acollida para vítimas de violencia de xénero, asinándose os correspondentes convenios de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade.

Provincia da Coruña

CIM	Provincia
CIM A Laracha	A Coruña
CIM Ares	A Coruña
CIM Arteixo	A Coruña
CIM Boiro	A Coruña
CIM Coruña	A Coruña
CIM Culleredo	A Coruña
CIM Curtis	A Coruña
CIM de Cee	A Coruña
CIM de Coirós	A Coruña
CIM de Ferrol	A Coruña
CIM de Outes	A Coruña
CIM de Padrón	A Coruña
CIM de Zas	A Coruña
CIM Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ordes (Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Ordes, Tordoia e Trazo)	A Coruña
CIM de Melide	A Coruña
CIM de Muxía	A Coruña
CIM de Negreira	A Coruña
CIM de Santiago De Compostela	A Coruña
CIM de Teo	A Coruña

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Provincia de Lugo

CIM	Provincia
Casa da Muller Lugo	Lugo
CIM de Burela	Lugo
CIM de Mondoñedo	Lugo
CIM de Monforte de Lemos	Lugo
CIM de Pallas de Rei	Lugo
CIM de Ribadeo	Lugo
CIM de Sarria	Lugo
CIM de Vilalba	Lugo
CIM de Viveiro	Lugo

Provincia de Ourense

CIM	Provincia
CIM A Pobra de Trives	Ourense
CIM de Castro Caldelas	Ourense
CIM de Maceda	Ourense
CIM de Ourense	Ourense
CIM do Barco	Ourense
CIM do Carballiño	Ourense
CIM Terra de Celanova (Mancomunidad Terra de Celanova)	Ourense
CIM de Viana do Bolo	Ourense
Mancomunidad I.V. do Ribeiro	Ourense
Cim de Verín	Ourense


Provincia de Pontevedra

CIM	Provincia
CIM da Estrada	Pontevedra
CIM da Mancomunidad do Salnés	Pontevedra
CIM Cangas	Pontevedra
CIM da Lama	Pontevedra
CIM de Gondomar	Pontevedra
CIM de Pontecalderas	Pontevedra
CIM de Vigo	Pontevedra
CIM do Grove	Pontevedra
CIM do Porriño	Pontevedra
CIM de Lalín	Pontevedra
CIM de Marín	Pontevedra
CIM de Moaña	Pontevedra
CIM de Poio	Pontevedra
CIM de Ponteareas	Pontevedra
CIM de Pontevedra	Pontevedra
CIM de Redondela	Pontevedra
CIM de Sanxenxo	Pontevedra
CIM de Silleda	Pontevedra
CIM de Soutomaior	Pontevedra
CIM de Vilagarcía	Pontevedra

No ano 2014 fixeron uso do servizo as **nove entidades** que desenvolven, en Galicia, programas de atención a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e **58 entidades locais** con centros de información ás mulleres e casas de acollida para vítimas de violencia de xénero.

Nº de CIMs con Acceso ao Servizo de Teletradución	
Provincia	Nº
A Coruña	19
Lugo	9
Ourense	10
Pontevedra	20
Total	58


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Datos de uso do servizo no ano 2014: Idiomas utilizados:

Idiomas	Minutos
Árabe	762
Árabe clásico	10
Bereber	34
Francés	26
Inglés	417
Rumano	718
TOTAL	1.967


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Uso do servizo por provincias:

Provincia	Total minutos
A Coruña	40
Lugo	0
Ourense	804
Pontevedra	1123
Total	1967


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Idiomas utilizados por provincia:

A Coruña	
Idioma	Minutos
Inglés	40
Total	40

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Ourense	
Idioma	Minutos
Arabe	319
Árabe clásico	10
Bereber	10
Francés	26
Inglés	397
Rumano	42
Total	804



Pontevedra	
Idioma	Minutos
Árabe	413
Bereber	24
Inglés	10
Rumano	676
Total	1123

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



☐ Asesoramento Xurídico online

A **Secretaría Xeral da Igualdade** ten en marcha dende o ano 2011 un servizo de asesoramento xurídico online, accesible a través da páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, onde se ofrece información personalizada e gratuíta ás persoas usuarias, considerando que o asesoramento axeitado constitúe o primeiro paso para saír da situación de violencia.

Con este servizo, a Secretaría Xeral da Igualdade ten o obxectivo de facilitar ás mulleres o coñecemento dos seus dereitos e axudarlles así a que adopten as decisións máis axeitadas en cada momento. Son numerosos os casos de mulleres inmersas en contornos de violencia de xénero que descoñecen os dereitos que as asisten, como abordar a interposición dunha denuncia ou que unha correcta exposición dos feitos e dos fundamentos de dereito ao longo de todo o proceso son determinantes para unha resposta xudicial máis efectiva.

O servizo xurídico online permite ofrecer resposta en tempo real a consultas sobre lexislación, violencia de xénero, conciliación, dereito de familia, agresións ou acoso sexual, entre outras, asegurando a confidencialidade. Tenta clarexarlle ás usuarias cuestións que con frecuencia suscitan dúbidas e polo tanto xeran temor, tales como qué actuacións xudiciais pode iniciar, se é necesario contar sempre coa asistencia de avogado/a e de procurador/a ou que medidas urxentes pode solicitar.


As consultas a través deste servizo poden ser complementarias ás que se prestan de xeito presencial nos 80 Centros de Información ás Mulleres, CIM, repartidos por toda Galicia, garantindo o anonimato e a confidencialidade cando así o desexe a muller.

No ano 2014 recibíronse un total de 66 consultas a través deste servizo online.

❑ N° DE CONSULTAS POR SEXO DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN

Sexo	N° Consultas	Porcentaxe
Mulleres	64	96,97%
Homes	2	3,03%
Total	66	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



□ N° DE CONSULTAS POR PROVINCIA DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN

Provincia	Nº consultas	Porcentaxe
A coruña	24	36,36%
Lugo	9	13,64%
Ourense	6	9,09%
Pontevedra	24	36,36%
Resto de España	3	4,55%
Total	66	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



❑ N° DE CONSULTAS SEGUNDO ESTADO CIVIL DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN

Estado civil	N° consultas	Porcentaxe
Casadas/os	12	18,18%
Divorciadas/os	19	28,79%
Separadas/os	10	15,15%
Solteiras/os	20	30,30%
Unións de feito	2	3,03%
Viúvas/os	0	0,00%
Sen datos	3	4,55%
Total	66	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



❑ N° DE CONSULTAS SEGUNDO AS IDADES DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN

Idade	N° consultas	Porcentaxe
Menos de 18	0	0,00%
18-25	3	4,55%
26-35	19	28,79%
36-45	27	40,91%
46-55	15	22,73%
56 ou mais	2	3,03%
Total	66	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



□ N° DE CONSULTAS SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS DAS PERSOAS QUE AS REALIZAN

Nivel de estudos	Nº consultas	Porcentaxe
Primarios	13	19,70%
Bacharelato	22	33,33%
Universitarios	20	30,30%
Posgrao	5	7,58%
Ningún ou certif. Escolaridade	1	1,52%
Outros	5	7,58%
Total	66	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



❑ **Nº DE CONSULTAS RECIBIDAS SEGUNDO A SÚA TEMÁTICA**

Tema da consulta	Nº consultas	Porcentaxe
Asistencia xurídica gratuíta	17	25,76%
Conciliación familiar	13	19,70%
Lexislación e información xurídica	12	18,18%
Dereito de familia	8	12,12%
Violencia de xénero	6	9,09%
Prostitución/trata	3	4,55%
Acoso sexual	2	3,03%
Discriminación por razón de sexo	2	3,03%
Ordes de Protección/afastamento	2	3,03%
Agresións e abusos sexuais	1	1,52%
Total	66	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigo 51:Servizo de atención 24 horas

- ❑ Servizo de información e atención á cidadanía :Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres

O actual Servizo de Información e atención á cidadanía prestado a través do **teléfono 012**, facilita entre outros servizos, información e orientación sobre os recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades das mulleres galegas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixindo as súas demandas, se procede, ao departamento e/ou administración correspondente.

Tamén informa as mulleres nas áreas xurídica, de emprego, de recursos sociais e de atención psicolóxica.

Pero ademais, o servizo está apoiando a derivación das mulleres vítimas de violencia de xénero aos centros de acollida existentes en Galicia, así como a outros centros do resto do territorio nacional, sempre a través das entidades derivantes sinaladas e dentro do horario de referencia establecido. Igualmente, o servizo colabora, a través do desenvolvemento das súas funcións, na prevención, detección e intervención (traslado de vítimas) en situacións de posible risco, abuso e maltrato das mulleres

Incluído polo tanto no Servizo de información e atención á cidadanía, se atopa o Teléfono da Muller, un servizo gratuíto, anónimo, que funciona as 24 horas do día e ten cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Está atendido por un equipo multidisciplinar, coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia, de forma que calquera muller poida facer unha consulta, tanto en horario laborable como en horario nocturno e en días non laborables ao longo de todo ano.

Desde o Teléfono da Muller infórmase e asesórase sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Violencia de xénero: Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais,
- Acoso sexual.
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información ás mulleres, programas para mulleres desfavorecidas, policía especializada, gabinetes de orientación, centros de planificación ...
- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentencias incumpridas.
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas.

- Educación pola igualdade, materiais non sexistas, publicidade discriminatoria.
- Apoio ó asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións.

O Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres réxese polas seguintes pautas de actuación: Anonimato e confidencialidade, gratuidade do servizo.

TOTAL CHAMADAS AO TELÉFONO DA MULLER: 900 400 273

Total chamadas	4.870
----------------	-------


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

TOTAL DE CHAMADAS POR MES

Chamadas por mes	Nº	%
Xaneiro	445	9%
Febreiro	357	7%
Marzo	367	8%
Abril	388	8%
Maio	358	7%
Xuño	418	9%
Xullo	342	7%
Agosto	425	9%
Setembro	444	9%
Outubro	398	8%
Novembro	443	9%
Decembro	485	10%
Total	4870	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia


Informe anual 2014 de violencia de xénero



PROCEDENCIA DAS CONSULTAS POR PROVINCIA

Provincia	Nº consultas	Porcentaxe
A Coruña	2849	59%
Lugo	357	7%
Ourense	220	5%
Pontevedra	996	20%
Resto de España	46	1%
Sen clasificar	402	8%
Total	4870	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



SEXO DAS PERSOAS USUARIAS

Sexo	Nº	%
Muller	4321	89%
Home	520	11%
Sen clasificar	29	1%
Total	4870	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



NACIONALIDADE DAS PERSOAS USUARIAS

Nacionalidade	nº	%
Españolas	4582	94%
Estranxeiras	115	2%
Sen clasificar	173	4%
Total	4870	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



IDADE DAS PERSOAS USUARIAS

Idade	nº	%
< 18	7	0%
18-30	96	2%
31-40	980	20%
41-50	244	5%
51-65	1093	22%
≥ 66	45	1%
Sen clasificar	2405	49%
Total	4870	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



TIPO DE INFORMACIÓN CONSULTADA

Tipo de información consultada	Nº	%
Xurídica	936	19%
Emprego	76	2%
Recursos	713	15%
Información da SXI	325	7%
Atención psicolóxica	2472	51%
Outras	348	7%
Total	4.870	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



RESOLUCIÓN DA DEMANDA

Resolución da demanda	Nº	%
Derivación cara outros servizo	37	1%
Atención directa	4833	99%
Total	4.870	100%


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



REINCIDENCIA NO USO DO SERVIZO (CHAMOU EN ANTERIORES OCASIÓNS)

Reincidencia no uso do servizo	Nº	%
Si	620	13%
Non	2464	51%
Sen clasificar	1786	37%
Total	4870	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigo 52:Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia


En Galicia estableceuse no ano 2004 o Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP). Está adscrito á **Secretaría Xeral da Igualdade**, e leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia, realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlles o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección.

Dende o momento en que o PCOP recibe dende os xulgados as copias das ordes de protección ou medidas cautelares ditadas, inicia un contacto coa beneficiaria a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e a comprobación de que a dita OP se cumpre correctamente. No suposto de que existan quebrantamentos, se lle informa á muller da canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia. A usuaria é informada tamén, se así o desexa, doutros trámites xudiciais como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos/fillas,

etc. Polo tanto, unha vez recibida a orde de protección, iniciase o contacto coa vítima para, coñecendo a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala dos recursos asistenciais e de protección social existentes aos que ten dereito e pode solicitar.

Nº de OP e outras medidas cautelares recibidas no PCOP				
Provincia	2011	2012	2013	2014
A Coruña	490	483	393	345
Lugo	226	169	145	139
Ourense	143	91	66	64
Pontevedra	489	406	394	268
Total	1.348	1.149	998	816

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Aplicación informática para a xestión de ordes de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero.



No ano 2014 **púxose en funcionamento** a nova aplicación informática para a xestión de ordes de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero, XOP, co obxectivo de mellorar a xestión de ordes de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero e dar unha resposta áxil ás seguintes necesidades:

- Rexistro de ordes de protección.
- Rexistro de procedementos xudiciais.
- Dispor dunha axenda asociada a cada persoa usuaria onde se poidan rexistrar as accións de seguimento realizadas, de forma que desde a aplicación telemática se teña coñecemento do labor desenvolvido con cada usuaria.
- Rexistro da información recibida desde os xulgados.
- Información sobre as axudas solicitadas polas vítimas e estados das mesmas.
- Rexistro de penados ingresados en prisión asociados ás vítimas, facilitando a comunicación con elas ante as saídas de prisión dos agresores.
- Emisión de documentación desde a aplicación como comunicación ás usuarias, ou modelo e certificados para diversos programas (inserción laboral, vivenda)
- Envío da documentación emitida por email.
- Obtención de estatísticas.

Artigo 53:Puntos de Encontro Familiar

A Dirección xeral de familia e inclusión informa que na Comunidade Autónoma existen actualmente sete puntos de encontro de titularidade pública situados nas cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Os puntos de encontro familiar de Galicia están regulados polo Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar de Galicia.

O acceso aos puntos de encontro farase por resolución do órgano de dirección competente en materia de familia da consellería con competencia en materia de familia e menores. Serán órganos solicitantes as xefaturas territoriais da consellería con competencia en materia de familia e menores, en relación as e os menores sobre os cales a Xunta de Galicia teña asumida a tutela ou a garda, e os órganos xudiciais competentes.

No desenvolvemento das súas funcións os puntos de encontro familiar teñen como obxectivos: favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das e dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación; facilitar o encontro das fillas e fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa; e garantir a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas así como previr situacións de violencia.

Nas súas intervencións os puntos de encontro actúan sempre atendendo aos seguintes principios: interese das e dos menores; voluntariedade; imparcialidade; neutralidade; confidencialidade; non inxerencia; subsidiariedade e temporalidade.

No ano 2014 foron atendidos case de 1.000 casos (**286 por motivo de violencia de xénero**) segundo o seguinte detalle:

Expedientes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago	Total
Novos	63	41	26	35	75	50	47	337
Pechados	38	23	47	41	59	49	72	329
Permanecen abertos	130	97	83	124	245	158	155	992
Por violencia de xénero	70	49	12	2	63	36	54	286

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia

Persoas usuarias		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago	Total
Menores		159	128	110	140	296	213	217	1.263
P. adultas	Homes	275	85	78	241	283	172	220	1.354
	Mulleres	297	87	93	141	377	188	225	1.408
Total		731	300	281	522	956	573	662	4.025

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia

Tipos de intervención	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago	Total
Intercambios	3.203	1.524	2.546	4.592	8.417	4.749	2.522	27.553
Visitas tuteladas	121	287	235	0	1.611	358	422	3.034
Visitas sen supervisar	742	278	432	1.160	788	512	564	4.476
Total	4.066	2.089	3.213	5.752	10.816	5.619	3.508	34.883

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia

Gabinetes de Orientación Familiar (GOF)

Os gabinetes de orientación (GOF) constitúense como un recurso público de carácter multidisciplinar para a atención de conflitos familiares e coa finalidade de servir como un instrumento eficaz na protección da familia de acordo coas competencias atribuídas á **Dirección Xeral de Familia e Inclusión**.

Como recurso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución de problemas e a toma de decisións, así como a potenciar e desenvolver os recursos familiares, os Gabinetes de orientación familiar abordaran os problemas que poidan xurdir na familia e por extensión nos membros que a compoñen, prestándolles especial atención ao interese superior e á vulnerabilidade das e dos menores, e atendendo nomeadamente:

- a) As crises do ciclo vital da familia.
- b) As situacións de conflito.
- c) A viabilidade adaptativa do grupo familiar: apoio, protección e desenvolvemento.

Por outra banda, os GOF constitúen un dispositivo en estreito contacto cos equipos de atención ao menor, colaborando con eles na atención ás familias de menores susceptibles de ser sometidos a medidas de protección.

Estes gabinetes, dependentes das xefaturas territoriais da **Consellería de Traballo e Benestar**, están integrados por especialistas en traballo social, dereito e psicoloxía. Entre os seus obxectivos destácanse:

- Informar e asesorar tecnicamente ás familias sobre as problemáticas sociais, psicolóxicas e xurídicas nas que se puidesen atopar.
- Proporcionar ás familias o acceso a recursos axeitados para o desenvolvemento de canles normalizados de convivencia.
- Dotar as familias das habilidades necesarias para enfrontar as súas necesidades.
- Evitar a instrumentalización das/os fillas/os, ante as diferentes situacións de conflitividade.
- Fomentar o mantemento da cooperación parental como protectora da imaxe que as/os fillas/os teñen dos seus proxenitores.
- Informar, asesorar e prestar asistencia psicolóxica ás mulleres, particularmente a aquelas que se atopen inmersas en procesos de conflitividade familiar.

Os niveis de atención dos Gabinetes de orientación familiar, segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, son os que a continuación se relacionan:

- a) Informativo, facilitándolles ás familias a información necesaria para favorecer unha mellor comprensión do medio e dos recursos dispoñibles.
- b) Educativo e formativo, proporcionándolles ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar e facilitando que a dinámica individual e familiar sexa creativa, eficaz e enriquecedora.
- c) Preventivo, de preparación perante as distintas etapas ou situacións polas que pasan as familias no seu ciclo vital.
- d) Axuda persoal e emocional, ofrecendo atención e acompañamento en calquera momento da vida e, en especial, nos momentos de crises provocadas por desgrazas inesperadas, tanto formal a través da terapia familiar coma informal a través das redes de axuda mutua ou grupos de apoio familiar.

e) Orientación, acompañando as familias, ofrecendo asesoramento para a toma de decisións, a resolución de conflitos e a mobilización dos recursos propios e do contorno, así como no proceso de planificación de apoios.

f) Terapia e tratamento co fin de superar os dinamismos disfuncionais das familias, facendo posible o seu progreso e a súa adaptación.

Para o seguimento do programa, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión implementou unha aplicación informática que posibilita dispoñer en todo momento dos datos actualizados dos distintos Gabinetes.

GOF/ Seguimento anual 2014:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Vigo
Demandas				
Recibidas	148	141	174	178
Reorientadas	8	1	0	0
Atendidas	148	141	174	178
Tipoloxía demandas atendidas				
Conflito por ruptura de convivencia	35	58	101	60
Crise na parella	30	8	7	14
Crise materno ou paterno-filial	40	43	22	64
Crise familia extensa	5	11	2	5
Crise mixta	11	9	10	4
Outra	27	12	32	31
Demandantes de atención				
Mulleres	126	112	165	120
Homes	55	61	129	84
Parellas	14	23	10	28
Grupos familiares	8	47	23	26

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia

Artigo 54: Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos

En relación coa previsión do artigo 54, mediante a Resolución do 15 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, constituíronse os servizos comúns de atención á cidadanía e asistencia á vítima, dependentes dos decanatos das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo.

Estes servizos prestan atención á cidadanía e ás vítimas, incluíndo os delitos en materia de violencia de xénero, desenvolvendo a súa actividade baixo os principios de transparencia, información e atención axeitada, nas sete cidades galegas citadas.

Artigo 55: Titularidade e Xestión dos servizos

Os servizos de asistencia social integral que conforman na CCAA de Galicia o sistema de protección e asistencia integral para as mulleres en situación de violencia de xénero son na súa inmensa maioría de titularidade pública, ben municipal ben autonómica, sendo a Xunta de Galicia a que realiza as funcións de coordinación e supervisión de recursos e servizos, seguindo as directrices marcadas pola lexislación vixente, e garantindo así mesmo, a equidade territorial.

Ademais, e de acordo co disposto neste apartado da lei 11/2007, a Xunta de Galicia establece fórmulas de colaboración con entidades sen fin de lucro, sempre coa finalidade de garantir unha protección e asistencia axeitada ás mulleres que sofren violencia de xénero. Ao longo deste informe se detallan en cada apartado, todas e cada unha das anteditas fórmulas de colaboración que se estableceron durante o exercicio 2014.

Artigo 56: Confidencialidade da información

A Xunta de Galicia, a través de todos os seus departamentos con competencias en accións de protección e asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero, ten adoptadas as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información relativa a estas situación, sempre segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, así como no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999.

04 DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira: Modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

Terceira: Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia.

Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia

Quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres.

Sexta: Creación do Observatorio galego da violencia de xénero.

Sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de igualdade.

Oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusión económica desta Lei.

Novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Décima: dotación orzamentaria.

Disposición Adicional Primeira: Modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Modificación en vigor.

Sinalar en todo caso, que a lexislación vixente en materia de violencia de xénero, prohíbe de maneira expresa a mediación nestes casos.

Disposición Adicional Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

- ❑ Convenio de colaboración entre o Ministerio de Igualdade, e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, para a prestación do servizo telefónico 016 de información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Con data 9 de novembro de 2012 o **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade** e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da **Secretaría Xeral da Igualdade**, asinaron un convenio de colaboración, para a prestación do servizo telefónico de información e de asesoramento xurídico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

En base a este convenio, que sigue en vigor, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade garante a derivación automática daquelas chamadas realizadas ao teléfono 016 dende o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia ao teléfono 900 400 273, co fin de asegurar a prestación do servizo público de atención e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero, calquera que sexa a información requirida, poñendo en todo caso en coñecemento da persoa usuaria o número ao que se deriva a chamada. Se a chamada precisa atención de emerxencia a derivación automática realizarase ao teléfono 112 de emerxencia autonómico.

As chamadas recibidas polo servizo telefónico da Comunidade Autónoma de Galicia realizadas por persoas que soliciten asesoramento xurídico especializado, poderán ser derivadas ao servizo telefónico 016 para a súa atención polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá derivar calquera chamada relativa á violencia de xénero ao servizo telefónico 016, para garantir a correcta atención da chamada.

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade garantirá a difusión do servizo telefónico autonómico facendo constar, xunto ao servizo telefónico 016, o servizo telefónico 900 400 273 da Comunidade Autónoma de Galicia nas campañas que se leven a cabo en medios publicitarios gráficos (prensa escrita, revistas, folletos...) e exteriores no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que en cada unha das campañas publicitarias a realizar por parte do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, se acorden coa Comunidade Autónoma de Galicia os termos da difusión.

O convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura entendéndose tacitamente prorrogada a súa vixencia por anos naturais, salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

No ano 2014 un 29% das chamadas recibidas no teléfono de información ás mulleres de Galicia (900 400273) foron derivadas dende o teléfono 016, o que supón 1.411 chamadas das 4.870 recibidas.

- ❑ Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para establecer unha Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e realizar outras accións de sensibilización social en contra da violencia de xénero

Con data 12 de setembro de 2012 a **Secretaría Xeral da Igualdade** e a **Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)** asinaron un protocolo de colaboración co obxecto de promover unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, que se configurará como un instrumento que permita conseguir o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real contra esta lacra, fomentando ao mesmo tempo modelos alternativos de convivencia baseados no respecto e na igualdade.

A rede de entidades locais contra a violencia de xénero e a Secretaría Xeral da Igualdade colaborarán na consecución dos seguintes obxectivos:


- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.
- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes
- Conseguir a tolerancia cero coas persoas agresoras

A data 31 de decembro de 2014 están adheridas a esta rede 155 entidades locais.

Provincia	Nº
A Coruña	64
Lugo	31
Ourense	28
Pontevedra	32
Total	155

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade

Informe anual 2014 de violencia de xénero



Provincia	Entidades locais adheridas á Rede
A Coruña	Abegondo
	Ames
	Ares
	Arteixo
	Bergondo
	Betanzos
	Boiro
	Boqueixón
	Brión
	Cabanas
	Cabana de Bergantiños
	Camariñas
	Cambre
	Carballo
	Cariño
	Carnota
	Cee
	Cerceda
	Cerdido
	Coirós
	Corcubión
	Coruña (A)
	Curtis
	Dodro
	Fene
	Ferrol
	Frades
	Laracha (A)
	Laxe
	Lousame
	Malpica de Bergantiños
	Mazaricos
	Melide
	Mesía

	Monfero
	Mugardos
	Muros
	Muxia
	Neda
	Negreira
	Noia
	Ordes
	Oroso
	Ortigueira
	Outes
	Padrón
	Pino (O)
	Pontes de García Rodríguez (As)
	Porto do Son
	Riveira
	Sada
	San Sadurniño
	Santa Comba
	Santiago de Compostela
	Santiso
	Sobrado
	Teo
	Tordoia
	Trazo
	Valdoviño
	Vilasantar
	Vimianzo
	Zas
	Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ordes
Lugo	Alfoz
	Baleira
	Barreiros
	Begonte
	Bóveda
	Burela
	Cervo
	Chantada
	Folgoso do Caurel
	Fonsagrada (A)
	Foz
	Láncara
	Lourenzá
	Mondoñedo
	Monforte de Lemos
	Negueira de Muñiz
	Ouro
	Palas de Rei
	Pantón
	Paradela
	Páramo
	Pedrafita do Cebreiro
	Rábade

	Ribadeo
	Samos
	Sarria
	Sober
	Vilalba
	Viveiro
	Xermade
	Xove
Ourense	Allariz
	Bande
	Baños de Molgas
	Calvos de Randín
	Carballiño
	Castrelo de Miño
	Castro Caldelas
	Celanova
	Cenlle
	Cortegada
	Laza
	Lobios
	Maceda
	Monterrei
	Muiños
	Ourense
	Paderne de Allariz
	Piñor
	Porqueira (A)
	Ribadavia
	Toén
	Veiga (A)
	Verín
	Viana do Bolo
	Vilamartin de Valdeorras
	Xinzo de Limia
	Mancomunidad Terra de Celanova
	Mancomunidad do Ribeiro
Pontevedra	Baiona
	Barro
	Bueu
	Caldas de Reis
	Cangas
	Crecente
	Cuntis
	Estrada (A)
	Forcarei
	Gondomar
	Grove (O)
	Guarda (A)
	Lalín
	Lama (A)
	Marín
	Meaño
	Meis

	Moaña
	Moraña
	Nigrán
	Pazos de Borbén
	Poio
	Ponte Caldelas
	Porriño (O)
	Redondela
	Ribadumia
	Rodeiro
	Rosal (O)
	Salceda de Caselas
	Sanxenxo
	Soutomaior
	Tui

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade

No marco deste protocolo dende a Secretaría Xeral da Igualdade ofertáronse varias actividades ás entidades locais, a desenvolver no último trimestre do ano 2014:


1.- **Violencia de xénero e o novo contexto dixital**", obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sextorsión.... (Véxase pax. 42)

2.- **Programa "Desconexión"**: Encontros lúdicos, deportivos e terapéuticos, dirixidos a mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos menores, co fin de reforzar vínculos materno-filiais e socio-afectivos; Inclúe accións con menores no eido da terapia ocupacional. (Véxase pax. 99)

3.- **"Cartas de Amor"**, exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición (Véxase pax. 56)

Solicitudes recibidas	
Provincia	nº solicitudes
A Coruña	50
Lugo	28
Ourense	14
Pontevedra	29
Total	121

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Concesións por provincia				
Provincia	Violencia de xénero e novo contexto dixital	Desconexión	Cartas de amor	Total
A Coruña	11	6	4	21
Lugo	3	5	5	13
Ourense	1	0	0	1
Pontevedra	5	4	6	15
Total	20	15	15	50

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- ❑ Acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade) e a Federación de autónomos do taxi de Galicia (FEGATAXI), para a colaboración no apoio ao traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero. Centros de acollida das mulleres vítimas da violencia de xénero.

Con data 23 de abril de 2014 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación de autónomos do taxi de Galicia (FEGATAXI) asinaron un acordo de colaboración para o apoio no traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas a calquera dos centros que conforman a Rede Galega de Acollemento, cando as especiais circunstancias da vítima,

valoradas convenientemente polos servizos sociais (municipais ou autonómicos), imposibiliten o seu traslado por outros medios.

Ademais a través deste acordo de colaboración a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero que elabore á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), así como a poñer a disposición da Federación contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación de xeito que permita ás e a aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto e coñecer pautas de actuación.

Pola súa parte, a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), pon a disposición da Secretaría Xeral da Igualdade un teléfono de atención permanente ou calquera outro sistema de comunicación, que permita un **contacto directo 24 horas** para poder efectuar os traslados e comprométese a apoiar ás vítimas da violencia de xénero no traslado ao centro de acollida previamente determinado polo servizo da administración local ou autonómica correspondente, así como a difundir a iniciativa entre todas as asociacións que a integran, e contribuír á sensibilización social no rexeitamento conxunto da violencia de xénero, colocando o material que se facilite por parte da Secretaría Xeral da Igualdade nun lugar visible dos vehículos, e no que figurarán os números de información contra a violencia de xénero, 016 e 900 400 273.

O acordo está acompañado dun **protocolo de actuación**, publicado na web da Secretaría Xeral da Igualdade no que se detalla o procedemento coordinado que debe levarse a cabo entre os distintos recursos públicos de carácter social -CIMS, departamentos de servizos sociais, etc.-, a Secretaría Xeral da Igualdade e os centros da Rede Galega de Acollemento.

Este documento especifica as distintas formas de comunicación -teléfonos, fax e enderezos electrónicos- para poder atender as incidencias as 24 horas dos 365 días do ano, a maneira de facer esta comunicación; e inclúe un anexo co formulario de solicitude de derivación da persoa ou persoas trasladadas desde o servizo correspondente ao centro de destino.

A colaboración establecida entre Igualdade e Fegataxi non substitúe en ningún caso os traslados que se realizan dende outras administracións públicas con competencias na

materia, nin os traslados que deban efectuarse con acompañamento de forzas e corpos de seguridade.

Durante o ano 2014 fíxose uso deste servizo para a realización de 23 traslados a diferentes centros de acollida .

❑ Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas á promoción da igualdade.

A **Secretaría Xeral da Igualdade** convocou estas axudas a través da Resolución do 30 de abril de 2014 (DOG nº 86, do 7 de maio), coa finalidade de apoiar e consolidar as actuacións levadas a cabo desde as administracións locais dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades e de trato, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, e á erradicación da violencia de xénero, actuacións que pola proximidade á cidadanía e o coñecemento da situación específica de mulleres e homes poden resultar particularmente axeitadas para a consecución dos devanditos obxectivos.

As actuacións subvencionadas encádranse dentro dos seguintes programas:

- **Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.**
- Programa de fomento da conciliación
- Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM)

As actuacións da liña de prevención e tratamento integral da violencia de xénero debían vincularse a algunha das seguintes áreas:

a) Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación entre os distintos ámbitos políticos e profesionais dirixidas á eficaz prevención, detección e intervención na loita contra a violencia de xénero e protección das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos e das persoas delas dependentes.

b) Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.

c) Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía e a restauración dos seus proxectos vitais.

d) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular; propostas de acción e coordinación entre todos os axentes sociais.

Nos programas con actuacións en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero resultaron beneficiarias un total de **46 entidades locais**, cun importe de **102.115,35 €**

Na táboa que se atopa a continuación, podemos observar as actuacións da liña de prevención e tratamento integral da violencia de xénero que se levaron a cabo nos distintos concellos, así coma o seu orzamento.

ENTIDADE LOCAL (Provincia da Coruña)	ACTUACIÓN	ORZAMENTO
Concello da Coruña	Programa de intervención con unidades familiares vítimas de violencia de xénero "debuxando novos camiños"	2.500,00
Concello da Laracha	Obradoiros de prevención da violencia de xénero	3.129,93
Concello de Boiro	Elaboración da guía práctica de prevención da violencia de xénero para mozos e mozas	3.038,36
Concello de Cabanas	Proxecto: "Estudo sobre o grao de corresponsabilidade da comunidade educativa do CEIP Eladia Mariño"	606
Concello de Cambre	Campaña de difusión para a prevención da violencia de xénero. Obradoiros de bo trato nos IES de Cambre. Actividades e campaña do día internacional contra a violencia de xénero.	4.425,00
Concello de Carnota	"Somos responsables" Obradoiro de prevención da violencia de xénero a través das novas tecnoloxías	1.361,36
Concello de Lousame	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade. "Enganchate ó bo trato"	1.193,77
Concello de Mugardos	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero	2.260,00
Concello de Negreira	Co-rresponsais Negreira	2.166,45
Concello de Ortigueira	Campaña municipal de sensibilización contra a violencia de xénero "SOMOS MÁIS" Contra a Violencia de Xénero	1.010,00
Concello de Outes	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero: "Microviolencias diarias"	1.565,50
Concello de Padrón	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.	2.800,00
Concello de Ribeira	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero.	2.912,00
Mancomunidade de municipios da comarca de Ordes	Campaña de sensibilización e concienciación da violencia de xénero, no ámbito do deporte	7.900,00

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Informe anual 2014 de violencia de xénero

ENTIDADE LOCAL (Provincia de Lugo)	ACTUACIÓN	ORZAMENTO
Concello de Burela	Burela en igualdade: Prevención, sensibilización e concienciación.	5.013,79
Concello de Lugo	Obradoiro de prevención de violencia de xénero - ¿Quérome ou non me quero?	962,4
Concello de Mondoñedo	"Mondoñedo contra a violencia de xénero"	555,5
Concello de Monforte de Lemos	"Obradoiro enredando"	896
Concello de Palas de Rei	Representación da obra de teatro "O Bosque da poesía". Elaboración dunha unidade didáctica	1.456,00
Concello de Ribadeo	Itinerario formativo sectorial da mesa interinstitucional de violencia de xénero	1.232,00
Concello de Vilalba	2 video forum contra a violencia de xénero	336,08
Concello de Viveiro	Empoderadas: Programa de fomento da independencia económica e do empoderamento feminino	1.649,74
Concello de Xermade	Programa: "Xermade igual"	851,48

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

ENTIDADE LOCAL (Provincia de Ourense)	ACTUACIÓN	ORZAMENTO
Concello de Maceda	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero: "Obradoiros de prevención da violencia de xénero"	1.136,25
Concello de Muíños	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade	909
Concello de Ourense	Proxecto de prevención da violencia de xénero "Aulas de igualdade 2014"	5.766,36
Concello de Toén	"Xornadas de conmemoración do 25 de novembro, día internacional para a erradicación da violencia de xénero"	2.340,32
Concello de Vilamarín	Elaboración dunha guía práctica de sensibilización contra a violencia de xénero dirixida á poboación do concello	2.507,12
Concello de Xinzo de Limia	Curso de intervención policial ante a violencia de xénero	1.076,31
Concello do Carballiño	Accións de prevención e tratamento integral da violencia de xénero	2.623,62
Mancomunidad Terra de Celanova	Talleres de prevención da violencia de xénero	4.488,13

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

ENTIDADE LOCAL (Provincia de Pontevedra)	ACTUACIÓN	ORZAMENTO
Concello da Guarda	Intervención integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero e coas súas fillas e fillos	3.690,00
Concello da Lama	"Xornada sobre a violencia de xénero"	444,08
Concello de Baiona	Programa de prevención, sensibilización e	786,59

ENTIDADE LOCAL (Provincia de Pontevedra)	ACTUACIÓN	ORZAMENTO
	concienciación sobre a violencia de xénero	
Concello de Bueu	O teatro como ferramenta de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero: "O segredo de Uxía"	1.904,00
Concello de Caldas de Reis	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero.	2.520,00
Concello de Lalín	X Curso de verán Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0: Que facer coas violencias dende a educación de xénero?	3.640,00
Concello de Marín	Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero. Programa integral de reestruturación vital.	7.902,75
Concello de Meis	Taller educativo de fomento da erradicación da violencia e práctica da boa convivencia: "Aprendendo a comunicarnos, a resolver conflitos e tomar decisións"	781,74
Concello de Nigrán	Xornada formativa: A violencia de xénero na adolescencia	1.085,75
Concello de Poio	"Fai medrar a túa autoestima"	627,2
Concello de Ponte Caldelas	Enredando	1.400,00
Concello de Redondela	Taller de benestar e autonomía persoal para mulleres vítimas de violencia de xénero	763,84
Concello de Silleda	Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero	2.020,00
Concello de Vila de Cruces	"Todos en contra da Violencia de Xénero"	850,93
Concello do Porriño	II Xornadas. Medidas de sensibilización, prevención e intervención na violencia de Xénero	3.030,00

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

❑ Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.

O artigo 29.3 de Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teña como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

A Xunta de Galicia é pioneira na elaboración e aplicación de Protocolos de actuación no ámbito da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, asinando xa no ano 2010 un Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de

prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, asinado en xaneiro, coa Fiscalía Superior de Galicia. Este Protocolo foi revalidado no ano 2012, dados os cambios lexislativos operados pola reforma da Lei Orgánica de Estranxeiría e polo Código Penal, que fixeron procedente unha revisión e adaptación do citado Protocolo.

O Protocolo tenta axilizar a aplicación dos beneficios de protección recollidos na lexislación vixente, entre os que destaca a posibilidade de conceder permiso de residencia a aquelas mulleres que denuncien ás mafias que as explotan, para que manteñan o seu testemuño ata o fin do proceso penal, tentando facilitar a colaboración das vítimas de trata coa xustiza.

Por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría xeral da Igualdade, ponse a disposición das vítimas, unha vez son identificadas, ben por vontade propia ou pola intervención policial nun local, como vítimas dun delito de trata de seres humanos, un aloxamento que garanta o exercicio do dereito ao período de reflexión, para elas e para as súas fillas e fillos menores de idade, así como asistencia psicolóxica, médica e xurídica gratuíta.

Na **Secretaría Xeral da Igualdade**, e no marco deste Protocolo, no ano 2014 continuouse coa colaboración con organizacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento das diversas actuacións de prevención e asistencia ás vítimas de trata, así como a tarefa de coordinación de todos os servizos e programas dispoñibles para a atención das vítimas.

- ❑ Protocolo de derivación entre as Comunidades Autónomas para a Coordinación das súas Redes de Centros de Acollida para as Mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas.

Na Xunta de Galicia, xa dende a apertura do primeiro centro de acollida na Comunidade, véñense asinando cada ano convenios de colaboración con diversos concellos titulares dun recurso de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, para o mantemento dos mesmos, en concreto cos concellos da Coruña, Ferrol, Culleredo, Lugo e Ourense. Todos os centros atópanse incluídos na rede autonómica de centros de atención a mulleres, e cumpren cos requisitos

establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

O obxecto deses convenios é a colaboración da Xunta de Galicia no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento dos centros de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, comprometéndose os concellos a manter os centros en funcionamento e a prestarlle ás mulleres vítimas un servizo integral de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación. Establécese ademais a cooperación e colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade nas derivacións das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos, procedentes doutras comunidades autónomas, de acordo cos protocolos e procedementos establecidos para estes efectos

Dado o carácter de recurso de protección que seguen mantendo os centros de acollida, non son infrecuentes as ocasións en que, maiormente por motivos de seguridade, pero tamén de carácter persoal ou profesional, estes centros de acollida deben realizar **traslados fora da Comunidade galega**, actuando tanto como receptores de vítimas ameazadas noutras partes do estado que son derivadas a Galicia como derivando a mulleres que residen nun centro en Galicia a outro centro fora da nosa comunidade autónoma. Neste sentido, a **coordinación institucional** amósase como unha ferramenta imprescindible para conseguir unha atención eficaz ás vítimas, evitando a dispersión de recursos, logrando unha maior efectividade dos mesmos e contribuíndo a garantir a seguridade das mulleres.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, de cara a garantir os dereitos que a lexislación lles outorga ás vítimas da violencia de xénero, promove e impulsa a prestación dos servizos establecidos na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e considera prioritaria a atención ao funcionamento dos centros de acollida para as vítimas, funcionamento no que se debe incluír a colaboración interinstitucional e a cooperación entre **todos os servizos autonómicos das mesma natureza no Estado español**, de xeito que o traballo en rede e a articulación entre os distintos centros permita conseguir a seguridade das vítimas, e as apoie na súa recuperación psicolóxica social e laboral.

Así, as Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla y o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, acordaron na Conferencia Sectorial de Igualdade iniciar os traballos que permitiran poñer en rede os centros de acollida de todas as Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, a través da coordinación destes recursos en beneficio das vítimas da violencia de xénero e os menores ao seu cargo, co fin de mellorar a súa protección e seguridade, a posta en común dos recursos e a mellora dos procedementos, en todo o territorio nacional.

Froito de dito traballo, e como mostra do compromiso das Comunidades Autónomas asinantes por asumir e desenvolver este marco de colaboración, estas, incluída Galicia, e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, na xuntanza da Conferencia Sectorial de Igualdade do 21 de xuño de 2014, acordaron aprobar o **Protocolo de derivación entre as Comunidades Autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero y dos seus fillos e fillas**, que pretende cumprir cos seguintes obxectivos:

- Coordinación das redes dos recursos de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas.
- Determinación das causas que poden motivar a derivación dunha usuaria a un centro de acollida doutra Comunidade Autónoma.
- Establecemento dun listado común da documentación exixible para tramitar o ingreso nos centros de acollida.
- Desenvolvemento dun modelo de comunicación directa entre os organismos competentes nesta materia para todo o relativo ao proceso de admisión, incluídas as causas para a motivación en caso de denegación.
- Fixación duns criterios comúns sobre a asunción de gastos derivados de traslado ou os que se produzan como consecuencia das xestións derivadas da súa situación.

Disposición Adicional Terceira: Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia

Actividade policial da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA):

A unidade realizou un total de 53 actuacións desglosadas en detencións, levantamento de atestados policiais, inspeccións policiais, identificacións e traslados.

Ademais, a Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), traballa no ámbito da prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero, e durante o ano 2014 realizou sesións formativas e informativas en: centros de ensino secundario, universidades, concellos, asociacións e outras entidades públicas.

Con data 22 de xullo de 2014 a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou un convenio de colaboración co Ministerio do Interior para que a **Unidade de Policía Adscrita teña acceso á aplicación VIOGEN**, da Secretaría de Estado de Seguridade, para os efectos de poder tramitar as denuncias por violencia de xénero ao dispor da ferramenta necesaria para efectuar a preceptiva análise do risco.

Disposición Adicional Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia

O presente informe da cumprido trámite á obriga legal establecida da Disposición Adicional Cuarta da Lei: "O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero". O dito informe presentouse ante a Cámara galega nos anos 2008 a 2014, coa información correspondente ao desenvolvemento, por parte da Xunta de Galicia, das medidas contidas na Lei 11/2007, no ano inmediatamente anterior ao da súa presentación.

Disposición Adicional Quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres



A Lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional quinta, crea o Consello Galego das Mulleres como órgano colexiado e institucional de Galicia, de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade.

No DOG núm. 142 do 26 de xullo de 2012 publicouse o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

O Consello Galego das mulleres constituíse o 5 de marzo de 2014, e configúrase como a vía de participación das mulleres -a través das asociacións e entidades representativas dos seus intereses- no deseño de políticas de fomento da igualdade e de loita contra a discriminación e a erradicación da violencia de xénero principalmente.

Exercerá, polo tanto, de interlocutor ante a Administración autonómica e ante calquera institución ou entidade de carácter público ou privado para o desenvolvemento de políticas públicas dirixidas a lograr a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

No que atinxe á violencia de xénero colaborará coa Xunta no desenvolvemento e aplicación da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Así mesmo estableceranse canles estables de intercolución entre a Administración e o tecido asociativo de mulleres co obxectivo de buscar o maior consenso posible no deseño de políticas contra a violencia machista.

Entre as súas funcións está a de elevar propostas e iniciativas aos poderes públicos, elaborar informes sobre a situación e perspectivas da igualdade e investigar a realidade das mulleres galegas, nomeadamente no ámbito da violencia de xénero, para colaborar de xeito efectivo na súa eliminación.

O Consello Galego das Mulleres está presidido pola secretaria xeral da Igualdade, ademais de dúas vicepresidencias e unha secretaria. A través das vogalías están representadas todas as consellerías da Xunta, as asociacións e federacións de mulleres (con 15 representantes que foron elixidas nun proceso aberto, público e democrático), as organizacións empresariais (con tres vogais), un/unha vogal en representación de cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas e un/unha representante da Fegamp.

O Consello actúa en Pleno, aínda que pode tamén constituír comisións de traballo específicas que estime necesarias.

No seo deste Consello constituíronse en 2014 tres comisións de traballo:

- **Comisión de situación sociolaboral das mulleres**
- **Comisión de diversidade funcional**
- **Comisión de muller rural**

Disposición Adicional Sexta: Creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero



A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No DOG núm. 142 do 26 de xullo de 2012 publicouse o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a

prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

No artigo 1.b) dispónse que ten por obxecto “A creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, como órgano colexiado e institucional de Galicia, encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolven en Galicia, así como o establecemento da súa natureza, fins, composición e adscrición”. Na sección 1ª do capítulo III do citado Decreto regúlase a súa natureza, adscrición, fins, funcións, composición e funcionamento.

Na constitución do Consello Galego das mulleres o 5 de marzo de 2014 elixíronse ás tres vogais en representación das asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas con representación no Consello Galego das Mulleres, tal e como prevé o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, que fai necesaria dita representación para a posta en marcha do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

O 5 de maio de 2014 tivo lugar en Santiago a constitución do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, onde destacou que a resposta fronte á violencia machista debe abordarse desde unha perspectiva integral presidida polo Vicepresidente da Xunta de Galicia.

O Observatorio Galego da Violencia de Xénero está presidido polo Vicepresidente da Xunta de Galicia, ostentando a vicepresidencia a Secretaria xeral da Igualdade. A través das vogalías están representadas as seguintes institucións: o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Fiscalía superior da Comunidade Autónoma de Galicia, a Fegamp, as diferentes Consellerías da Xunta de Galicia, a CRTVG, a Unidade contra a Violencia de Xénero da Delegación do Goberno en Galicia, as Asociacións e Federacións de mulleres (con 3 representantes), as Organizacións Empresariais (con tres vogais), e as Organizacións Sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas .

O Observatorio actúa en Pleno e nas comisións de traballo específicas que estime necesario crear.

Un dos eixos fundamentais do traballo do Observatorio é a prevención de todo tipo de violencia machista. Por iso terá entre as súas encomendas analizar as medias que se están a levar a cabo na materia, propoñer iniciativas para mellorar a situación, reforzar a cooperación entre administracións e vixiar e denunciar que non haxa discriminación sexual na publicidade.

O 8 de setembro de 2014 constituíronse os tres grupos de traballo designados no seo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero:

1.-O primeiro deles é o encargado da **Elaboración dun Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero a nivel autonómico.**

2.-O segundo, baixo o nome “**A voz das vítimas**” , encárgase de escoitar as experiencias directas destas para extraer conclusións e directrices de mellora nas actuacións.

3.-O terceiro grupo traballa a **abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo**, determinando estratexias e propostas de traballo preventivo coa xente nova.

Disposición Adicional Sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de Igualdade

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sétima, establece que se creará a Comisión Interdepartamental de Igualdade como órgano colexiado e institucional de Galicia, á que lle corresponderán, entre outras, as funcións de seguimento da aplicación desta lei e dos correspondentes plans para a igualdade e de loita contra a violencia de xénero.

No DOG núm. 142 do 26 de xullo de 2012 publicouse o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

No artigo 1.c) dispónse que ten por obxecto “A creación da Comisión Interdepartamental de Igualdade como órgano colexiado e institucional de Galicia, conforme á disposición adicional sétima da Lei 11/2007, do 27 de xullo, así como o establecemento das súas funcións, réxime de funcionamento, composición e adscrición”.

No capítulo IV do citado Decreto régulase a súa natureza, adscrición, fins, funcións, composición e funcionamento.

O día 7 de marzo de 2013 constituíse a Comisión interdepartamental de Igualdade, presidida polo vicepresidente da Xunta de Galicia e integrada por todas as consellerías do Goberno galego.

Disposición Adicional Oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusións económicas da Lei

Os informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusións económicas da Lei que elaboran os diferentes departamentos da administración autonómica con competencias nalgún dos aspectos relacionados coa violencia de xénero atópanse integrados no presente informe.

Disposición Adicional Novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Modificación en vigor que dá cumprimento ao disposto no artigo 41 da Lei 11/2007: Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia (véxase páxina 135)

Disposición Adicional Décima: Dotación orzamentaria

Nos orzamentos anuais da Xunta de Galicia, presentados cada ano no Parlamento, figuran todas e cada unha das partidas destinadas ao desenvolvemento das medidas recollidas na Lei.

Disposición Derrogatoria

Se derrogan cantas disposicións contradigan lo disposto na Lei, así como os artigos 19 e 20 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Disposicións Derradeiras

Facultades da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento da Lei e entrada en vigor.

